


PRÓLOGO CARLOS BALIÑAS FERNÁNDEZ
TRADUCIÓN TERESA AMADO RODRÍGUEZ



PLATÓN
TEETETO, OU DO
COÑECEMENTO

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
FUNDACIÓN BBVA

TEETETO,
OU DO COÑECIMENTO

CLÁSICOS DO
PENSAMENTO UNIVERSAL

NÚM. 10

Colección dirixida por

DARÍO VILLANUEVA

Comité Científico

CARLOS BALIÑAS FERNÁNDEZ

Facultade de Filosofía

LUIS CONCHEIRO CARRO

Facultade de Medicina

RAMÓN MÁIZ SUÁREZ

Facultade de Ciencias Políticas

ANTÓN SANTAMARINA FERNÁNDEZ

Facultade de Filoloxía

JOSÉ SORDO RODRÍGUEZ

Facultade de Farmacia

PRÓLOGO CARLOS BALIÑAS FERNÁNDEZ
TRADUCCIÓN TERESA AMADO RODRÍGUEZ

PLATÓN
TEETETO,
OU DO COÑECEMENTO

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
FUNDACIÓN BBVA



Esta obra atópase baixo unha licenza internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Calquera forma de reprodución, distribución, comunicación pública ou transformación desta obra non incluída na licenza Creative Commons BY-NC-ND 4.0 só pode ser realizada coa autorización expresa dos titulares, salvo excepción prevista pola lei. Pode acceder Vde. ao texto completo da licenza nesta ligazón: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.gl>

Esta obra se encuentra bajo una licencia internacional Creative Commons BY-NC-ND 4.0. Cualquier forma de reproducción, distribución, comunicación pública o transformación de esta obra no incluida en la licencia Creative Commons BY-NC-ND 4.0 solo puede ser realizada con la autorización expresa de los titulares, salvo excepción prevista por la ley. Puede Vd. acceder al texto completo de la licencia en este enlace: <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/deed.es>

This work is licensed under a Creative Commons BY NC ND 4.0 international license. Any form of reproduction, distribution, public communication or transformation of this work not included under the Creative Commons BY-NC-ND 4.0 license can only be carried out with the express authorization of the proprietors, save where otherwise provided by the law. You can access the full text of the license at <https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/4.0/legalcode>

© DA PRESENTE EDICIÓN
Universidade de Santiago de Compostela, 2008
Fundación BBVA, 2008

DESEÑO DA COLECCIÓN
Barro, Salgado, Santana [Grupo Revisión Deseño]

MAQUETACIÓN
Imprenta Universitaria

EDICIÓN TÉCNICA
Servizo de Publicacións e Intercambio Científico
Campus universitario sur
15782 Santiago de Compostela
www.usc.es/publ

DOI: <https://dx.doi.org/10.15304/pu.2022.26>

ÍNDICE

| | |
|----|--|
| 9 | PRÓLOGO Carlos Baliñas Fernández |
| 9 | Vida |
| 10 | A «cuestión platónica» |
| 11 | O nuclear platónico |
| 12 | Contra tópicos inexactos |
| 14 | Os diálogos |
| 15 | O diálogo, xénero literario |
| 16 | O herdo de Platón |
| 16 | O <i>Teeteto</i> |
| 19 | Concepto platónico da filosofía |
| 23 | A presente tradución |
| 24 | Bibliografía escolmada |
| 25 | TEETETO, OU DO CONECAMENTO Tradución de Teresa Amado Rodríguez |
| 27 | Nota da tradutora |

PRÓLOGO

CARLOS BALINAS FERNÁNDEZ

Cando lemos a Platón estamos lendo os textos onde Occidente aprendeu a pensar razoadamente en «discurso». El foi o primeiro e deixou o modelo. Dos antergos, os chamados presocráticos, non nos chegaron máis ca fragmentos, pero polo xeito destes parece que eran máis ben «sabios» (*sophoi*) que proclaman verdades intuitivas, dogmáticas, ca «filó-sofos», ou sexa buscadores de saber, «preguntantes», investigadores (*zētōûntes*), segundo lles chamou Xenófanes¹. Poida que algúns deses *dicta* fosen en orixe aforismos soltos. Outros son fragmentos de poemas sapienciais encol da natureza (*Peri phýseōs*), se cadra polo estilo do poema *De rerum natura*, do romano Lucrecio que os imitou. En todo caso, tal como chegaron a nós, pertencen a ese subxénero literario que Dióxenes Laercio chamou *dógmata* (opinións). Nos diálogos de Platón, en troques, debátense temas e cada dialogante razoa e argumenta as súas teses. Con el xorde non a filosofía, pero si a filosofía técnica razoada sobre non importa que asunto. Por iso tantos libros, desde entón, gábanse de levar como lema unha cita de Platón.

Vida

Nado o ano 428 ou 423 a. C. en Atenas (segundo outros en Exina) de familia aristocrática, viviu de neno as convulsións da Guerra do Peloponeso que comezara pouco antes (431). A tradición quere que inicialmente cultivase a poesía e que tivese queimado as súas traxedias cando Sócrates lle descubriu a filosofía. Desde logo atoparse con Sócrates, cando el andaba polos vinte

¹ «Os deuses non revelaron todas as cousas desde o principio aos homes, senon que éstos, investigando (*thetountes*), chegan co tempo a atopalas». Fragn. 191. Kirk-Raven. *Los filósofos presocráticos* (Madrid, Gredos, 1981, páx. 256).

anos, foi o acontecemento máis venturoso da súa vida, tal como a condena a morte do seu mestre o máis tristeiro. Desaparecido o mestre, os seus discípulos dispersáronse e Platón foi dar a Mégara, onde outro discípulo chamado Euclides, un «socrático menor» con quen máis adiante polemizaría. De regreso a Atenas contra o ano 396 debeu de redactar axiña a *Apoloxía de Sócrates* e seguidamente os diálogos aporéticos do chamado período socrático. Desde aquel intre o fillo espiritual convértese en pai literario. Sócrates-personaxe de Platón é presentado como o modelo no pensar e no obrar. Como el manterá unha polémica interminable cos sofistas. De crer a súa carta VII, teríase adicado á teoría política para organizar un tipo de Estado no que fose imposible que unha persoa como Sócrates puidese ser condenada. Chamado a Siracusa polo seu amigo Dión, estivo alí en tres períodos sen que chegase a impoñer as súas ideas políticas. Na derradeira viaxe foi vendido por escravo. Tense dito que fixo teoría política por non poder facer praxe política.

A vida de Platón, que se mantivo solteiro, correspóndese cun período da historia grega no que se relacionou o cultivo cultural-espiritual co amor homosexual (lémbrense pasaxes do *Lysis*, *Cármides* e *Banquete*)

En 397 fundara a Academia, a institución docente que ten tido unha máis longa vida histórica (duraría deica o século VI d. C.) e que perpetuou un nome aínda hoxe en uso. Platón morreu en Atenas o ano 347.

A «cuestión platónica»

Sobre suxerencias do seu discípulo Aristóteles (*Physica* IV, 209 b), tense dito que os diálogos son escritos *exotéricos*, para un público amplo, mentres que as súas opinións persoais ficaban reservadas para o ensino *esotérico* na Academia (*ágrapha dógmata*, opinións non escritas) e eran máis pitagorizantes.

O caso é que o *corpus platonicum* transmitido pola Antigüidade despois da peneira feita polos eruditos alexandrinos consta de

36 títulos que comprenden a Apoloxía de Sócrates, 34 diálogos e 13 cartas agrupadas como se fora unha soa obra. Deles algúns son claramente espurios e por tales se dan nas edicións de obras completas. A crítica moderna concentra as dúbidas sobre o *Epítomis* e as *Cartas*, das que só se ten por auténtica xeralmente a carta VII. Tense chegado a propoñer (Zürcher) que todo o *corpus* fose da autoría e ordenación de Polemón, terceiro *escolarca* da Academia.

Canto á cronoloxía, o erudito polaco Lutoslawsky (1856), aplicando un método estilométrico –segundo particularidades estilísticas (*estilemas*)– chegou a fixar 500 estilemas con diverso coeficiente de seguranza conforme o número de repeticións. Dado que, por outras fontes, se coñece a data de composición do diálogo *As leis*, estableceu catro grupos de diálogos correlativos. O primeiro escrito sería a *Apoloxía* e o derradeiro as *Leis*. Os centrais serían *Banquete*, *Fedón* e *República*, nos que está o que se pode denominar «o nuclear platónico». Seguirían diálogos de crítica desas doutrinas (*Parménides*, *Teeteto*) compostos entre os anos 374 e 366. En clave biolóxica, fálase de diálogos de mocidade, de madurez, de crise da teoría das ideas e de vellez.

O nuclear platónico

O perigo da cirurxía dos filólogos eruditos está en esfrangullaren tanto unha unidade que non sexa despois posible recuperar o sentido unitario. Non é tocando moito a rosa cómo se comprende o seu engado.

A pesar de tanta «cuestión platónica», cómpre recoñecer que se reiteran os mesmos temas e permanece o mesmo horizonte mental. A teoría das ideas coa conseguinte dualidade de mundos (o mundo do corruptible e o mundo das ideas «puras e benaventuradas») ten sido a tradición da Academia e o que proporcionou fecundidade histórica ao «platonismo». Mesmo a súa doutrina do Estado remanece dese «nuclear platónico». O resto

pódese interpretar en función desa teoría como aplicacións, variantes, discordancias, dúbidas, continuacións e polémicas

Mais, dado o nivel de detalle con que a desenvolveu e debateu, tentar expoñer esa teoría se non se dispón dun espazo abondoso sería asasinala ². Ademais tampouco entra literalmente no diálogo que aquí comentamos

Contra tópicos inexactos

Igual que sucede con outros autores moi estudados, tamén Platón está inzado de tópicos que se repiten de libro en libro, sendo así que unha lectura coidadosa non os atopa no texto.

1. Con frecuencia a doutrina das Ideas é presentada como se a dualidade fose entre o abstracto Xustiza e os actos concretos, entre a Beleza e as cousas belas, etcétera. Isto vale en Aristóteles, pero non en Platón. En Platón a dualidade é entre «o xusto» ideal (en neutro) e as cousas e actos xustos deficientes de xustiza, entre «o belo» ideal e as cousas fermosas deficientes de fermosura. Por iso, a relación entre os dous mundos en Aristóteles é de abstracto/concreto singular. En cambio, en Platón é de participación (*méthexis*), imitación (*mímēsis*), comunidade (*koinōnía*). O corruptible limitado non ten entidade nin sentido de seu, senón por referencia ao ideal, en canto carencia e deber de acadar o ideal.

2. Na *República*, Platón presenta unha simetría entre tres almas, tres sedes corpóreas e tres virtudes conforme este esquema

| | | |
|-------------------------------------|--------|----------------------------------|
| Espírito (<i>Lógos, Noús</i>) | cabeza | Prudencia (<i>phrónēsis</i>). |
| Ánimo (<i>Thumós</i>) | peito | Fortaleza (<i>andreía</i>) |
| Concupiscencia (<i>Epithymía</i>) | ventre | Temperanza (<i>sōphrosýne</i>) |

² O esencial pode verse na entrada *Platón* da *Gran Enciclopedia Rialp* (GER), da miña autoría.

Presenta tamén unha correspondencia ou paralelismo entre individuo e Estado conforme este diagrama:

| | | |
|-----------|---|-----------|
| Goberno | Filósofos | Prudencia |
| Defensa | Militares | Fortaleza |
| Produción | Clase produtora (<i>chrematistikòn génos</i>) | (...) |

O tópico enche o oco entre parénteses coa virtude da temperanza. Pero o texto non a menciona e compréndese que así sexa. Por suposto, os individuos da clase produtora deben practicar a virtude da moderación, pero sendo a virtude potenciación dunha facultade, se a tal estamento lle correspondese unha virtude específica sería a da laboriosidade.

3. Repítese que, para Platón (*República*, libro X), toda arte é imitación de imitación (*miméseōs mímēsis*) conforme o exemplo que presenta do debuxo dunha cama que, pola súa banda, imita a idea ‘cama’. O texto non se refire a toda arte, senón á pintura imitativa de obxectos artificiais (unha cama). As obxeccións contra a arte plástica terían que ver cun tipo de pintura «impresionista» que daquela estaba moi en voga e a Platón non lle chistaba³. Tampouco condena toda literatura, senón soamente a literatura imitativa en directo (teatro, epopea en parte). A narración (estilo indirecto) vén excluída expresamente da condena (595, 605). Pero, se a miña lectura vale, tamén quedaría excluída a novela, a lírica, etc.

A condena da poesía baséase en dúas razóns. A primeira é que o poeta do tipo de Homero trata temas dos que non ten coñecementos específicos (así, Homero opina de medicina, historia, teoloxía, etcétera). A segunda, que, como a boa conduta moral non é atractiva literariamente, o escritor prefire presentar a conduta irritable, que leva ao público a imitala no seu propio comportamento (*República* 605 a-b). Por iso expulsa a Homero

³ P.M. Schuhl: *Platon et l'art de son temps* (Paris, 1934. Reedición en PUF).

da súa república ideal, non sen antes coralo. No fondo da condena está o argumento de que, se a Filosofía pretendía ser a guía da sociedade, tiña que desbancar a Homero e máis a traxedia.

Os diálogos

Aos diálogos poderíaselles aplicar a expresión do Padre Feixoo: *batidero de ideas*. Neles, Platón non expón un sistema, senón que discute ocasionalmente temas soltos. Son, polo de pronto, unha crónica da vida intelectual ateniense daquel período. Coa excepción de Demócrito, lixeiramente máis vello, nos diálogos resoa todo o pensamento grego anterior e contemporáneo. Non cita nominalmente a ningún personaxe que vivise na data de composición do diálogo (caso de Demócrito). Se Sócrates está presente entre as *dramatis personae*, el é o voceiro de Platón.

Como xénero literario, os diálogos tampouco se prestaban a expoñer un sistema, senón máis ben a manifestar o filosofar en marcha. Non rematan en conclusións e algúns discuten teorías doutros anteriores. Ningún está concibido como unha monografía completa nin fixa as relacións cos demais, malia algúns criticaren doutrinas anteriores que, sen embargo, repiten noutros posteriores.

Non ha estrañar, polo tanto, que se teñan feito preguntas que non se fan de ningún outro filósofo. «A filosofía de Platón é a suma do discurso de todos os interlocutores dos seus diálogos, a suma de todas as súas contradicións» (E. Lledó)⁴. «¿É que pretendía “formar máis ca informar”?» (V. Goldsmidt)? «¿É que non pretendía tanto presentar un contido doutrinal como presentar ao filósofo no intre dramaticamente fecundo do exame e da aporía» (W. Jaeger)?

⁴ Emilio Lledó ñigo: Introducción xeral á tradución dos *Diálogos*, da Editorial Gredos, tomo I, páx.11. Madrid, 2002. Excelente exposición global, interesante sobre todo para o aspecto lingüístico-literario.

O caso é que nos diálogos resoa todo o pensamento anterior tal como no posterior resoará sempre e ineludiblemente o de Platón.

O diálogo, xénero literario

Para ben entender o diálogo que aquí presentamos, cómpre pensar no que significa o *genus dicendi* que Platón inaugura. Como tantas veces se ten dito, a novidade dos Diálogos de Platón consiste en que, por primeira vez, preséntase a filosofía como filosofar, reflexión en marcha, exercicio de pensar en controversia.

Iso sufíncase en dous supostos non enunciados, pero sen os que non tería sentido tal tarefa. Primeiro, a verdade non está patente nin vén dada por oráculos: cómpre buscala. Segundo, esa verdade cómpre buscala en compañía, enunciando cada quen a súa opinión e discutindo as discrepancias ata chegar, no caso mellor, a concordar. Aínda que todo discurso provoca preguntas e trasacordos e sempre o lector entra en certo diálogo co autor («círculo hermenéutico», en expresión de Gadamer), fóra do xénero do diálogo o texto non vai respondendo ás demandas. En cambio, no diálogo non hai «autor» que revela, senón uns personaxes que conversan diante de nós, os lectores. A cousa non é moi distinta dunha representación teatral. O espectador dunha peza teatral aplaude ou renega da acción representada; o lector dun diálogo vén convidado e incitado a pensar por conta propia o «argumento». O autor dunha peza teatral non entra nas *dramatis personae*. Tampouco Platón se puxo a si mesmo de participante en ningún debate. Se lle atribuímos tal ou cal doutrina é por *persona interposita*, porque damos por suposto que un dos dialogantes (xeralmente Sócrates) é o seu voceiro. En primeira persoa, Platón non escribiu máis ca a Carta VII (no caso de ser auténtica). Polo devandito, non deixa de haber certa base para aqueles que opinan que Platón foi un simple escritor de pezas teatral-intelectuais, un dramaturgo de filosofía.

Un éxito tal había de ter imitadores e, efectivamente, ata o século XVIII, en que cae en desuso este *genus dicendi*, foron moitos os que escribiron diálogos. Lémbrese a Aristóteles, Cicerón, San Agustín, León Hebreo, Galileo, Berkeley... Un dos derradeiros debeu ser Leibniz, quen nos *Novos Ensaio*s puxo a dialogar a *Philolethe* e *Theófilo*. Descartes, despois de ter presentado a súa doutrina en textos *apofánticos* (por así dicir) repetiuna en diálogo⁵. Sen embargo, hai diferenza e distancia a respecto do devanceiro. Os dialogantes de Platón son persoas reais malia as veces anónimos («o ateniense»), non personaxes simbólicos. Tampouco o desenvolvemento dispón as preguntas en función da resposta que debe dar o personaxe voceiro do autor. Os debates teñen tanto *suspense* coma unha novela policíaca. Hainos que critican a outros sen que o autor nos diga «a qué carta quedarmos». Algúns rematan sen concluír: os chamados *aporéticos*.

O herdo de Platón

A nosa débeda con Platón, no caso de que fose pagadoira, sería incalculable. Creou a base do vocabulario filosófico aínda en uso. Foi o primeiro en formular unha chea de temas e sobre todos deixou suxerencias ineludibles. Levou ao cumio o diálogo como método heurístico e expositivo. Mesmo diálogos hoxe superados (*Timeo*, *Crátilo*) están na orixe da Física e da Lingüística respectivamente. Por máis que teña minguado a súa influencia desde o século XVIII para acá, o pensamento occidental artellouse a prol del ou en contra de el. Toda a filosofía occidental ten sido «un comentario a Platón» (Whitehead).

O *Teeteto*

Unha excelente mostra de diálogo platónico témola no *Teeteto*, que toma tal nome dun intelixente mozo morto prematuramente

⁵ *La recherche de la vérité par la lumière naturelle*, no que conversan Poliandro, Epistemón e Eudoxio.

e pertence ao grupo de diálogos escritos entre os anos 374 e 366.

A gran maioría dos especialistas están contestes en que, dentro do *corpus platonicum*, o *Teeteto* forma grupo co *Parménides*, o *Sofista* e o *Político*; un grupo que vén despois daqueloutro (*Fedón*, *Simposio*, *Fedro*, *República*) onde se expón a teoría das ideas (ou formas), considerada unanimemente o cerne do sistema. Neste grupo posterior, Platón tomaría distancia a respecto dese «nuclear platónico». Desde logo, no *Teeteto* non aparece mencionada, ou polo menos, non literalmente a devandita teoría.

A marcha do debate, ou sexa o «argumento» teatral, segue un guión ben nidio. Despois de propoñer a cuestión («qué é o coñecemento») discútese sucesivamente se o coñecemento é percepción, opinión ou opinión razoada para concluír que ningunha das tres cousas. «Xa que logo, Teeteto, o coñecemento non podería ser nin percepción nin opinión verdadeira nin explicación con opinión verdadeira» (210 b-c). O diálogo remata, pois, opaco, aporético, sen «poros», en *a-poría*. Da aporía precisamente é de onde, segundo Aristóteles (*Metafísica*), sae o discurso, pero aquí Sócrates non suxire ningunha saída cara a novas preguntas, senón que fecha o coloquio por onde comezou. Se no inicio se presentara a si mesmo como unha parteira que axuda a outros a pariren ideas, termina bromeando con que neste caso o parto non deu de si máis ca unha «criatura goroliza que non paga a pena alimentar» (210 b).

Diálogos así precisan e incitan a comentalos. Falando en xeral, hai dous tipos posibles de comentario: o que podemos cualificar de esexese e outro que podemos cualificar de hermenéutico. O eséxeta límitase a glosar a secuencia dos razoamentos, sen saír do texto máis ca ocasionalmente para algunha nota complementaria. Tanta e tan sutil esexese tense feito deste diálogo que sería ousadía intentar engadir aquí nada novo. Quen desexe ler o diálogo axudándose dun bo comentario esexético pode ver o libro xa clásico de F.M. Cornford *La teoría platónica*

del conocimiento, tradución (do inglés) con notas que van parafraseando o texto, caso de non se contentar coa introdución e as notas de cada tradutor⁶. Seguindo este camiño, chegaríase a unha *herméneusis* que intentase o ideal da hermenéutica do século XIX: «comprender ao autor mellor do que el se comprendeu a si mesmo», introducirse dentro da mentalidade e límites dun grego de remates do século v a.C.⁷

Ora ben, un texto pode ser lido como obra clausa ou como «obra aberta» e, se todo texto é «obra aberta» (Umberto Eco), un texto filosófico con máis motivo. Ben está concentrarse no «argumento», pero sen esquecer que tamén é lícito achegarse a el desde fóra e observar as referencias das que, se el non se decatou, outro virá que as descubra. Por varios motivos un texto filosófico non se esgota nos *dicta*. Primeiro, porque está tecido con palabras e imaxes que traen os seus propios compromisos. Segundo, porque a filosofía ten un horizonte que ultrapasa calquera límite de especialidade. Terceiro, porque desde que entra no comercio das ideas, do seu sentido plenario forman parte tamén os sentidos que os outros lle atoparon. Se nestas e noutras páxinas do fundador da Academia aprendeu Occidente a pensar razoadamente é lóxico que tamén se poida voltar ao texto desde fóra para entender mellor o que no texto platónico está *virtualiter*. Iso significa introducir referencias non explícitas no texto, reparar nas miudezas do vocabulario e facer conexións que non están na trama do «argumento», pero que se desprenden de palabras marcantes do seu vocabulario. Por moito control que teña de que os seus *dicta* se apeguen ao argumento, a todo emisor escápanlle conexións mentais particulares e, por outra banda, a linguaxe ten compromisos de seu. Reparar nisto é o propio do comentario hermenéutico que vou engadir: non quedarse no significado, atender tamén ao sentido.

⁶ O libro de Cornford está editado por Paidós (Barcelona, 1983). Manuel Balasch (Barcelona, Anthropos, 1990), A. Vallejo Campos (Platón, *Diálogos*, tomo V. Gredos. Madrid, 1988) e Serafín Vegas (Madrid, Biblioteca Nueva, 2003) son os tradutores máis recentes ao español. Esta que o lector ten nas mans é a primeira versión á nosa lingua.

⁷ Tal vén ser o ideal a que apunta Emilio Lledó no devandito escrito.

Compréndese que tradutores e eséxetas («especialistas») sospeiten dos comentarios libres: eles son, canda os editores, os anxos custodios do texto e así deber ser. Sen embargo, iso non debера ser impedimento para que cada quen lea un texto desde a súa propia época e ao servizo de preguntas que son de todo tempo.

Tratando dun autor tan estudado resulta ben difícil non repetir o xa dito por outros. Con mentes de contribuír con algo persoal a un texto e a un autor tan traballado, engadirei unha lectura que aplica principios expostos por min noutros lugares. Trátase de interpretar unhas cantas pasaxes desde o significado e resoancias dalgúns vocábulos gregos que poderíamos chamar *diacríticos* (caracterizadores ou diferenciais, tal como ocorre co acento diacrítico).

No diálogo veñen algunhas observacións salteadas que teñen relevancia. Os eséxetas déixanas pasar sen comentario porque non entran na liña do argumento, pero xuntándoas dan idea de cómo entendía Platón iso tan estraño que é a filosofía.

Concepto platónico da filosofía

1. ¿De onde xorde iso da filosofía? «Este sentimento de admiración (*thaumázein*) é o característico (*páthos*) do filósofo. Este e non outro é o principio da filosofía», lese en 155 d, entendendo a palabra *filosofía* nunha acepción ampla. A sentenza tería fortuna e sería repetida por séculos. O sorprendente —para nós— é que deseguida poña en relación tal admiración coa que nos suscita o arco iris, porque segundo a mitoloxía Iris era filla de Thaumante e *thaûma* significa *marabilla* (como en *taumaturgo* e *taumatúrxico*). Non importa que a etimoloxía non fose correcta; o que importa son as asociacións de ideas. Polo que se ve, o campo discursivo dun filósofo grego está máis aberto ca o noso no seu reparto de especialidades. Hoxe non se ve ben que un filósofo introduza no discurso referencias mito-

lógicas. Pero máis importa outro punto polo contraste implícito con outros enfoques.

Oriente tivo *sophía*, pero non *philosophía* e a causa pode ter relación con isto. O filósofo é alguén que vai pola vida admirándose, pero non cun tipo de admiración que abraia, senón cunha admiración que esguiza a curiosidade investigadora (cantos desde entón ían dar sentido á súa vida como investigadores!). En troques, para a Biblia, o temor de Deus é o primeiro. *Initium sapientiae, timor Domini*, e o temor convida a escoitar, non a investigar. Sabedoría oriental *versus* filosofía. A fórmula que pode concordar ambas actitudes sería comprender o que se pode comprender e venerar o que xa non se pode comprender (Goethe).

2. Sócrates non investiga reflexionando en solitario, «para si mesmo», como o emperador Marco Aurelio. El interroga a outros. *Maiéutica* é —para nós, persoas cultas— o método de filosofar de Sócrates, pero resulta que na lingua grega era, antes da metáfora, a arte das parteiras que axudan a que exista vida sen elas daren vida, arte que o propio Sócrates compara coa do agricultor (149 e). Se para nós maiéutica chegou a significar un método de pensar débese a ter comparado Sócrates a súa función coa da súa propia nai Fenarete, parteira de profesión:

O deus obrígame a partear, pero impídeme procrear. Polo tanto eu non son sabido en nada nin teño ningún descubrimento que nacera enxendrado pola miña alma. Os que están ao meu carón, algúns deles, ao primeiro parecen moi ignorantes, pero cando progresa a relación, todos aqueles aos que o deus llo permite acadan melloras abraiantes, segundo o seu parecer e o dos demais. Está claro que eles non aprenden absolutamente nada de min, senón que son eles mesmos os que descubren e paren por eles moitas cousas fermosas (150 c-d).

Desa experiencia extraerían os antigos a idea dunha Mente Universal (*Intellectus Agens*, Mestre Interior) da que todos participamos, que en linguaxe relixioso é Deus.

Outros lugares completan o método. Sócrates entende o seu labor como invitar ao coidado da alma (*epiméleia tês psychês*), pero co amor (*Eros*) de por medio. Busca atopar mozos dotados de *esprit* nos que cultivar esa condición. «Miña nai e máis eu recibimos esta arte de partear da divindade, ela exercea coas mulleres e eu cos mozos de carácter nobre e posuidores de beleza». Por suposto, para enxendrar nel «fermosos discursos» (*Simposio*). O mozo buscará o mestre pola súa sabenza; o mestre busca o mozo pola súa beleza de espírito⁸. Tal é o caso de Teeteto, o mozo co que esta vez conversa Sócrates.

3. ¿Cómo debe ser (cómo é *idealiter*) o «corifeo» ou director do coro dos filósofos, o filósofo-modelo? ¿Que vida leva?

O diálogo introduce en determinado intre un treito (173-177 c-d) que, cando remata, o propio Sócrates recoñece que foi unha digresión. «Deixemos logo estas cousas, pois son de certo comentarios accesorios (*párenga*) e volvamos ao de antes» (177 c-d). Como era de esperar, tal digresión non chista aos autores de comentarios esexéticos porque interrompe a liña argumental, e pásana por alto⁹. Sen embargo, se vén no texto, por algo será. En todo caso, son unhas páxinas relevantes na historia da filosofía porque dan a primeira descrición do filósofo *versus* o seu entorno social.

Dado que se pon en boca de Sócrates, é razoable pensar que Platón estivese facendo nesta etopea do filósofo o retrato do seu mestre. O filósofo, Sócrates, é home libre (*eleútheros*) porque menospreza o Poder («nada saben nin oen acerca das leis»), o Pracer («os banquetes») e a Riqueza (carga-herdo dos antepasados). En troques, «sabe levar o manto» (levar o manto era o símbolo do orador) e producir *lógoi*. É que unicamente co corpo

⁸ P. Landsberg: *La Academia platónica*. Madrid, 1926.

⁹ Nin Guthrie (*Historia de la filosofía griega*, V. Madrid, Edit. Gredos), ni Crombie (*Análisis de las doctrinas de Platón*. Madrid, Alianza Editorial), nin os tradutores que coñezo se deteñen a comentar a famosa digresión nin o paralelo entre Sócrates e Tales.

está na Cidade; o seu pensamento (*diánoia*) non se deixa atraer polo mesquiño e baldeiro, senón que emprende o voo cara ao ceo e os abismos (¿substituto da Teoría das Ideas?). Aí temos a filosofía como *bíos theōrētikós*, vida contemplativa.

4. *O fracaso social.* O autor introduce neste punto unha comparación entre o filósofo e Tales de Mileto, o astrónomo que por mirar ao ceo caía nos pozos para diversión da «muller tracia». Tales caía nos pozos; Sócrates foxe da caverna. Aquí entra unha das grandes iconas universais ou, como prefiro eu dicir, *primordios*, primeiras ordenacións de sentido¹⁰. No vocabulario da imaxinación *pozo*, *caverna* son iconas sinónimas de lugar baixo, sombrío, pechado, mesquiño. Tal é o lugar natural dos *hoi polloí*, o *ignobile vulgus*, os cativos do Poder, o Pracer e a Riqueza.

Da risa da muller tracia á traxedia. O vulgo non perdoa ao *áristos* que se erga e deixe o baixo en busca da luz e máis do ar libre. O diálogo remata citándose Sócrates e Teeteto para o día seguinte, porque, segundo di Sócrates, «agora téñome que presentar no Pórtico do Rei polo da acusación que presentou Meleto contra min»(210 d). Pouco antes dixerá: «Cando (o filósofo) se ve na obriga de falar nun tribunal ou en calquera outro lugar das cousas que ten aos pes e diante dos ollos, préstase á risa non só das tracias, senón mesmo do pobo enteiro, por inexperiencia cae nos foxos e na confusión total e a súa terrible torpeza faino parecer necio» (174 c). ¿Non estará aludindo Platón, consciente ou inconscientemente, á traxedia de Sócrates? Por necio tivo a Sócrates o tribunal popular que o xulgaba (os *hoi polloí*) cando el, no canto de se defender das acusacións, pediu ironicamente que lle concederan un posto no Pritaneo. Nos sabemos o final, o «desenlace» (por dicilo en termos teatrais) e sabemos tamén (Carta VII) que iso de que o mellor dos homes terminase beben-

¹⁰ Desenvolvin esta lectura no artigo «El pozo de Tales y la caverna de Platón», no volume *Forme e linguaggi della filosofia. Scritti per Filippo Costa*.(Palermo, Università degli studi. 1999), pp.35-62. Sobre a metáfora da caverna, que é complementaria, pode verse o meu artigo "Relectura icónica do Mito da Caverna". En VV.AA.: *En torno a Aristóteles. Homenaje al Prof. Pierre Aubenque*. Universidad de Santiago de Compostela, 1998, pp.385-401

do a cicuta foi o escándalo que decidiu a Platón a emprender a súa tarefa de filósofo social e idear un tipo de sociedade na que, ao revés, gobernase o “filósofo rei”.

A presente tradución

Do diálogo hai varias traducións á lingua castelá. Con esta tradución do *Teeteto* de María Teresa Amado Rodríguez, profesora da Universidade de Santiago, dispomos doutro diálogo platónico máis en lingua galega. Cando un texto se traduce a lingua nova revive. Por obrigas do oficio académico ou por esixencia do meu propio traballo, sempre tiven as Obras Completas de Platón ao alcance da man: en traducións (para unha lectura directa non dan os meus coñecementos da lingua grega), pero co texto grego a carón para verificar a tradución dunha pasaxe e comprobar cal era a palabra grega orixinal. De tan «castigado» (segundo dicían os clásicos), o discurso xa se me volvera materia erudita opaca. As ideas deixaban en sombra o «literario». Ao reler agora o *Teeteto* na fermosa tradución da profesora Amado Rodríguez, reviviu para min o moito que hai no diálogo de literario (matices, ironías, etc). Así o sentirían os contemporáneos do autor, porque a lingua en que viñan postas tantas e tantas sutilezas era a súa lingua coloquial de cotío. O contido argumental é o mesmo en calquera lingua, pero agora reparaba en matices expresivos dos que non me decatara. A tradutora non sómente traduce con exactitude, senón que enriba faino a un galego enxebre e vivo.

Traducindo un clásico a lingua nova, ambos gañan. A lingua nova benefíciase dos matices expresivos do clásico e o texto deste dos recursos expresivos daquela. É o meu desexo que o lector atope tanto pracer coma min oíndo a Sócrates e aos seus contertulios discutir en galego sobre qué é iso de coñecer, qué é iso da filosofía e tantas outras cousas.

Non quixera rematar este limiar sen recoñecer a paciencia e máis o bo labor de dona Marisa Melón e máis de don Juan L. Blanco Valdés, responsables da edición técnica.

Bibliografía escolmada

Edicións da obra completa. Texto grego: J. Burnet (Oxford, 6 vols). Texto grego e tradución francesa: Les Belles Lettres, col. Bude (París). Tradución española: Editorial Gredos (Madrid, 2002).

Á parte das exposicións concisas das historias da filosofía (especialmente interesantes as de Hirschberger e Fraile), aí vai unha escolma de monografías coas que cubrir os puntos máis importantes do panorama:

I.M. Crombie: *Análisis de las doctrinas de Platón* (Madrid, Alianza Editorial, 2 vols., 1990).

W.K.C. Guthrie: *Historia de la filosofía griega*, vol. 5 (Madrid, Edit. Gredos, 1992).

V. Goldsmidt: *Les dialogues de Platon* (París, 1947).

L. Robin: *La theorie platonicienne de l'amour* (París, 1933)

P-M. Schuhl: *Platon et l'art de son temps* (París, 1934).

E. Lledó: «Introdución» á tradución española da Editorial Gredos.

W. Jaeger: *Paideia: los ideales de la cultura griega* (11ª ed., Madrid Fondo de la Cultura Económica de España, 1990).

Unha introdución xeral: Koyré: *Introducción a la lectura de Platón* (Madrid, Alianza Editorial).

Para unha bibliografía específica sobre *Teeteto* véxanse as notas 5, 8 e 9.

TEETETO,
OU DO COÑECEMENTO


NOTA DA TRADUTORA

Teeteto é unha referencia imprescindible para comprender toda a filosofía platónica, o que xustifica dabondo a súa presenza nesta colección. Cando se me confiou a súa tradución sabía que me estaba a enfrontar cun labor nada doado. A primeira dificultade estaba en atinar co rexistro lingüístico que reflectise unha conversa entre homes cultos, na que pasaxes de alta complexidade estilística e conceptual alternan con partes nas que o ton se achega ao popular, sen perder a elegancia característica da lingua platónica. Na nosa tradución intentamos respectar, na medida do posible, estas variacións do orixinal que poden estrañar a un lector pouco familiarizado co texto grego. Hai partes do razoamento nas que a fondura do contido reflíctese no retorcemento sintáctico de longas secuencias que dificultan a lectura e a comprensión. Nestes casos un tradutor debe seguir de preto o orixinal e non achanzar as dificultades pola vía dunha simplificación que faría traizón ao texto. Ese foi o noso proceder. Outro problema estaba na escolla dos termos galegos para determinadas palabras gregas. O máis problemático foi decidir o que ía servir de subtítulo á obra. Nas máis das traducións o grego ἐπιστήμη aparece traducido como *ciencia* no título, aínda que no texto esta palabra alterne con *coñecemento*. Nós optamos por *coñecemento*, porque *ciencia* ten para o lector moderno outras connotacións e porque así podemos xogar co emprego de formas da mesma familia como *coñecer*, tal como fai Platón. Na resolución desta e doutras moitas cuestións de léxico débolle moito ao Dr. Antón Santamarina, a quen acudín para consultar as miñas dúbidas de vocabulario e do que recibín moito máis do que nunca me atrevería a solicitar de ninguén, pois leu con todo rigor o meu traballo, achegando suxerencias e comentarios de enorme valor, polo que quero deixar aquí constancia do meu agradecemento pola súa enorme xenerosidade.

Teeteto non é un diálogo doado de ler pola propia complexidade do tema que trata. Son moitos os lugares do texto que darían pé a unha produtiva discusión epistemolóxica e que mesmo poderían servir de alicerce para longas notas explicativas de corte filosófico, que, non obstante, pouco axudarían aos absolutamente profanos e non abondarían aos expertos. Por iso optamos por non entrar en campo alleo e limitámonos a ilustrar en notas no pé as cuestións imprescindibles para situar o texto, así como a facer algúns matices de léxico que a tradución non pode reflectir.

Para a nosa tradución seguimos o texto do *Thesaurus Linguae Graecae* da Universidade de California. Trátase da edición de J. Burnet, *Platonis opera*, vol. 1. Oxford: Clarendon Press, 1900 (reimpr. 1967).

Non podo rematar esta nota sen mencionar ao Dr. J.J. Moralejo, tradutor da *Política* de Aristóteles nesta mesma colección. El recibiu a proposta de facerse cargo tamén de Platón, pero declinou a invitación e propuxo o meu nome para este labor que agora ve a luz. A miña gratitude tamén para el.



Platón

Euclides, Terpsión¹

(142 a) **Euclides**- Hai pouco que voltaches do campo, Terpsión, ou hai xa moito?

Terpsión- Hai un bo anaco. E, precisamente, andaba na túa procura pola ágora e estrañábame de non ser quen de te atopar.

Euclides- É que non estaba na cidade.

Terpsión- E logo onde andabas?

Euclides- Cando baixaba cara ao porto batín con Teeteto², que o levaban para Atenas desde o campamento de Corinto³.

Terpsión- Vivo ou morto?

(142 b) **Euclides**- Vivo pero nas últimas, pois está agonizando por culpa dunhas feridas e, o que aínda é peor, pillouno o andazo que afecta ao exército.

Terpsión- A disentería, seica?

Euclides- Si.

Terpsión- Que gran home ese que dis que está en perigo!

Euclides- Dunha peza, Terpsión. Aínda hai un anaco sentía eu a uns que moito o loaban pola súa actuación na batalla.

Terpsión- Non ten nada de raro; moito máis sorprendente sería (142 c) que non fose así. Pero como non ficou aquí en Mégara?

Euclides- Devecía por chegar á casa. Eu mesmo llo pedín e aconsellei, pero non quixo. Daquela acompañeino e, ao vir de volta, lembrei con admiración os vaticinios que fixera Sócrates del, como doutras tantas cousas. Teño para min que foi pouco

¹ Amigos megarenses de Sócrates, que estiveron presentes no momento da súa morte, segundo conta Platón no *Fedón* 59c. Euclides é o filósofo fundador da escola filosófica de Mégara. De Terpsión non sabemos nada.

² Un dos mellores matemáticos atenienses do século IV a.C. Discípulo de Teodoro de Cirene, estudou os números irracionais e as magnitudes inconmensurables e sentou os fundamentos teóricos da construción dos poliedros regulares. As súas achegas son a base sobre a que se asenta parte da xeometría euclidiana.

³ A mención da batalla de Corinto, na que Teeteto cae ferido e morre, dános o termo *post quem* para a datación do diálogo. Aínda que houbo dúas, unha no 394 a.C. e outra no 369 a.C., hoxe acéptase unanimemente que se trata da segunda batalla. A razón principal é que no ano 399 a.C., cando ten lugar a conversa que se vai reproducir a continuación, Teeteto é aínda un mozoño, como se nos di máis adiante en 142c, mentres que no momento da súa morte está xa na madurez da vida.

antes da súa morte cando deu con el, que era un mociño, e ao tratalo e conversaren quedou moi admirado do seu natural. Cando eu fun a Atenas, referiume polo miúdo o debate (142 d) que mantivera con el, e abofé que era digno de escoitar, e dixo que por forza sería afamado, se chegaba á madureza.

Terpsión- Pois, polo visto, dixo a verdade. Pero que conversa foi esa? Serías quen de ma contar?

Euclides- Non, por Zeus, así de memoria non. (143 a) Pero, no ben cheguei á casa, escribín decontado os meus recordos, e despois, nos momentos de lecer, escribía o que me viña á memoria e, cada vez que ía a Atenas, preguntáballe a Sócrates o que non recordaba e, de volta aquí, facía as correccións, de xeito tal que teño escrita a conversa case enteira.

Terpsión- Certo. Xa cho escoitara antes e, aínda que sempre tiña idea de che pedir que ma amosases, adieino ata hoxe. Pero que atranco temos nós para repasármola agora? Desde logo eu, como veño do campo, preciso descansar.

(143 b) **Euclides-** Pois tamén eu acompañei a Teeteto ata Erineo, así que de boa gana descansaría. Imos logo e, mentres descansamos, o meu escravo lerá.

Terpsión- Aí falaches.

Euclides- Velaquí o libro, Terpsión. Escribín a conversa non con Sócrates contándome o que me contou, senón dialogando cos que dixo que dialogara: Teodoro o xeómetra⁴ e Teeteto, dixo el. (143 c) Para que non se fixesen pesadas no meu escrito as fórmulas do medio do diálogo, cando Sócrates se refería a si mesmo, coma tal ‘e eu afirmei’ ou ‘e eu dixen’, ou ao seu interlocutor, coma por exemplo ‘asentiu’ ou ‘non estivo de acordo’, por iso escribín o diálogo tal como se desenvolveu entre eles, eliminando esas fórmulas⁵.

⁴ Matemático de Cirene, mestre de Teeteto e posiblemente tamén de Platón.

⁵ Nos diálogos de Platón, unhas veces asistimos en directo a unha conversa, coma se estivésenos nunha representación dramática, pero outras un interlocutor narra a alguén un diálogo sostido previamente. Nestes casos, precisa introducir fórmulas para indicar quen fala ou quen responde, coa conseguinte incomodidade pola continua repetición de retrousos. Aquí Platón toma conciencia do problema e converte unha narración nun diálogo directo.

Terpsión- Non hai inconveniente, Euclides.

Euclides- Daquela, escravo, colle o libro e le.

Sócrates, Teodoro, Teeteto

(143 d) **Sócrates-** Se tivese máis interese polas cousas de Cirene, Teodoro, preguntaría che polos asuntos e polas persoas de alí, e se algún dos seus mozos se dedica á xeometría ou a calquera outra disciplina filosófica. Pero arestora téño-lles menos querenza a eles ca ós de aquí e quero mellor saber cales dos nosos mozos teñen probabilidades de chegaren a ser ilustres. Isto é o que eu ando a investigar, no que podoo, e pregunto a outros cos que vexo que os mozos procuran xuntarse. A ti non son poucos os que se che achegan, e con toda xustiza, (143 e) pois telo merecido, entre outras cousas pola túa xeometría. Así é que se deches con algún digno de mención, para min sería un pracer saber del.

Teodoro- De seguro, Sócrates, paga a pena que eu che conte e que ti escoites a condición dun rapaciño da vosa cidade co que me atopei. Se fose garrido, tería unha certa aquela de falar tan afervoadamente, por se calquera pensa que devezo por el. Pero –e non te me alporices– non é garrido, imítate a ti no nariz nafrado e nos ollos bugallentos, aínda que ten estes trazos menos recalcados ca ti. Por iso falo sen reparo. (144 a) Ten por seguro que entre aqueles cos que me relacionei algunha vez –e tratei con moitísimos– nunca coñecín a ninguén de natural tan admirable. Aprendedizo como dificilmente haberá outro, que destaque por ser moi meiguicento e que ademais sexa destemido coma o que máis, nunca pensei que puidese darse nin vexo que se dea. Pola contra, os agudos, espelidos e de boa memoria coma el son moi dados á carraxe, andan arrastrados á balroa coma barcos sen lastre (144 b) e teñen máis de arroutados que de valentes; e os máis equilibrados son preguiceiros para se enfrontaren ao estudo

e moi esquecedizos. Pero este, coa suavidade do aceite que escoa sen ruído, dedícase ao estudo e á investigación con tanta sinxeleza, seguridade e eficacia, que é admirable como leva a cabo estas cousas, sendo tan novo.

Sócrates- Dásme unha boa nova. E de quen vén sendo fillo?

Teodoro- Teño escoitado o seu nome, aínda que non o lembro. (144 c) Pero é o que está no medio deses que se achegan. Hai un anaco andaban a se unxiren, el e mais os seus compañeiros, na parte de fóra do estadio e agora parécese que remataron e veñen cara aquí. Mira a ver se o coñeces.

Sócrates- Coñezo; é o fillo de Eufronio de Sunio, sen dúbida un home talmente como ti describes a este, amiguiño; ademais foi moi reputado e tamén deixou gran fortuna, pero non sei o nome do rapaz.

(144 d) **Teodoro-** Teeteto é o seu nome, Sócrates. A súa fortuna creo que a malbarataron uns titores, pero con todo é admirablemente liberal cos cartos, Sócrates.

Sócrates- Un home nobre, polo que dis. Pídelle que sente aquí á miña beira.

Teodoro- Iso está feito. Teeteto, vén aquí onda Sócrates.

Sócrates- Claro que si, Teeteto, para que poida tamén eu observar como teño a cara, pois Teodoro di que a teño parecida á túa. (144 e) Agora ben, se cada un de nós tivese unha lira e el dixese que as dúas tiñan a mesma afinación, dariámoslle creto deseguida ou primeiro trataríamos de ver se fala con coñecemento da música?

Teeteto- Trataríamos de velo.

Sócrates- E non é certo que, se descubrimos que ten sentido musical, lle daríamos creto, e en caso de non o ter, non lle faríamos caso?

Teeteto- Certo.

Sócrates- Daquela, penso eu, se temos algún interese polo parecido das nosas caras, (145 a) hai que investigar se fala con coñecemento de pintura ou sen el.

Teeteto- Así mo parece a min.

Sócrates- Entón é pintor Teodoro?

Teeteto- Non, ata onde eu sei.

Sócrates- Non será xeómetra?

Teeteto- Desde logo que si, Sócrates.

Sócrates- Será tamén entendido en astronomía, cálculo, música e en todo o tocante á educación?

Teeteto- A min parécemo.

Sócrates- Daquela, se por gabanza ou por reproche di que fisicamente temos algún parecido, non paga a pena facerlle caso.

Teeteto- Se cadra non.

(145 b) **Sócrates-** E que pasaría se eloxiase a alma dun de nós pola súa excelencia e sabedoría? Non lle pagaría a pena, a aquel que o sentise, poñer coidado en examinar ao eloxiado e a este, pola súa parte, facer o esforzo de manifestar a súa condición?

Teeteto- Desde logo que si, Sócrates.

Sócrates- Daquela, querido Teeteto, é tempo de ti amosáreste e de eu examinarte. Que saibas que Teodoro, aínda que gabou ante min a moitos estranxeiros e cidadáns, nunca gabou a ninguén como a ti hai un pouco.

Teeteto- Estaría ben, Sócrates, (145 c) pero a ver se o dixo de broma.

Sócrates- Non é esa a condición de Teodoro. Así que non botes atrás o acordado coa escusa de que falaba en broma; que non se vexa el na obriga de declarar con xuramento, pois de calquera xeito ninguén o vai poñer en entredito. Ten afouteza e mantén o acordo.

Teeteto- Cómpre facelo así, se a ti che parece.

Sócrates- Dime logo, aprendes xeometría con Teodoro?

Teeteto- Claro que si.

(145 d) **Sócrates-** E tamén astronomía, harmonía e cálculo?

Teeteto- Esfórzome niso.

Sócrates- Tamén eu, rapaz, con el e máis con outros que estimo entendidos neses temas. Pero, así e todo, aínda que estou

bastante ben en tódalas restantes cousas, teño unha pequena dúbida que quero investigar contigo e máis con estes. Dime: aprender non é facerse máis sabio no que un aprende?

Teeteto- E como non?

Sócrates- Os sabios son sabios pola súa sabedoría, penso eu.

Teeteto- Si.

(145 e) **Sócrates-** E isto diferénciase en algo do coñecemento?

Teeteto- O que?

Sócrates- A sabedoría. Non somos sabios precisamente naquelas cousas que coñecemos?

Teeteto- E logo non?

Sócrates- Daquela o coñecemento e a sabedoría son a mesma cousa?

Teeteto- Si.

Sócrates- Pois isto é precisamente o que me ten confundido e non son quen de comprender dabondo por min mesmo qué vén sendo, a fin de contas, o coñecemento. (146 a) Poderemos definilo? Que dicides? Quen de nós vai falar de primeiro? O que se trabuca, e cada vez que un se trabuque, sentarase e será o burro, como din os nenos cando xogan á pelota. O que remate sen se trabucar será o noso rei e mandaranos contestar ao que el queira⁶. Por que calades? Seica a afección polo razoamento, Teodoro, me fai ser ríspido, ao teimar en dialogarmos e en que xurda amizade e acordo entre uns e outros?

(146 b) **Teodoro-** Iso de ningunha maneira podería ser rispidez, Sócrates; pero pídelles a algún destes mozos que che responda, pois eu non estou afeito a esta clase de diálogo e xa non teño idade para me afacer. Por contra, a eles isto iríalles ben e aproveitarían moito máis. De certo a xuventude tira

⁶ O historiador e gramático latino Suetonio, no capítulo segundo do seu libro *Sobre os xogos gregos*, describe distintas modalidades de xogos de pelota e recolle este texto de Platón como proba de que neles o perdedor era chamado burro e o vencedor rei. Este podía facer as preguntas que quixese, mentres que o asno tiña que responder e ademais facer todo canto se lle mandase.

proveito de todo. Así que non deixes a Teeteto e preguntalle, conforme comezaches a facelo.

Sócrates- Xa escoitas, Teeteto, o que di Teodoro (146 c) e non quereiras desobedecelo, penso eu, pois non é de lei que tocante a estas cousas un máis novo desobedeza as ordes dun sabio. Dime con exactitude e honradez: que pensas que é o coñecemento?

Teeteto- Cómpre que o faga, Sócrates, xa que vós o mandades. De tódolos xeitos, se en algo me trabuco, xa me corrixiredes.

Sócrates- Abofé que si, se podemos.

Teeteto- Pois ben, teño para min que todo o que se pode aprender de Teodoro son coñecementos, a xeometría e as disciplinas que ti enumerabas hai un pouco, (146 d) e tamén a arte do zapateiro e as dos demais artesáns, todas e cada unha delas non son outra cousa senón coñecemento.

Sócrates- Moi sincero e xeneroso, amiguiño, das moitas cousas e ademais variadas no canto dunha simple que se che pedía.

Teeteto- Que é o que queres dicir con iso, Sócrates?

Sócrates- Se cadra nada. Vouche dicir o que penso. Cando falas da arte do zapateiro refíreste a algo que non sexa o coñecemento da fabricación de zapatos?

Teeteto- Non.

(146 e) **Sócrates-** E cando falas de carpintaría, que? Refíreste a algo que non sexa o coñecemento da fabricación de obxectos de madeira?

Teeteto- De ningún modo.

Sócrates- Daquela non estarás a definir en ámbolos dous casos o obxecto de cadanseu coñecemento?

Teeteto- Si.

Sócrates- Pero o que se che preguntaba, Teeteto, non era iso, os obxectos do coñecemento ou cántos coñecementos hai.

Non preguntabamos coa idea de enumeralos, senón de saber qué é o coñecemento en si. Non falo ben?

Teeteto- Moi ben.

(147 a) **Sócrates-** Daquela considera tamén isto; se calquera nos pregunta por unha cousa común das que temos á man, coma tal, que é o barro, e nós contestásemos que hai o barro dos oleiros, o barro dos fabricantes de fornos e mais o barro dos telleiros, non fariamos o ridículo?

Teeteto- Se cadra si.

Sócrates- De certo que o fariamos, en primeiro lugar por pensarmos que o que pregunta comprende a nosa resposta (147 b) cando dicimos “barro” e engadimos “o dos fabricantes de bonecas” ou de calquera outro artesán. Ou pensas ti que alguén pode comprender o nome de algo, se non sabe o que é?

Teeteto- De ningunha maneira.

Sócrates- Daquela non comprende qué é o coñecemento do calzado o que non sabe qué é o coñecemento.

Teeteto- Pois non.

Sócrates- Nese caso, non comprende a arte do zapateiro nin ningunha outra arte o que ignora qué é o coñecemento.

Teeteto- Así é.

Sócrates- Logo é ridícula a resposta que lle damos ao que pregunta que é o coñecemento, cando lle respondemos o nome dunha arte, (147 c) pois se lle responde un coñecemento particular e non se preguntaba iso.

Teeteto- Así parece.

Sócrates- E, en segundo lugar, percórrese un camiño sen fin, cando se podería ter respondido con sinxeleza e brevidade. Así tamén, na pregunta do barro, o sinxelo e doado sería dicir que o barro é terra amasada con auga e despreocuparse de quen o utiliza.

Teeteto- Tal como o presentas agora, Sócrates, é doado. Pero parece que a túa pregunta é a mesma que se nos presentou

hai un momento a nós, (147 d) a min e mais aquí a este Sócrates tocaio teu⁷, cando estabamos conversando.

Sócrates- Cal foi, Teeteto?

Teeteto- Tocante ás potencias, aquí Teodoro trazounos unha figura para demostrar que as de tres e as de cinco pés non son conmensurables, respecto á súa lonxitude, coa dun pé, e así foi collendo unha a unha ata a de dezasete pés. Nesa casualmente parou. Daquela, xa que o número de potencias parece infinito, veunos a idea (147 e) de intentar agrupalas todas baixo unha única denominación.

Sócrates- E atopastes tal cousa?

Teeteto- Penso que si; pero compróboo tamén ti.

Sócrates- Fala.

Teeteto- Dividimos os números todos en dúas clases: o que resulta de multiplicar un número por si mesmo representámolo coa figura do cadrado e chamámoslle cadrado e equilátero.

Sócrates- Moi ben.

Teeteto- Pero os números intermedios, coma o tres e (148 a) o cinco e todos os que non resultan de multiplicar un número por si mesmo, senón un número máis grande por un máis pequeno ou un máis pequeno por un máis grande, e quedan sempre contidos entre un lado máis grande e outro máis pequeno, eses representámoslos por un rectángulo e chamámoslles números rectangulares.

Sócrates- Perfectamente. Pero e despois diso que?

Teeteto- Tódalas liñas que representan nun plano en forma de cadrado un número equilátero, definímolas como lonxitudes; pola contra, aquelas que forman figuras con lados desiguais definímolas como potencias, (148 b) porque non son conmensurables con aquelas en lonxitude, pero si na superficie que poidan formar. Outro tanto fixemos cos sólidos.

Sócrates- Excelente, rapaces. Paréceme que Teodoro non será acusado de testemuñar en falso.

⁷ Descoñecemos a identidade destoutro Sócrates, amigo de Teeteto.

Teeteto- Así e todo, Sócrates, eu non sería quen de dar resposta ao que ti preguntas tocante ao coñecemento como che respondín no da lonxitude e a potencia. Pero teño para min que ti buscas algo así, de xeito que Teodoro, a fin de contas, seguirá a parecer un mentireiro.

(148 c) **Sócrates-** Por que? Se el fixese unha loanza de ti como corredor e dixese que nunca dera con ningún mozo de tanta valía para a carreira, cres que a súa loanza sería menos verdadeira, se despois resultases vencido nunha competición por un en plenitude de forma e máis veloz ca ti?

Teeteto- Abofé que non.

Sócrates- Cres, pola contra, que a investigación do coñecemento é un asunto cativo, como o que che dicía eu agora, e non dos máis elevados en todo?

Teeteto- Non, por Zeus; eu tamén penso que é dos máis elevados.

Sócrates- Daquela, ten confianza en ti mesmo e pensa que Teodoro falou ben. Pon todo o teu esforzo, (148 d) o mesmo que fixeches co demais, en acadar unha definición do que vén ser o coñecemento.

Teeteto- Se é cousa de esforzo, Sócrates, aparecerá.

Sócrates- Veña logo, e xa que acabas de abrir camiño tan atinadamente, imita a resposta das potencias e, do mesmo xeito que agrupaches estas, que eran moitas, nunha soa clase, tenta tamén así designar os moitos coñecementos cunha única definición.

(148 e) **Teeteto-** Tes que saber, Sócrates, que xa por moitas veces tentei investigalo, cando escoitaba as preguntas que chegaban de ti. Pero nin estou convencido de poder dicir algo satisfactorio, nin sentín a ninguén que o dixese da forma que ti demandas e, malia todo, non podo deixar de matinar niso.

Sócrates- Tes dores de parto, querido Teeteto, porque non estás baldeiro, estás preñado.

Teeteto- Non sei, Sócrates, só digo a miña experiencia.

(149 a) **Sócrates**- Dásme gana de rir! E logo nunca escoitaches que son fillo dunha parteira excelente e formidable, de Fenáreta?

Teeteto- Xa o sentín dicir.

Sócrates- E non escoitaches tamén que eu practico esa mesma arte?⁸

Teeteto- Nunca.

Sócrates- Pois que saibas que é así, pero non llo descubras ós demais. Eles non reparan nesta arte miña e, como non o saben, non din iso de min; din que son extravagante e que deixo á xente confundida. Non sentiches tamén iso?

Teeteto- Sentín.

(149 b) **Sócrates**- Dígoche o motivo?

Teeteto- Dimo logo.

Sócrates- Pensa en como é todo o tocante ás parteiras e así enxergarás mellor o que quero dicir. Sabes que ningunha delas fai de parteira doutras mentres ela mesma aínda concibe e pare, senón cando xa non pode parir.

Teeteto- Claro que si.

Sócrates- A causante disto disque é Ártemis, porque, malia ser célibe, lle tocou presidir os partos⁹. Ela de certo non lles deu ás mulleres estériles a arte de partear, (149 c) porque a natureza humana é moi feble para acadar arte en cousas das que non se ten experiencia, e foi ás que por idade xa non podían parir ás que lla encomendou, honrando o parecido que tiñan con ela.

Teeteto- É natural.

Sócrates- E non é tamén natural e necesario que as parteiras coñezan mellor cás demais se as mulleres están preñadas ou non?

⁸ A arte de partear chámase en grego *maieutiké*. Sócrates emprega metaforicamente este termo maiéutica para o seu método, porque, tal como explica máis adiante, igual ca unha parteira, axuda a que os demais boten fóra as ideas que fican nas súas mentes.

⁹ Ártemis, nada máis nacer axuda á súa nai, Leto, a dar a luz a seu irmá xemelgo Apolo. A súa ocupación favorita era a caza e sempre permaneceu virxe.

Teeteto- É

Sócrates- As parteiras poden tamén con apócemas e esconxuros provocar ou acalmar as dores de parto, (149 d) se o queren facer, e levar a boa fin os partos difíciles. E se lles parece conveniente desfacer un feto de pouco tempo, pois desfano. Non é así?

Teeteto- Así é.

Sócrates- E logo non reparaches tamén en que as parteiras son as casamenteiras máis habelenciosas, porque son as que mellor saben recoñecer con que home ten que se xuntar cada muller para enxendraren os mellores fillos?

Teeteto- Iso non o sabía.

Sócrates- Pois que saibas que elas fachendea máis diso que de cortar o cadillo. (149 e) Pensa nisto: parécenche propios da mesma ou de distinta arte o cultivo e recolleita dos froitos da terra e máis coñecer que planta e que semente hai que botar en cada clase de terra?

Teeteto- É a mesma.

Sócrates- E tocante á muller, amiguiño, pensas que hai unha arte disto último e outra distinta da recolleita?¹⁰

Teeteto- Seguramente non.

(150 a) **Sócrates-** Claro que non. Pero por culpa do xuntoiro ilícito e sen xeito de homes e mulleres, que se chama prostitución, as parteiras evitan amañar casamentos, porque son respectables e teñen medo de caer, por se adicar a iso, en semellante acusación. Cando as parteiras son en realidade as únicas con competencia para arranxar casamentos con acerto.

Teeteto- Parece.

¹⁰ Feroso paralelismo entre o mundo do labrego e o das parteiras. A arte na que o labrego ten competencia abrangue todo o proceso da produción dos froitos, desde a selección da semente e a terra onde mellor pode xermolar, ata a recolleita do froito. Outro tanto pasa co arte das parteiras, por iso Platón defende que elas debería ocuparse tamén da selección das parellas, é dicir, de concertar os matrimonios, e non só de atender os embarazos e os nacementos. Se non o fan así é por medo a que as relacionen coa prostitución, como despois explica Sócrates.

Sócrates- Así é o oficio das parteiras, pero con todo inferior ao meu. Pois non acontece que as mulleres pairan unhas veces fillos imaxinarios (150 b) e outras fillos verdadeiros e que non sexa doado distinguilos. Caso de acontecer isto, a máis grande e máis fermosa angueira das parteiras sería distinguir o verdadeiro do que non o é, non cho parece?

Teeteto- A min si.

Sócrates- A miña arte de parteiro seméllase en todo á delas, pero distínguese en que partea homes e non mulleres e atende as almas destes cando paren e non os seus corpos. O máis grande da nosa arte (150 c) é que ten a capacidade de verificar por tódolos medios se no pensamento do mozo xermola unha quimera e unha falsía ou algo inzadoiro e verdadeiro. Xa que logo, a min acontécese o mesmo cás parteiras: son estéril en sabedoría; e a acusación que me fan moitos de que eu interrogo ós demais, pero non fago ningunha declaración de nada, porque non teño sabedoría, é unha acusación verdadeira. A razón é a seguinte: o deus obrígame a partear, pero impídeme procrear. Polo tanto, eu non son sabido en nada (150 d) nin teño ningún descubrimento que nacera enxendrado pola miña alma. Os que están ao meu carón, algúns deles, ao primeiro parecen moi ignorantes, pero, cando progresa a relación, todos aqueles ós que o deus llo permite acadan melloras abraiantes, segundo o seu parecer e o dos demais. Está claro que eles non aprenden absolutamente nada de min, senón que son eles mesmos os que descubren e paren en por eles moitas cousas fermosas. Pero o do parto abofé que é cousa do deus e máis miña. (150 e) Velaquí a proba: moitos que ignoraban isto e se apoñían a si mesmos o mérito, desvaloráronme e marcharon máis cedo do que cumpría, por decisión propia ou convencidos por outros, e arredados de min, por cousa das malas compañías abortaron os posibles froitos vindeiros e estragaron o que pariran coa miña axuda, por unha mala crianza e por teren en máis es-

timanza as falsías e as quimeras cá verdade, e acabaron por decatarse da súa ignorancia eles mesmos e os demais. (151 a) Un deles foi Arístides, o fillo de Lisímaco¹¹, e moitos máis. Cando voltan implorando a miña compañía e facendo cousas abraiantes para conseguila, o espírito divino que fica en min, prohíbeme o trato con algúns, pero permítemo con outros e estes progresan de novo. Aos que están ao meu carón pásalles o mesmo cás parturientes: padecen dores e andan día e noite moito máis desacougados ca elas. Esas dores pode provocalas ou acalmalas a miña arte. (151 b) Isto é o que fago con eles. A algúns, que coido que non levan dentro ningún froito, Teeteto, como sei que non precisan nada de min, con toda a miña boa vontade amáñolles un xuntoiro e, co auxilio do deus, conectúrolles con moito acerto a compañía que lles ha prestar máis. Moitos destes entregueillos a Pródico¹² e moitos a outros homes sabios e inspirados. Demorei tanto nisto, querido amigo, polo seguinte: sospeito, igual que pensarás tamén ti, que sofres as dores do que leva algo dentro. (151 c) Xa que logo, entrégate a min, como fillo de parteira que son e tamén parteiro eu mesmo, e esfórzate por responder as miñas preguntas o mellor que poidas. E caso de que, ao examinar eu algo do que ti digas, considere que é unha quimera e unha falsía, e polo mesmo o desbote e o rexeite, non adoezas coma as primeirizas cos seus fillos. Pois son xa moitos, amiguiño, os que se puxeron de tal xeito contra min, que estaban dispostos a me trabaren sen máis cando os librei dalgunha parvada. Non comprenden que o fago de boa vontade, pois están lonxe de saber (151 d) que ningún deus

¹¹ Este Arístides, fillo de Lisímaco, era neto de Arístides "o xusto", o famoso político e militar ateniense que desempeñou un importante papel, primeiro na guerra contra os persas e despois na organización da Liga ático-délica que tanto esplendor lle deu a Atenas. No diálogo platónico *Laques*, Lisímaco amosa a súa preocupación por lle dar ao seu fillo a educación axeitada que lle permita sobresaír entre os seus concidadáns e acadar tanta sona coma a que tivera o seu avó.

¹² Sofista e profesor de retórica, natural da illa de Ceos. Dedicouse con especial atención ao correcto emprego das palabras. Era moi coñecido en Atenas, a onde acudiu moitas veces como embaixador da súa cidade.

é turbio cos homes e que eu non fago nada por malquerenza. Pola contra, non se me permite¹³ en absoluto condescender co falso e agachar o verdadeiro. Volve daquela ao principio, Teeteto, e intenta dicir qué é o coñecemento. Non me digas que non podes. Se o deus quere e che dá afouteza, poderás.

Teeteto- De certo, Sócrates, con semellante requista túa, sería unha vergoña non facer tódolos esforzos posibles para dicir canto se poida. (151 e) Teño para min que o que coñece algo percibe iso que coñece. Xa que logo, conforme se me figura agora, coñecemento non é outra cousa ca percepción.

Sócrates- Resposta boa e escollida, rapaz. Con esa claridade é como cómpre falar. Pero veña logo, examinemos xuntos se isto resulta ser fecundo ou estéril. Dis ti que coñecemento é percepción?

Teeteto- Digo.

Sócrates- Parece, abofé, que non fixeches unha definición da ciencia nada vulgar, (152 a) senón a que fixo tamén Protágoras. El dixo o mesmo, pero doutro xeito, pois afirma que “o home é a medida de tódalas cousas, tanto do ser das que son como do non ser das que non son”¹⁴. Líchelo algunha vez?

Teeteto- Lin, e moitas veces.

Sócrates- Daquela, se cadra, o que di é que as cousas son para min tal como a min me parecen e son para ti tal como a ti che parecen, non si? Non somos homes ti e máis eu?

Teeteto- Iso é precisamente o que di.

(152 b) **Sócrates-** É de supoñer ademais que un home sabio non di parvadas. Sigámolo entón. Non acontece por veces que, indo o mesmo vento, un de nós aterece e outro non? E que un sente un frío lixeiro e outro un frío intenso?

¹³ Enténdese que é a divindade a que non llo permite, porque Sócrates pensa que a súa actividade filosófica e o seu maxisterio son unha misión divina.

¹⁴ Natural de Abdera, na costa de Tracia, foi o primeiro que se chamou a si mesmo “sofista” e que ensinou por cartos. No diálogo platónico que leva o seu nome, preséntase o seu pensamento social, baseado no compromiso responsable entre tódolos cidadáns. A súa famosa sentenza é unha declaración da relatividade do coñecemento.

Teeteto- Desde logo.

Sócrates- Nese caso diremos que ese vento é frío de seu ou que non é frío? Ou teremos que crer con Protágoras que é frío para o que aterece, pero non o é para o que non aterece?

Teeteto- Parece que é así.

Sócrates- Non lle parece así a cada un?

Teeteto- Parece.

Sócrates- E ese “parecer” non é percibir?

Teeteto- Desde logo que o é.

(152 c) **Sócrates-** Xa que logo, aparencia e percepción son o mesmo no tocante á calor e máis a tódalas cousas así. Pois parece que as cousas son para cada un tal como un as percibe.

Teeteto- Parece.

Sócrates- A percepción, xa que logo, é sempre de algo que existe e é verdadeira, como coñecemento que é.

Teeteto- Así é.

Sócrates- Daquela, polas Grazas, non foi Protágoras un home ben sabido, que nos falou con enigmas á gran chusma, pero lles dixo a verdade en segredo ós seus discípulos?

(152 d) **Teeteto-** Por que o dis, Sócrates?

Sócrates- Vouche expoñer unha teoría que tampouco é nada vulgar, a saber, que ningunha cousa é única en si e por si e que non serías quen de denominala nin cualificala con acerto. Por contra, se a cualificas como grande, parecerá tamén pequena, se lle chamas pesada, parecerá lixeira, e así con todo, porque ningunha cousa ten ser único nin é algo determinado nin cualificable. Todo o que dicimos que é, está en proceso de ser, ben por translación, ben por movemento ou por mestura dunhas cousas con outras; xa que logo, non nos expresamos correctamente. (152 e) Pois nada é xamais, senón que sempre está en proceso de ser. Neste punto, non sendo Parménides¹⁵, están de acordo tódolos sabios un tras outro,

¹⁵ Filósofo de Elea, defensor da teoría da inmutabilidade do ser.

Protágoras, Heráclito e Empédocles¹⁶, e os máis egregios poetas de cada xénero, Epicarmo da comedia e Homero da traxedia¹⁷. Este, cando di “Océano, orixe dos deuses, e a nai Tetis”¹⁸ está a dicir que todo vén a existir a partir do fluxo e o movemento, ou non é iso o que parece que quixo dicir?

Teeteto- A min parécemo.

(153 a) **Sócrates-** E quen podería porfiar cun exército coma este cun adaíl coma Homero sen facer o ridículo?

Teeteto- Non sería doado, Sócrates.

Sócrates- Abofé que non, Teeteto. Sobre todo cando, ademais, hai probas abondas a prol da teoría de que o movemento produce o que ten aparencia de ser e mais o devir, e o repouso o non ser e o morrer. De feito a calor e o lume, que dan orixe e gobernan as demais cousas, eles mesmos resultan da translación e do roce; e as dúas cousas son movemento. Ou non son elas a orixe do lume?

(153 b) **Teeteto-** Elas mesmiñas.

Sócrates- Tamén o xénero dos seres vivos ten a mesma orixe.

Teeteto- E como non?

Sócrates- E logo? No é certo que a constitución dos corpos se estraga polo repouso e a preguiza e, por contra, se conserva en gran medida pola ximnasia e o movemento?

Teeteto- Así é.

Sócrates- E tocante á constitución da alma, non é certo que pola instrución e o estudo, que son movementos, adquire coñecementos, se conserva e se torna mellor, en tanto que polo

¹⁶ Heráclito de Éfeso é o máis coñecido representante da teoría do devir universal. Empédocles de Acragante segue en parte a Heráclito, pero a súa teoría do mundo baséase en Parménides. Considera que todo o que existe está formado polos catro elementos básicos, Lume, Aire, Terra e Auga, que se mesturan e se separan pola acción de dúas forzas contrarias que el chama Amor e Discordia.

¹⁷ Epicarmo é o creador da comedia doria ou siciliana, na que se trataban de forma burlesca os antigos mitos. Homero xa fora citado, xunto con Hesíodo e Orfeo, en *Cratilo* 402b pola súa proximidade ideolóxica coas teorías heracliteas.

¹⁸ *Ilíada* XIV 201. Océano, cheo de correntes, é para Homero o pai dos deuses. Isto é considerado por Platón como proba do heracliteísmo do épico.

repouso, (153 c) como é a falta de estudo e de instrución, non aprende nada e ademais esquece o que puidera ter aprendido?

Teeteto- Claro que si.

Sócrates- Daquela o movemento é un ben para a alma e para o corpo, en tanto que a falta del é o contrario?

Teeteto- Parece.

Sócrates- Teño aínda que falarche da calmaría e da bonanza e doutras cosas así, para probar que as diversas clases de repouso apodrentan e estragan, mentres que o contrario conserva? E terei que engadir a isto, como colofón, que coa corda de ouro Homero non se está a referir máis ca ao sol (153 d) e que demostra que, mentres a bóveda celeste e o sol estean en movemento, todo é e se conserva entre os deuses e mais entre os homes, pero que, se fican inmóbiles coma se os atasen, todo quedaría destruído e, como quen di, patas arriba¹⁹?

Teeteto- A min parécese, Sócrates, que dá a entender mesmamente o que ti dis.

Sócrates- Considera as cousas así, queridoño: en primeiro lugar, tocante ós ollos, o que ti chamas cor branca non é algo con existencia propia fóra dos teus ollos nin dentro deles. (153 e) E non lle atribúas unha localización determinada, pois nese caso estaría nun sitio determinado, ficaría inmóbil e non estaría xa en proceso de formarse.

Teeteto- Pero como?

Sócrates- Sigamos coa teoría de antes, admitindo que ningunha cousa é única en si e por si. Así resulta evidente que o negro e o branco e calquera outra cor resultan do encontro dos ollos coa translación axeitada, (154 a) e o que dicimos que é cada

¹⁹ En *Ilíada* VIII 18-26, Zeus prohibelle ós deuses intervir na guerra de Troia baixo a ameaza de castigo. Para que entendan que o seu poder é superior mesmo có de todos eles xuntos, pon o exemplo da corda de ouro. Se el desde o Olimpo botase unha corda e tódolos deuses pendurados dela intentasen derrubar a Zeus, non serían quen de facelo, mentres que o pai dos deuses podería tirar deles e elevalos no aire sen esforzo. Platón ve na corda de ouro unha referencia ao sol, que coa súa calor e movemento mantén a vida do universo.

cor non é nin o que vai ao encontro nin o encontrado, senón un produto intermedio propio de cada individuo. Ou poderías defender ti que unha cor ten a mesma aparencia para ti que para un can ou para calquera outro animal?

Teeteto- Eu non, por Zeus.

Sócrates- E logo? As cousas teñen idéntica aparencia para ti que para calquera outra persoa? Estás ben seguro diso? Ou é moito mellor dicir que nin sequera a ti che parecen o mesmo, porque tampouco ti ficas idéntico a ti mesmo?

Teeteto- Isto parécese mellor có outro.

(154 b) **Sócrates-** Daquela, se aquilo co que nos comparamos ou o que tocamos fose grande, branco ou quente, non se viraría distinto ao entrar en contacto con outra persoa, non sendo que experimentase unha transformación en si mesmo. E se o comparado e o tocado fose algo disto, non se viraría distinto cando outra persoa entra en contacto con el ou experimenta algún cambio, se el mesmo non o experimenta. Así é, amiguiño, que con toda facilidade somos levados a dicir cousas abraiantes e ridículas, como diría Protágoras e todo o que intente dicir o mesmo ca el.

Teeteto- Como? Que estás a dicir?

(154 c) **Sócrates-** Repara nun pequeno exemplo e enxergarás todo o que quero dicir. Temos seis chucas; se a carón delas poñemos catro, dicimos que seis son máis ca catro e teñen unha metade máis. Pero se poñemos doce, son menos, exactamente a metade. E non se pode dicir outra cousa. Ou ti poderías?

Teeteto- Eu non.

Sócrates- E logo? Se Protágoras ou calquera outro che dixese: “Teeteto, hai algún xeito de que algo se vire máis grande ou máis numeroso, non sendo que medre?” Ti que responderías?

Teeteto- Se eu respondese, Sócrates, o meu parecer, tendo en conta unicamente esta pregunta, (154 d) diría que non. Pero se teño en conta a cuestión anterior, para evitar contradicirme, diría que si.

Sócrates- Por Hera! Moi ben, amiguiño, una resposta divina.

Pero, teño para min que se respondes que si, coincidirá con aquilo de Eurípides: a nosa lingua é incuestionable, pero a nosa mente non²⁰.

Teeteto- Certo.

Sócrates- Daquela se ti e máis eu fósemos habelenciosos e sabios e xa tivésemos investigados tódolos asuntos da mente, de aquí para diante xa non fariamos outra cousa que (154 e) poñernos a proba un ao outro e entrariamos neste combate ao xeito dos sofistas, mallando reciprocamente argumentos contra argumentos. Pero, como somos xente de a pé, primeiro quereremos considerar os nosos pensamentos por si mesmos, qué son e se harmonizan ou non uns cos outros.

Teeteto- É precisamente o que eu quería.

Sócrates- Tamén eu. Sendo así, faremos outra cousa ou, xa que temos moito tempo, retomaremos a análise con calma, (155 a) sen nos alporizar, senón examinándonos realmente a nós mesmos, para ver qué son esas aparencias que hai en nós? Ao facer o exame, o primeiro que diremos, penso eu, é que xamais ningunha cousa se vira maior ou menor, nin en volume nin en número, mentres fique igual a si mesma. Non si?

Teeteto- Si.

Sócrates- En segundo lugar, aquilo ao que nada se lle engade nin nada se lle quita, nin medra nin mingua, senón que fica sempre igual.

Teeteto- Certo.

(155 b) **Sócrates-** Non podemos dicir tamén, en terceiro lugar, que é imposible que o que non existiu antes exista despois, se non chegou ou non chega a ser?

Teeteto- Abofé que parece que si.

Sócrates- Estes tres principios nos que estamos de acordo loitan entre eles nas nosas almas, penso eu, tanto ao falarmos

²⁰ Platón estase a referir ao verso 612 da traxedia de Eurípides *Hipólito*. Cando a ama de cría lle recorda ao fillo de Teseo o seu compromiso de non descubrir a ilícita paixón de Fedra, Hipólito responde “a miña lingua xurou, pero a miña mente non”.

das chucas coma cando dicimos que eu, coa idade que teño, sen medrar nin ter experimentado a alteración contraria, este ano son máis grande ca ti, que agora es novo, (155 c) pero despois serei máis pequeno, non por perder eu volume, senón por aumentalo ti. Daquela serei no futuro o que antes non fun, sen chegar a selo. Pero non se pode chegar a ser algo sen ter chegado a selo. Xa que logo, non podería chegar a ser máis pequeno sen perder volume. Así acontece en milleiros e milleiros de exemplos, caso de aceptarmos estes principios. Penso que me segues, Teeteto, pois non che falta experiencia nestes temas.

Teeteto- Polos deuses!, Sócrates, sinto unha fonda admiración do que poida ser isto. Por veces, ao consideralo, abofé sinto mareos.

(155 d) **Sócrates-** Parece, meu amigo, que Teodoro non se trabucou ao xulgar a túa natureza, pois este sentimento de admiración é característico do filósofo. Este, e non outro, é o principio da filosofía, e o que dixó que Iris era filla de Taumante parece que non lle apuxo unha xenealoxía equivocada²¹. Pero entendes xa por que estas cousas son así como consecuencia do que afirmamos que dixó Protágoras? Ou aínda non o entendes?

Teeteto- Paréceme que aínda non.

Sócrates- Agradeceríasmе daquela que che axudase a descubrir a verdade (155 e) que se agocha no pensamento deste home, ou mellor, deste homes famosos?

Teeteto- E como non? Moitísimo.

Sócrates- Entón mira ao teu arredor, non sexa que nos sinta algún profano. Falo deses individuos que non cren na existencia de nada que non poidan pillar coas mans e non

²¹ O nome de Taumante ten que ver etimoloxicamente coa raíz de *thaŭma* "admiración". Platón relaciona erradamente o nome da deusa Iris, mensaxeira dos deuses, coa raíz de *eirēin*, "falar". Por iso a deusa personificaría a actividade discursiva, que é un dos métodos da filosofía, e nacería da admiración.

aceptan que as accións, os procesos e todo o que non se ve participan da existencia.

Teeteto- Verdadeiramente, Sócrates, eses dos que falas son (156 a) cabezáns e teimudos.

Sócrates- Sonche ben pouco inspirados, fillo. Pero hai outros moito máis requintados e vouche falar dos seus segredos. O principio do que depende todo o que estabamos a dicir ata este momento é que todo é movemento e fóra del non hai nada. Pero hai dúas clases de movemento, as dúas ilimitadas en número, unha ten a capacidade de actuar e a outra a de recibir a acción. Da unión delas e do roce dunha contra outra nacen produtos ilimitados en número, que van en parella, (156 b) a saber, o perceptible e a percepción, que sempre coincide e xorde co perceptible. A algunhas percepcións témoslles nomes coma estes: visión, audición, olfacto, frío e calor, pracer e mágoa, desexo e medo, e hai moitas outras. Pero sendo moitas as percepcións que teñen nome, as que non o teñen son innumerables. Pola súa parte, o xénero do perceptible xorde aparelado con cada unha das percepcións: (156 c) coas visións de distintas clases xorden cores doutras tantas clases, coas audicións os correspondentes sons e coas demais percepcións nacen a un tempo outros tantos obxectos perceptibles. Que nos quere dicir este mito, Teeteto, en relación co que falamos antes? Sábelo ti?

Teeteto- Claro que non, Sócrates.

Sócrates- Mira a ver logo se hai algún xeito de rematalo. De certo quere dicir que todas estas cousas se moven, como dicíamos, e no movemento delas hai rapidez e lentitude. O que é lento exercita o movemento en si mesmo e en relación co que está preto e ese é o seu xeito de xerar. (156 d) Os produtos así xerados son máis rápidos, porque experimentan unha translación e o seu movemento consiste por natureza na translación. Cando o ollo e calquera outro obxecto comensurable con el se achegan, prodúcese a brancura e a percep-

ción correspondente a ela –xamais se produciría caso de se dirixir algunha delas a un elemento doutra natureza–. Nese momento, cando na súa translación chegan ao espazo intermedio (156 e) a visión desde os ollos e a brancura desde o que produce xunto con ela a cor, o ollo véñse encher de visión e daquela ve e tórnase non visión, senón ollo que ve. E o que produce xunto con ela a cor énchese de brancura, pero non se torna brancura, senón algo branco, sexa madeira, pedra ou calquera outra cousa que poida ter a súa superficie tinguida desa cor. Así é tamén nos demais casos. O duro, o quente e tódalas outras calidades teñen que ser entendidas da mesma forma, (157 a) pois nada é en si e por si, como precisamente dicíamos antes, e é na unión dunha con outra como se producen a partir do movemento tódalas cousas en tódalas súas variedades, xa que non se pode enxergar de firme que o axente e o paciente sexan elementos independentes, como din eles. Pois nada é axente antes de se xuntar co paciente, nin nada é paciente antes de se xuntar co axente. E o que se atopa con algo e é axente pode volveuse paciente ao se atopar con outra cousa. De todo isto resulta, como dixemos desde o principio, que ningunha cousa é única en si e por si, (157 b) máis ben sempre chega a ser para alguén. Xa que logo, hai que desbotar a palabra *ser* de tódolos lados, por máis que moitas veces, e aínda agora, nos teñamos visto na obriga de empregala por costume e por ignorancia. Non a hai que empregar, segundo a doutrina dos sabios, nin tampouco se pode admitir *algo, de alguén, meu, isto, aquilo* ou calquera outra palabra que faga referencia a algo fixo, senón que hai que dicir, conforme a natureza das cousas, que están chegando a ser, facéndose, destruíndose e mudando. Se alguén fala en termos de estabilidade, será rebatido con facilidade. Cómpre que este sexa o xeito de falar, tanto no tocante a obxectos illados coma ós formados por moitas unidades agregadas (157 c), como son

home, pedra, calquera animal ou especie. Son do teu agrado estas teorías, Teeteto, e achas sabor nelas?

Teeteto- Eu pola miña parte non o sei, Sócrates, e tocante a ti non son quen de distinguir se estás a dicir isto porque o pensas ou para me probares.

Sócrates- Non te lembras, meu amigo, que eu nin sei nin fago meu nada disto, máis ben son estéril nestes asuntos. Fago de parteira contigo e por iso boto man de encantamentos e douche a catar os pareceres de cada un dos sabios, (157 d) ata que poida sacar á luz a túa propia opinión. E cando xa estea fóra, daquela xa observarei se se revela gora ou fecunda. Polo tanto, colle azos, ten paciencia e responde con exactitude e firmeza a idea que ti tes daquilo que che pregunto.

Teeteto- Pregunta logo.

Sócrates- Entón, dime outra vez se che comprace a idea de que nada é, senón que está sempre en proceso de ser, tanto o bo coma o fermoso e todo o que vimos de enumerar hai un pouco.

Teeteto- A min, cando te escoito faceres a túa exposición neses termos, paréceme unha teoría admirable e cómpre admitila tal como ti a presentaches.

Sócrates- Nese caso, non deixemos o que nos resta dela. (157 e) Falta falar dos soños, das diferentes doenzas, nomeadamente a loucura, daqueles casos nos que se di que hai trastornos do oído, da vista ou calquera outro defecto de percepción. Ben sabes que en todos estes casos parece que a teoría que vimos de expoñer queda unanimemente refutada, (158 a) dado que nestas circunstancias, máis ca en calquera outra, as percepcións que se orixinan en nós son falsas e as cousas están moi lonxe de seren como se lle figuran a cada un, senón todo o contrario: nada é o que parece ser.

Teeteto- O que dis é unha gran verdade, Sócrates.

Sócrates- Daquela, rapaz, que argumento lle queda ao que asevera que a percepción é coñecemento e que as cousas que lle aparecen a cada un son realmente tal como a el lle aparecen?

Teeteto- Eu, Sócrates, non me atrevo a dicir que non teño nada que contestar, porque hai un pouco me botaches unha reprimenda por dicilo. (158 b) De certo eu non sería quen de defender que os tolos e os que soñan non teñen opinións falsas, cando uns se cren deuses e os outros pensan que teñen ás e andan a voar mentres dormen.

Sócrates- E non coñeces a controversia que hai tocante a estas cousas, especialmente sobre o sono e a vixilia?

Teeteto- Que controversia?

Sócrates- Esa que coído que terás escoitado moitas veces, cando algúns preguntan que proba se podería presentar se alguén preguntase de súpeto se neste mesmo momento estamos a durmir e soñamos todo o que pensamos (158 c) ou, pola contra, estamos espertos e dialogamos uns cos outros en vixilia.

Teeteto- Abofé, Sócrates, que se ve un en bo apuro para contestar que proba cómpre presentar. Pois nas dúas situacións ocorren as mesmas cousas e todas en correspondencia. E non hai ningún atranco para pensar que o que acabamos de dicir tivese ocorrido durante un soño. Ademais, cando en soños cremos estar contando soños, a semellanza entre ámbalas dúas situacións é extraordinaria.

Sócrates- Pois xa ves que non é difícil provocar unha discusión (158 d) cando se discute mesmo se estamos en vixilia ou soñando. E, como o tempo que pasamos durmindo é igual ca aquel no que estamos espertos, en ámbalas dúas situacións a nosa alma defende que as súas opinións son absolutamente verdadeiras, de xeito que a metade do tempo afirmamos a realidade dunhas e a outra metade a realidade das outras e nos dous casos as mantemos coa mesma retesía.

Teeteto- Desde logo.

Sócrates- E non serve o mesmo argumento para as doenzas e a loucura, sacando o que duran, que non é o mesmo?

Teeteto- Certo.

Sócrates- E logo? Haberá que definir a verdade pola duración ou a brevidade do tempo?

(158 e) **Teeteto-** De certo sería ridículo en moitos sentidos.

Sócrates- Tes algunha outra proba segura para demostrar cal destas opinións é verdadeira?

Teeteto- Paréceme que non.

Sócrates- Daquela escoita o que dirían sobre isto os que declaran que para un son sempre verdadeiras as cousas que a el lle parecen. Eles, penso eu, farían unha pregunta coma esta: “Teeteto, non é certo que unha cousa que é totalmente diferente doutra, non poderá ter de ningunha das maneiras a mesma potencia²² ca esa outra? E non pensemos que iso sobre o que preguntamos é en parte igual e en parte diferente, senón completamente diferente”.

(159 a) **Teeteto-** De certo é imposible que unha cousa teña algunha identidade con outra, ben en potencia ou no que fose, cando é por enteiro diferente.

Sócrates- E non haberá que chegar ao acordo de que esa cousa é tamén desemellante?

Teeteto- Haberá.

Sócrates- Daquela, se resulta que unha cousa chega a ser semellante ou desemellante a si mesma ou a outra, non diremos que chega a ser a mesma, cando se fai semellante, e diferente cando se fai desemellante?

Teeteto- Por forza.

Sócrates- E non dicíamos antes que son moitos, mesmo infinitos, os axentes e tamén os pacientes?

Teeteto- Dicíamos, si.

Sócrates- E non dicíamos tamén que algo, segundo se mesture cunha cousa ou con outra, non dará o mesmo, senón cousas diferentes?

(159 b) **Teeteto-** Pois claro.

²² Traducimos a palabra grega *dýnamis*, como “potencia”, acolléndonos ao significado de “capacidade ou posibilidade para chegar a ser” que ten este termo.

Sócrates- Daquela falemos de min, de ti e de tódalas demais cousas empregando o mesmo razoamento. Poñamos por caso, un Sócrates con boa saúde e un Sócrates doente. Diremos que un é semellante ao outro ou desemeillante?

Teeteto- Queres dicir o Sócrates doente, considerado como un todo, en comparanza co Sócrates con boa saúde tamén considerado como un todo?

Sócrates- Collíchelo ben. Iso mesmiño é o que digo.

Teeteto- É desemeillante, desde logo.

Sócrates- Entón, do mesmo xeito que é desemeillante, será tamén outro?

Teeteto- Por forza.

(159 c) **Sócrates-** E se está a durmir ou en calquera outra circunstancia das que agora mencionamos, dirás o mesmo?

Teeteto- Direi.

Sócrates- Cando algo que de seu é axente, atope a Sócrates con boa saúde, trataramme dun xeito e, cando me atope enfermo, trataramme doutro?

Teeteto- Como non?

Sócrates- Entón eu, que son o paciente, e mais o axente produciremos resultados diferentes en cada caso?

Teeteto- E logo?

Sócrates- Cando bebo viño tendo boa saúde, parécese gorentoso e doce?

Teeteto- Si.

Sócrates- Daquela, conforme o que acordamos antes, (159 d) o axente e o paciente producen a dozura e a percepción correspondente, ao experimentaren ámbolos dous unha translación simultánea: a percepción, desde o paciente, fai que a lingua perciba, mentres que a dozura, desde o viño, ao experimentar a translación, fai que este sexa e pareza doce a unha lingua con boa saúde.

Teeteto- Desde logo, nisto xa antes chegamos a un acordo.

Sócrates- Cando o viño me atopa enfermo, non será que verdadeiramente non alcanza á mesma persoa? Evidentemente foi dar con alguén desemellante.

Teeteto- Si.

(159 e) **Sócrates-** Entón, este Sócrates en tales circunstancias e a inxestión do viño xeraron agora produtos diferentes: tocante á lingua percepción de acedume, tocante ao viño a xeración e translación da acedume. E o viño non chega a ser acedume, senón acedo, e eu non chego a ser percepción, senón un que percibe, non si?

Teeteto- Totalmente de acordo.

Sócrates- Así que eu nunca chegarei a percibir unha cousa do mesmo xeito, pois a esa cousa diferente lle acae percepción diferente, (160 a) que fará tamén diferente e outro ao que a percibe. E o axente que actúa sobre min, ao bater con outro, no dará o mesmo produto nin chegará a ser como era, pois noutro paciente dará outro produto e el mesmo chegará a ser diferente.

Teeteto- Así é.

Sócrates- Nin eu chegarei a ser así en por min, nin el en por el.

Teeteto- Claro que non.

Sócrates- Daquela cómpre que eu, cando chegue a ser perceptor, chegue a ser perceptor de algo, pois é imposible chegar a ser perceptor sen percibir nada. (160 b) E que, cando algo chega a ser doce ou acedo ou cousa parecida, chegue a ser para alguén, pois non se pode chegar a ser doce, non sendo doce para ninguén.

Teeteto- Totalmente de acordo.

Sócrates- Daquela resulta, penso eu, que somos, se é que somos, ou chegamos a ser, se é que chegamos a ser, nesas relacións recíprocas, pois a necesidade une os nosos seres, pero non os une con ningún outro, nin con nós mesmos. Entón vén resultando que estamos vencellados uns ós outros, de xeito tal que se un di que algo é ou chega a ser, ten que dicir que é para alguén, de alguén ou en relación con algo. Xa que logo, non hai que dicir que algo é ou chega a ser en

por el, (160 c) nin hai que aceptar que outro o diga, conforme demostra a teoría que vimos de expoñer.

Teeteto- É tal como dis , Sócrates.

Sócrates. Daquela, como o que actúa sobre min é para min e non para outro, son eu o que o percibe e non outro, non si?

Teeteto- Como non?

Sócrates- Entón a miña percepción é verdadeira para min –pois é sempre do meu ser- e eu son, consonte Protágoras, quen xulga o ser das cousas que son para min e o non ser das que non son.

Teeteto- Así parece.

(160 d) **Sócrates-** E daquela, se eu non me trabuco e non me engano en xulgar as cousas que son ou que chegan a ser, como podería ser que eu non teña coñecemento daquilo que percibo?

Teeteto- Non o poderías ter de ningún xeito.

Sócrates- Logo falaches moi ben ao dicires que o coñecemento non é outra cousa que percepción; e coinciden no mesmo punto a teoría de Homero, Heráclito e toda esa caste dos que opinan coma eles que todo esta en movemento coma unha corrente, e a teoría do ilustradísimo Protágoras de que o home é a medida de tódalas cousas, (160 e) e a de Teeteto que di que, sendo así, a percepción se torna coñecemento. É así, Teeteto? Diriamos que isto teu é un meniño neonato e o resultado da miña arte de partear? Ou que dis ti?

Teeteto- Por forza é así, Sócrates.

Sócrates- Isto é, ao parecer, o que vimos de crear con moito esforzo, sexa o que sexa. Pero despois do parto vén a cerimonia da anfidromía e cómpre dar voltas derredor co razoamento²³, poñendo coidado en que non nos pase inadvertido que a crianza é merecedora de alimento, (161 a) e non algo

²³ O termo grego *amphidrómia* literalmente quere dicir “carreira arredor”. O nome fai referencia a unha das partes do ritual de acollida na familia do neonato. O quinto, sétimo e décimo día despois do nacemento, o neno era levado no colo da ama de cría arredor do lume doméstico, para pedir a protección dos deuses sobre el. Nese momento poñíaselle nome. Sócrates segue co paralelismo entre o seu método de ensino e a arte de atender os partos. Por iso agora, unha vez nacida a idea, queda aínda darlle unhas cantas voltas.

goro e enganoso. Ou se cadra pensas que cómpre criar o teu fillo e non abandonalo coma un expósito? Vas aturar velo rexeitado e non quedarías moi adoecido se che rispasen este teu primoxénito?

Teodoro- Teeteto aturaráo, Sócrates, pois non é nada díscolo. Pero dime, polo deuses, por que non é así?

Sócrates- Es moi dado á dialéctica, Teodoro, e fasme un bo favor pensando que eu son un fol de argumentos, do que me é doado sacar algún (161 b) para che dicir que as cousas non son realmente así. Non te decatás do que pasa, porque ningún dos argumentos sae en realidade de min, senón sempre do que conversa comigo, e eu non sei nada, non sendo esta miudeza: recoller o argumento doutro que sexa sabio e admitilo na súa xusta medida. E agora isto é o que teño idea de facer con este, sen dicir nada pola miña parte.

Teodoro- Aí falaches, Sócrates. Faino así.

Sócrates- Sabes o que me estraña do teu amigo Protágoras, Teodoro?

(161 c) **Teodoro-** O que?

Sócrates- Polo xeral, gústanme moito algunhas das cousas que dixes, coma iso de que o que lle parece a cada persoa existe para ela. Pero tenme abraiado o principio do razoamento, porque, ao comezo da súa obra *Sobre a Verdade*, non di que “o porco é a medida de tódalas cousas” ou “o cinocéfalo” ou calquera outro animal máis raro entre os que teñen percepción. Sería un comezo de discurso pomposo e cheo de brillantez e demostraría que, aínda que nós lle tiñamos admiración coma se fose unha divindade pola súa sabedoría, (161 d) resultaba non alcanzar a intelixencia dun cágado de ra para canto máis a dun home. Que poderíamos dicir disto, Teodoro? Se para cada un é verdadeiro aquilo que se figura por medio da percepción, se ninguén pode ser mellor xuíz da experiencia allea, nin está máis autorizado para examinar se a opinión doutro é recta ou errónea, senón que, como

xa se dixo moitas veces, cada quen é o único xuíz das súas opinións, e estas son todas rectas e verdadeiras, daquela, amiguíño, en que é sabio Protágoras, (161 e) mesmo para ser considerado, con toda xustiza, merecente de aprender a outros a cambio de grandes salarios? E por que somos nós máis ignorantes e temos que ir onda el, se cada un é a medida da súa propia sabedoría? Como non imos dicir que Protágoras fala así para dar que pensar á xente? Tocante a min e á miña arte de parteiro, xa non falo do ridículo que fago, e coído que outro tanto pasa coa práctica da dialéctica en xeral. Investigar e intentar rebater mutuamente os nosos pareceres e opinións, que son correctas para cada un, (162 a) non é unha inmensa e solemne insensatez, se o *Sobre a Verdade* de Protágoras é verdadeiro e non unha declamación con moita leria desde o máis recóndito do libro?²⁴

Teodoro- Ese home era amigo meu, Sócrates, como ti dixeches hai un momento. Así que eu non podería aceptar que Protágoras fose rebatido por expresar eu a miña anuencia, nin estaría disposto a enfrontarme a ti en contra da miña propia opinión. Daquela volve entenderte con Teeteto, que parecía escoitarte hai un pouco con toda a boa disposición.

(162 b) **Sócrates-** Se ti foses a Lacedemonia, Teodoro, ás palestras, pareceríache ben ver ós demais espidos, algúns esgumiados, e ti non te espir para amosar o teu feitío?

Teodoro- E que che parece se eles tivesen a idea de mo permitiren e de se deixaren convencer por min? Igual que agora penso convencervos a vós para que me deixedes estar de espectador e que non me levedes pola forza ao ximnasio; que xa vou revellido e mellor é que loitedes cun home máis novo e celmoso.

²⁴ Aquí Platón emprega vocabulario propio do mundo relixioso. O verbo *phthéggō*, “declamar” fai referencia á actividade do sacerdote que interpreta e expresa en linguaxe humana as verbas inconexas e os sons inarticulados que emite a profetisa mentres está en transe. A palabra que nós traducimos como “o máis recóndito” é *ádyton*, que se emprega para designar a parte máis secreta do santuario, onde só os sacerdotes podían entrar.

Sócrates- O teu gusto, meu contento, Teodoro, como din os proverbios. (162 c) Hai que volver de novo ao sabio Teeteto. Dime antes de nada, Teeteto, tocante ao que tratamos hai un pouco, non quedarías abraiado de apareceres así de súpeto cunha sabedoría non inferior á de calquera dos homes ou dos deuses? Ou pensas que a medida de Protágoras lle acae menos ós deuses ca ós homes?

Teeteto- Por Zeus, eu non o creo. E tocante ao que me preguntas, si que quedaría moi abraiado. Cando examinabamos a afirmación deles de que o que lle parece a cada un é así para aquel que llo parece, (162 d) a min figurábaseme que falaban moi ben. Pero agora pasei de súpeto á opinión contraria.

Sócrates- Es novo, benquerido rapaz, e por iso axiña dás oídos ós discursos bonitos e te deixas convencer. Tocante a isto, Protágoras, ou calquera outro por el, diría: “Ilustres mozos e anciáns, facedes demagogia cando vos sentades xuntos e metedes no medio os deuses, (162 e) mentres eu deixo fóra dos meus discursos e escritos a cuestión de se existen ou non existen. O que a maioría aceptaría escoitar, iso é o que vós dicides, coma tal, que sería terrible que tocante a sabedoría non houberse diferenzas entre os homes e unha besta calquera. Pero co voso razoamento non vai demostración nin necesidade lóxica, senón que recorredes á verosimilitude, e, se Teodoro ou calquera outro dos xeómetras quixesen facer xeometría con semellante fundamento, non merecerían a consideración de ninguén. Mirade ben, ti e mais Teodoro, se en asuntos de tanta importancia ides admitir (163 a) razoamentos que se asentan na persuasión e na verosimilitude”.

Sócrates- Daquela, hai que abordar o asunto doutro xeito, ao parecer, polo que falades ti e mais Teodoro.

Teeteto- Dun xeito moi diferente.

Sócrates- Entón examinemos se coñecemento e percepción son a mesma cousa ou cousas diferentes. Ao fin todo o noso razoamento ía nesa dirección e por iso puxemos en movemento esta chea de ideas absurdas, non si?

Teeteto- Totalmente de acordo.

(163 b) **Sócrates-** Daquela imos chegar ao acordo de que o que percibimos pola vista ou polo oído, todo iso ao mesmo tempo tamén o coñecemos? Dun estranxeiro, antes de aprendermos a súa lingua, diremos que non sentimos cando fala, ou que sentimos e sabemos o que di? E igualmente de non coñeceremos as letras, teimariamos en que non as vemos, cando miramos para elas, ou dicimos que as coñecemos precisamente porque as vemos?

Teeteto- Do que vemos e oímos, Sócrates, diso é do que diremos que temos coñecemento. Pois dunhas vemos e coñecemos a feitura e a cor, das outras sentimos (163 c) e a un tempo coñecemos se os seus sons son graves ou agudos. Pero, todo o que aprenden nas súas leccións sobre elas os gramáticos e os intérpretes, nin o percibimos pola vista ou polo oído nin o coñecemos.

Sócrates- Excelente, Teeteto. Non paga a pena discutir contigo sobre isto, para que poidas tirar proveito. Pero repara tamén nestoutro que nos vén enriba e mira a ver como o rexeitamos.

Teeteto- Que é?

(163 d) **Sócrates-** Velaquí. Se alguén pregunta: “Pode darse que un que algunha vez chegou a coñecer algo e ten e conserva aínda a súa memoria, non coñeza iso mesmo que recorda, no mesmo momento no que o recorda?”. Dou moitas reviravoltas, ao parecer, para che preguntar se un que aprendeu unha cousa e a recorda non a sabe.

Teeteto- Como, Sócrates? Sería un disparate se o dixeses.

Sócrates- Será que estou tresleando? Mira a ver. Non dis ti que ver é percibir e a visión é percepción?

Teeteto- Dixen.

(163 e) **Sócrates-** E conforme o razoamento que acabamos de facer, o que viu algo acadou coñecemento diso que viu, non si?

Teeteto- Si.

Sócrates- E logo? Non hai algo que ti chamas recordo?

Teeteto- Hai.

Sócrates- E o recordo é de nada ou de algo?

Teeteto- De algo, abofé.

Sócrates- No é xustamente das cousas que aprendiches e percibiches?

Teeteto- Claro que si.

Sócrates- Non se recorda por veces o que se viu?

Teeteto- Recorda.

Sócrates- Mesmo cando se cerran os ollos? Ou esquecese todo cando se fai?

Teeteto- Sería un disparate dicir tal cousa, Sócrates.

(164 a) **Sócrates-** Pois cómpre dicila, se imos salvar o argumento anterior. Se non, desaparece.

Teeteto- ¡Por Zeus! Tamén eu teño as miñas sospeitas, pero non o dou comprendido ben. Dime como é a cousa.

Sócrates- Éche así: O que ve, dicimos, ten coñecemento precisamente diso que ve, pois chegamos ao acordo de que visión, percepción e coñecemento son a mesma cousa.

Teeteto- Así é.

Sócrates- O que ve e acadou coñecemento do que viu, se cerra os ollos, recórdao pero non o ve, non si?

Teeteto- Si.

(164 b) **Sócrates-** Daquela “non ve” é o mesmo que dicir que “non coñece”, xa que “ve” equivale a “coñece”.

Teeteto- Certo.

Sócrates- Logo resulta que, se un acadou coñecemento de algo, cando o recorda, non o coñece, xa que non o ve. Isto é o que dixemos que sería un disparate se chegase a pasar.

Teeteto- Dis unha grandísima verdade.

Sócrates- Evidentemente chegamos a un imposible se dicimos que coñecemento e percepción son a mesma cousa.

Teeteto- Parece.

Sócrates- Daquela hai que dicir que son cousas diferentes.

Teeteto- Se cadra.

(164 c) **Sócrates**- Entón que vén ser, a fin de contas, o coñecemento? Polo que parece, temos que empezar de novo desde o principio. Que imos facer logo, Teeteto?

Teeteto- Tocante a que?

Sócrates- Ao nos arredar do debate, parecemos un galo de raza cativa cantando antes da vitoria.

Teeteto- Como é iso?

Sócrates- O mesmo cós disputadores profesionais, parece que nos damos por contentos asentando os nosos acordos na conformidade das palabras e vencendo deste xeito na discusión. E dicindo que non somos litigantes, senón filósofos, (164 d) facemos sen nos decatarmos as mesmas cousas ca eses homes arteiros.

Teeteto- Aínda non comprendo o que queres dicir.

Sócrates- Daquela vou intentar amosarche a idea que teño disto. Preguntabamos se pode ser que un non teña coñecemento dunha cousa que aprendeu e que recorda. E poñendo o caso do que viu e ao cerrar os ollos recorda, pero non ve, demostramos que non coñece e ao mesmo tempo recorda, e iso é imposible. Deste xeito morreu o mito de Protágoras e asemade o teu, que defendía que coñecemento e percepción son a mesma cousa.

(164 e) **Teeteto**- Iso parece.

Sócrates- Teño a idea de que as cousas non serían así, amiguiño, caso de estar vivo o pai da outra teoría, senón que el atoparía moitos xeitos de defendela. Pero agora como o mito é orfo, nós aldraxámolo. E os titores que Protágoras lle deixou, entre eles Teodoro aquí presente, non o queren valer. Así é que, por razón de xustiza, imos nós correr o risco de axudalo.

Teodoro- Non son eu, Sócrates, o titor das súas teorías, senón máis ben Calias, (165 a) o fillo de Hipónico²⁵. Nós pasamos

²⁵ Calias foi un estadista ateniense posuidor dunha das máis grandes fortunas de Atenas. Pola súa afección á retórica, acollía como hóspedes ós sofistas de máis sona, entre eles Protágoras. Precisamente o diálogo platónico deste nome desenvólvese na súa casa.

ben axiña da mera dialéctica á xeometría. Pero quedarémosche moi agradecidos se lle prestas axuda.

Sócrates- Aí falaches, Teodoro. Repara na axuda que lle vou prestar. Poderíase chegar a acordos aínda máis absurdos cós de antes, de non poñer a atención debida nas palabras, coas que de común afirmamos ou negamos. É a ti a quen llo debo explicar ou é a Teeteto?

Teodoro- A ámbolos dous. Pero que responda o máis novo, (165 b) pois, se fracasa, a vergoña será menor.

Sócrates- Daquela vou formular a pregunta máis terrible, que, penso eu, é esta: “Pode un que coñece algo non coñecer o que coñece?”

Teodoro- Que respondemos, Teeteto?

Teeteto- É imposible, ao meu entender.

Sócrates- Non o é, se admites que ver é coñecer. Como te aparecerías ti ante unha pregunta capciosa, que é, como quen di, caer preso nun pozo, cando un home desconsiderado, tapando coa man un dos teus ollos, (165 c) che preguntase se ves o seu manto co ollo tapado?

Teeteto- Pois direi, penso eu, que non o vexo con ese ollo, pero si co outro.

Sócrates- Daquela ves e, ao mesmo tempo, non ves a mesma cousa?

Teeteto- De certa maneira si.

Sócrates- Eu non me refería a iso, dirá el, nin preguntaba como, senón se non coñeces aquilo que coñeces. Agora o que queda claro é que ves o que non ves. E resulta que admites que ver é coñecer e non ver é non coñecer. Así que bota contas do que sae disto.

(165 d) **Teeteto-** Calculo que o contrario do que pensara.

Sócrates- Se cadra, meu admirado amigo, aínda terías que sufrir máis fracasos coma este, se alguén che preguntase se hai un coñecemento agudo e outro obtuso, un de cerca, pero non un de lonxe, e se da mesma cousa se pode ter un coñecemento fondo

e superficial a un tempo, e outras mil preguntas así que che podería formular un soldado mercenario das palabras, coma se che tendese unha emboscada, por propoñeres ti que coñecemento e percepción son a mesma cousa. E logo botaríase ao oído e ao olfacto e a outras percepcións coma elas, rebateríate sen descanso (165 e) e non te deixaría ata que, abraiado pola súa moi cobizada sabedoría, te metese na gaiola. E cando te tivese asoballado e atado de pés e mans, daquela ceibaríate a cambio dos cartos do rescate acordado entre vós. Se cadra estaste a preguntar que argumento aportaría Protágoras en defensa das súas teorías. Intentamos dicir algún outro?

Teeteto- Abofé que si.

Sócrates- El diría todo o que nós estamos a dicir para axudalo (166 a) e penso eu que se arrepoñería a nós con desprezo e diría: “¡Que boa persoa este Sócrates! Despois de deixar amedoñado a un rapaciño preguntándolle se se podía recordar unha cousa e ao mesmo tempo non coñecela, e despois de que este, asustado, dixo que non, por non ser quen de prever os resultados, deixoume en ridículo nos seus argumentos. Pero, a cousa, desleixado Sócrates, éche así: Cando ti examinas algún punto das miñas teorías por medio dun interrogatorio, (166 b) se o interrogado se equivoca respondendo o mesmo que respondería eu, o refutado son eu, pero se responde outra cousa, o refutado é el. Poñamos por caso, pensas ti que alguén vai admitir que o recordo dunha experiencia pasada permanece nel, tal como era cando a experimentou, agora que xa non a experimenta? Non tal. Ou que alguén vai ter reparo en acordar que o mesmo individuo pode coñecer e non coñecer a mesma cousa? Ou, caso de darlle medo admitir isto, pensas que vai admitir que un que se volveu diferente é o mesmo que era antes de se volver? E aínda máis, admitiría, se é que cómpre vixilármonos uns os outros por andar á caza de palabras, que ese é un e non varios, (166 c) que chegan a ser infinitos, mentres se está

producindo o cambio? Pero, ditosíño de ti,” diría el, “fai lle fronte ao que eu digo con máis afouteza e, se podes, refuta que as percepcións non chegan a ser singulares para cada un de nós, ou, caso de seren singulares, refuta que aquilo que lle parece a cada individuo chega a ser ou é, se cómpre dicilo así, unicamente para aquel a quen llo parece. Cando falas de porcos ou de cinocéfalos, non só actúas ti coma un porco, senón que aínda por riba convences os teus oíntes (166 d) para que fagan o mesmo en relación cos meus escritos, e iso non está ben. Eu de feito digo que a verdade é tal como eu a escribín: cada un de nós é medida do que é e do que non é, e hai infinitas diferenzas entre os individuos, xa que para un as cousas son e parecen de certa maneira e para outro doutra diferente. E tocante á sabedoría e ao sabio, estou lonxe de dicir que non existan. Pola contra, eu chámolle sabio a aquel que provoca un cambio e fai que pareza e sexa bo para algún de nós o que era e lle parecía malo. Non te deixes levar pola literalidade da miña doutrina, (166 e) e aprende con máis clareza o que eu quero dicir. Fai memoria do que se dicía antes: o que se come, para un enfermo é e parece acedo, mentres que para un con boa saúde é e parece o contrario. E non por iso hai que ter por máis sabio a un ca a outro (167 a) –é imposible-, nin afirmar que o doente é ignorante por ter a opinión que ten, e o individuo con boa saúde é sabio por ter outra. Pero hai que cambiar a situación, pois unha actitude é mellor ca outra. Tamén na educación cómpre pasar igualmente a outra actitude mellor. O médico provoca o cambio con apócemas e o sofista con palabras. Pero nunca ninguén conseguiu que un que tiña opinións falsas as teña despois verdadeiras, pois nin se pode ter opinión do que non é, nin opinión distinta daquilo que se experimenta, (167 b) e isto sempre é verdadeiro. Pero o que si pode facer, penso eu, é que aquel que, por unha mala disposición da súa alma, tiña opinións acordes con ela, pase a ter cunha disposición

máis útil outras opinións en correspondencia con ela. Estas aparencias, que algúns, por inexperiencia, chaman verdadeiras, eu digo que son mellores cás outras, pero non máis verdadeiras. E tocante ós sabios, Sócrates queridiño, estou moi lonxe de os chamar ras. Chámolles médicos cando tratan dos corpos e agricultores cando tratan das plantas. Pois afirmo que estes infunden nas plantas sensacións boas e saudables e mesmo verdadeiras, (167 c) no canto das malignas que teñen cando están enfermas, do mesmo xeito que os sabios e os bos oradores fan que ás cidades lles pareza xusto o beneficioso e non o prexudicial. Pois o que a cada cidade lle pareza xusto e bo, así será para ela, mentres así o recoñeza na súa lei. Pero o sabio fai que o xusto e o bo lles pareza proveitoso e non llelo pareza o que é prexudicial. Pola mesma razón, tamén o sofista capaz de instruír así os seus discípulos é sabio (167 d) e merece recibir unha elevada remuneración daqueles que educou. Así é como uns son máis sabios ca outros sen ter ningún opinións falsas. E ti, queiras ou non queiras, tes que aturar que es medida, pois con estas reflexións a miña teoría queda a salvo. Pero, se tes idea de discutila desde o principio, discute contrapoñendo un argumento. Caso de queres facelo por medio de preguntas, que sexa por medio de preguntas. Pois a persoa intelixente non ten por que refugar este método, máis ben debe procuralo por riba de tódolos demais. (167 e) Con todo, faino así: non sexas inxusto no interrogatorio, pois é unha gran incoherencia declararse preocupado pola virtude e logo non facer outra cosa que ser inxusto na argumentación. E neste caso cometer inxustiza é non distinguir a disputa retórica da discusión dialéctica. No primeiro xogamos co adversario e rímnos del todo o que se pode, pero na discusión dialéctica procedemos con seriedade e corriximos o interlocutor, amosándolle só aqueles erros (168 a) nos que incorreu por si mesmo ou por culpa de compañías anteriores. Se actúas así, os que debatan

contigo vanse atribuír a si mesmos, e non a ti, a culpa do seu propio desconcerto e confusión, serán seguidores teus e teranche estima, pero odíaranse e fuxirán de si mesmos ata o abeiro da filosofía, a fin de se tornaren diferentes e libérense do que anteriormente eran. Se fas o contrario, coma moitos, acontecerache tamén o contrario e descubrirás que os que teñen trato contigo, (168 b) ao se viraren máis vellos, no canto de se faceren filósofos odíarán este labor. Se me fas caso tocante ao que se dixo antes, ficarás a carón de nós sen hostilidade nin agresividade, máis ben con ánimo propicio para examinares qué queremos dicir realmente cando declaramos que todo se move e que o que lle parece a cada un, sexa un particular ou unha cidade, así é para el. Partindo disto poderías investigar se coñecemento e percepción son o mesmo ou cousas diferentes, pero non, como hai un pouco, botando man do uso habitual de expresións e palabras, (168 c) que moitos enzaramallan como lles cadra, producindo entre eles toda sorte de confusións”. Velaí tes, Teodoro, a axuda que lle prestei ao teu amigo na medida das miñas posibilidades, pouca como corresponde a poucos recursos. De estar el vivo, podería defenderse con ben máis brillantez.

Teodoro- Estás de broma, Sócrates. Fixeches unha defensa deste home moi afervoada.

Sócrates- Aí falaches, amigo. E dime: reparaches no reproche que nos fixo Protágoras hai un momentíño, (168 d) dicindo que diriximos os nosos discursos a un neno e que nos aproveitamos do medo do neno para combater as súas teorías? Non ves que tiña isto como unha leria e que, gabando a súa medida de tódalas cousas, nos animaba a nos ocupar polo miúdo da súa teoría?

Teodoro- Como non ía reparar, Sócrates?

Sócrates- E logo que? Recomendas obedecelo?

Teodoro- Con tódalas miñas forzas.

Sócrates- Xa ves que, non sendo ti, todos aquí son nenos. Así que, se imos obedecer o home, é a ti e mais a min a quen

nos cómpre ocuparnos a fondo do seu razoamento, (168 e) con preguntas e respostas recíprocas, para que non nos poida acusar de termos examinado de principio a fin a súa teoría como quen está a xogar con rapaciños.

Teodoro- Que dis? Seica Teeteto non podería seguir calquera investigación moito mellor ca moitos que teñen longas barbas?

Sócrates- En todo caso, non mellor ca ti, Teodoro. E non penses que eu teño a obriga de defender o teu defunto amigo con tódolos medios e ti con ningún (169 a). Pero, veña, meu bo amigo, tira un pouco máis, cando menos ata sabermos se ti tes que ser medida tocante ás figuras xeométricas, ou se todos se valen por si mesmos tan ben coma ti en astronomía e nas outras materias nas que te distingues con todo merecemento.

Teodoro- Non é doado, Sócrates, ficar sentado á túa beira e non dar un argumento. Hai un momento eu falei de balde cando dicía que ti me ías permitir non me espír e non me ías obrigar como fan os lacedemonios. Pero paréceme que ti tiras máis ben a Escirón²⁶. (169 b) Pois os lacedemonios mandan espírse ou marchar; e ti paréceme que actúas máis ben coma Anteo²⁷, visto que, cando un se achega a ti, non o deixas marchar sen antes forzalo a se espír e loitar contra os teus razoamentos.

Sócrates- Fixeches unha descrición excelente da miña doenza, Teodoro. Pero abofé que son máis teimudo ca eles, pois xa batín con moitísimos Heracles e Teseos²⁸, porfiadores teimudos que me deron boas malleiras, pero eu nunca recuei. (169 c) Tan terrible é a paixón que teño por esta sorte de exerci-

²⁶ Personaxe lendario que vivía en Mégara. Situábase no camiño da costa, nun lugar onde había unhas rochas chamadas por el Escironias, e obrigaba ós viaxeiros a lle lavar os pés. Logo botábaos ao mar onde un sapoconcho xigante despeza os seus corpos.

²⁷ Anteo era un xigante, fillo de Posidón e Xea, a Terra, que vivía en Libia. Obrigaba a tódolos viaxeiros a loitaren con el e, unha vez que estaban mortos, recollía os seus restos cos que adornaba o templo do seu pai. Era invulnerable mentres estaba en contacto coa súa nai a Terra.

²⁸ Teseo matou a Escirón cando ía cara a Atenas desde Trecén. Heracles, cando se dirixía na procura das mazás do xardín das Hespérides, pasou por Libia. Alí atopou a Anteo e afogouno, levantándoo antes da terra para que perdesse a súa invulnerabilidade.

cios. E ti non rexeites o proveito que este enfrontamento nos pode proporcionar a ti e mais a min.

Teodoro- Non che vou levar a contra. Fai como queiras. De tódolos xeitos, tocante a isto, cómpreme aturar o destino que ti urdises e deixarme interrogar. Pero abofé non vou estar á túa disposición máis alá do que ti estableciches de antemán.

Sócrates- Pois abonda con iso. E ándame con moito coidado, non sexa que fagamos un razoamento infantil sen decatármolos (169 d) e alguén no lo volva censurar.

Teodoro- Intentareino no que poida.

Sócrates- Daquela primeiro volvamos de novo alí onde estabamos antes e vexamos se nos alporizamos con razón ou sen ela cando rexeitabamos a teoría da autosuficiencia de cada un con relación á sabedoría. Tamén Protágoras acordou que algúns distinguen mellor ca outros o mellor e o peor e que eses son precisamente os sabios, non si?

Teodoro- Si.

Sócrates- Se estivese presente e el mesmo nos concedese isto e non tivésemos nós que saír no sitio del para axudalo, (169 e) non habería que andar repetindo e confirmando de novo a teoría. Pero agora calquera podería considerarnos sen autoridade para chegar a unha conclusión no seu nome. Por iso, tocante a este punto concreto, mellor é establecer con máis firmeza un acordo, pois non é pequena a diferenza entre que sexa así ou doutra maneira.

Teodoro- É certo.

Sócrates- Temos que chegar a un acordo o máis axiña posible (170 a), non a partir do argumento doutro, senón do seu.

Teodoro- E como?

Sócrates- Deste xeito. Non di el que o que lle parece a cada un é así para aquel que llo parece?

Teodoro- Xaora que o di.

Sócrates- De certo, Protágoras, tamén nós expoñemos as opinións dun home, ou mellor de tódolos homes, e afirmamos que non hai ninguén que non se teña por máis sabio cós demais nunhas cousas e que non teña ós demais por máis sabios ca el noutras. E nos perigos máis grandes, cando se senten atribulados nas guerras, nas doenzas ou no mar, consideran deuses ós que teñen o mando nesas situacións, (170 b) porque esperan deles a salvación, aínda que non se diferencien dos demais, non sendo no saber. Tódolos asuntos humanos están cheos de xente que busca mestres e guías das súas actividades e das dos outros seres vivos, e tamén de persoas que se consideran con capacidades para o ensino e o mando. Á vista de todo isto, que outra cousa habemos de dicir, non sendo que son os propios homes os que consideran que entre eles está a sabedoría e a ignorancia?

Teodoro- Ningunha outra cousa.

Sócrates- E non consideran que a sabedoría é o pensamento verdadeiro e a ignorancia a opinión falsa?

(170 c) **Teodoro-** E logo?

Sócrates- Daquela, Protágoras, como imos empregar o argumento? Diremos que as opinións dos homes son sempre verdadeiras, ou que unhas veces son verdadeiras e outras falsas? De ámbalas dúas propostas o que resulta é que as opinións non son sempre verdadeiras, senón das dúas maneiras. Así que mira a ver, Teodoro, se algún dos partidarios de Protágoras, ou ti mesmo, queredes defender que ninguén pensa que o outro é ignorante ou ten opinións falsas.

Teodoro- Sería increíble, Sócrates.

(170 d) **Sócrates-** Pero, no entanto, a teoría que afirma que o home é a medida de tódalas cousas lévanos por forza a isto.

Teodoro- E por que?

Sócrates- Cando ti formas por ti mesmo un xuízo dalgunha cousa e me revelas a túa opinión sobre ela, de acordo coa

teoría de Protágoras hai que admitir que iso para ti é verdadeiro. Pero non podemos os demais facernos xuíces do teu xuízo? Ou é que temos que xulgar sempre como verdadeiras as túas opinións? E non haberá en cada caso milleiros de persoas que se opoñan a ti con opinións contrarias, considerando que os teus xuízos e crenzas son falsos?

(170 e) **Teodoro-** Si, por Zeus, Sócrates, abofé que son moitos milleiros, como di Homero²⁹, que me causan tódolos problemas do mundo.

Sócrates- E logo? Queres que digamos que as opinións que son verdadeiras para ti, son falsas para eses milleiros de persoas?

Teodoro- Parece que é o que por forza se conclúe desa teoría.

Sócrates- E tamén llo parece a Protágoras? Se el non crese que o home é medida e non o crese tampouco a máis da xente, como así é que non o cre, non habería que deducir por forza que esa verdade (171 a) que el escribiu non é tal para ningún? E se el o crese, pero a maioría non tivese a mesma idea, que saibas, en primeiro lugar, que na mesma medida que son máis os que non a aceptan cós que o fan, a súa verdade ten máis posibilidades de non ser que de ser.

Teodoro- Por forza é así, se o ser ou o non ser depende da opinión de cada un.

Sócrates- E despois vén o máis curioso do caso. El, ao recoñecer que todos opinan o que é, acepta como verdadeira a crenza dos que teñen opinións contrarias á súa propia crenza, mesmo cando consideran que el é o enganado.

Teodoro- Sen dúbida.

(171 b) **Sócrates-** Entón non tería que aceptar que a súa crenza é falsa, se recoñece que é verdadeira a dos que consideran que el está errado?

²⁹ *Odisea* XVI 121. Telémaco cóntalle a seu pai Odiseo, sen recoñecelo, a situación da súa casa dicíndolle: "Moitos milleiros de inimigos están agora na casa".

Teodoro- Por forza.

Sócrates- E os outros aceptan que están errados?

Teodoro- Abofé que non.

Sócrates- Daquela el, segundo o que escribiu, reconece que tamén a opinión destes é verdadeira.

Teodoro- Parece.

Sócrates- A súa teoría será discutida, xa que logo, por todos, comezando polo mesmo Protágoras, ou, aínda mellor, el daraa por boa, ao lle reconecer a quen afirma o contrario que a súa opinión é verdadeira. (171 c) Nese caso o propio Protágoras reconecerá que nin un can nin o primeiro home que atopemos non son medida nin sequera dunha soa cousa que non coñezan. Non é así?

Teodoro- Así é.

Sócrates- Polo tanto, xa que todos o discuten, *Sobre a Verdade* de Protágoras no sería verdadeiro para ninguén, nin para el nin para outro.

Teodoro- Estamos atacando de máis ao meu amigo, Sócrates.

Sócrates- Pero, queridiño, non está claro que vaia polo bo camiño. É de crer que el, por ser máis vello, sexa máis sabio ca nós. (171 d) E se de súpeto levantase a cabeza aquí, se cadra tería moito que nos reprochar, como é natural, a min por dicir parvadas e a ti por estar de acordo comigo, e logo agacharía-se e desaparecería correndo. Pero, penso eu, cómpre que nós actuemos tal como somos e que digamos sempre o que nos parece. Polo tanto, que outra cousa diríamos agora, senón que todo o mundo estaría disposto a admitir que hai persoas máis sabias e persoas máis ignorantes ca outras?

Teodoro- Así mo parece a min.

Sócrates- E de seguro diríamos tamén que a teoría se ten mellor en pé (171 e) tal como nós a formulamos en defensa de Protágoras, a saber, que as máis das cousas son para cada un tal como lle parecen, o quente, o seco, o doce, e tódalas cousas deste tipo. Pero se se vai admitir que nalgúns casos

as persoas se diferencian unhas doutras, haberá que dicir, tocante á saúde e á enfermidade, que calquera mulleriña, meniño ou besta non coñece o que lle resulta saudable e non é quen de se sandar, senón que precisamente niso unhas persoas se diferencian doutras, non si?

Teodoro- A min paréceme así.

(172 a) **Sócrates-** E sen dúbida, tamén tocante ós asuntos da política, o honroso e o deshonroso, o xusto e o inxusto, o pío e que non o é, todo canto cada cidade considere e estableza como legal para ela, tal é verdadeiramente para cada unha. E nestes asuntos non hai individuo máis sabio ca outro nin cidade máis sabia ca outra. Mais cando se trata de establecer o que lle convén ou no lle convén a cada unha, daquela é cando terá que admitir que hai diferenzas entre as resolucións e as opinións dunha e as resolucións e opinións doutra, con relación á verdade, e de ningunha maneira tería o atrevemento de dicir (172 b) que o que unha cidade considera e establece como conveniente para ela, iso será o conveniente en tódolos casos. Pero tocante ás cousas das que falei, o xusto e o inxusto, o pío e o impío, teiman en afirmar que nada disto ten de seu esencia propia, senón que a opinión dunha comunidade chega a ser verdadeira no momento en que ela así a considere e durante o tempo que llo pareza. E tamén os que non aceptan a teoría de Protágoras na súa totalidade, levan o seu saber pola mesma vía. (172 c) E a nós, Teodoro, sorpréndenos un argumento máis grande despois dun máis pequeno.

Teodoro- E logo non temos tempo de vagar, Sócrates?

Sócrates- Está claro que si. E abofé que moitas veces, admirable amigo, noutras ocasións pensei, igual que agora, que verdadeiramente os que pasaron moito tempo en filosofías parecen oradores ridículos cando van ós tribunais.

Teodoro- Por que o dis?

Sócrates- Parece que os individuos que desde novos andaron a dar voltas polos tribunais e outros sitios parecidos, en comparación cos que foron educados na filosofía e en traballos desta sorte, (172 d) son coma homes criados para servos en comparación cos homes libres.

Teodoro- E por que?

Sócrates- Porque estes últimos sempre teñen iso que ti dixeches, tempo de vagar, e no tempo de vagar compoñen en paz os seus discursos. Igual ca nós agora pasamos de discurso en discurso e chegamos xa ata o terceiro, o mesmo fan eles, se o que vén despois lles parece máis có que teñen diante, coma nós. E non lles importa se o discurso é longo ou breve, con tal de chegar á verdade. Os outros, por contra, falan sempre co tempo taxado (172 e) –pois aprema o fluír da auga³⁰- e non se lles permite compoñer os discursos sobre o que lles gustaría, senón que o adversario fica onda eles e os obriga a se constrinxir á acusación escrita, que se le en voz alta, e máis alá dos límites dela non se pode falar. É o que chaman xuramento recíproco. Os discursos sempre teñen que ver cun compañeiro de escravitude e pronúncianse ante un señor sentado coa demanda na man, e as disputas non son por asuntos alleos senón por algo do seu interese, e moitas veces mesmo parece (173 a) unha carreira pola vida. Deste xeito, a consecuencia de todo isto, víranse violentos e ríspidos, saben afagar ao señor coa súas falas e engaiolalo con feitos, pero teñen as almas cativas e reviradas. A escravitude que os couda desde mozos rispoulles a grandía, a rectitude e a liberdade, obrigándoos a actuacións retorcidas botando enriba das súas almas, aínda tenras, grandes perigos e medos. Pero ao non seren quen de os aturaren con xustiza e con verdade, axiña se adicaron á mentira e a pagar unha inxustiza

³⁰ Estase a referir á auga da clepsidra, coa que se medía o tempo de intervención de cada orador nos tribunais.

con outra (173 b) e tanto se reviran e estragan, que pasan de rapaces a homes sen teren un só pensamento san, aínda que eles imaxinan que se tornaron habelenciosos e sabios. Velaquí tes o que son estes, Teodoro. Pasamos a describir os do noso coro, ou queres mellor que os deixemos e voltemos ao noso discurso, para non abusarmos de máis da liberdade e do cambio dos discursos que vimos de mencionar?

Teodoro- De ningún xeito, Sócrates, describámoslos. (173 c) Falaches moi ben cando dixeches que nós, os deste coro, non somos servidores dos discursos, senón que os discursos son coma escravos nosos e cada un deles espera para rematar cando a nós nos pareza, pois diante de nós non hai nin un xuíz nin un espectador, como lles acontece ós poetas, que nos censure e nos dea ordes.

Sócrates- Xa que, ao parecer, esa é a túa opinión, falemos dos corifeos. Para que falar dos que se ocupan sen proveito da filosofía? Para comezar, aqueles desde novos descoñecen o camiño ata a ágora, (173 d) e non saben onde está o tribunal, o consello ou calquera outro lugar de asemblea común da cidade. Non teñen ollos nin oídos para leis ou para decretos proclamados ou escritos. Rivalidades de grupos políticos para acadar cargos, reunións, banquetes e esmorgas con frautistas: nin en soños teñen idea de participar neles. Se un na cidade é de boa o mala familia ou se herdou algunha eiva dos seus devanceiros, por parte dos homes ou das mulleres, impórtalles menos, como se di por aí, cós baldes de auga que contén o mar³¹. (173 e) E nin tan sequera sabe que non sabe destas cousas, pois se el se arreda delas non é para acadar boa reputación, senón que, en realidade, tan só o seu corpo está e habita na cidade, pero o seu pensamento, conside-

³¹ O que traducimos por “balde” é en realidade a palabra grega *chôus*, unha medida de capacidade que equivale a doce *kotýlai*. Tendo en conta que a *kotýlē* anda arredor do cuarto de litro, con pequenas diferenzas locais, estaríamos a falar de tres litros aproximadamente.

rando que todos estes asuntos teñen pouco ou ningún valor, non os toma en consideración e anda a voar por todas partes, como di Píndaro, “polas fonduras da terra”, medindo a súa superficie, e “máis alá do ceo”³² estudando astronomía, (174 a) e investigado exhaustivamente por todas partes a natureza dos seres que forman a totalidade, sen baixar nunca ao que ten máis preto.

Teodoro- Que queres dicir con isto, Sócrates?

Sócrates- É o que lle pasou tamén a Tales cando estudaba astronomía, Teodoro; mentres miraba cara arriba, caeu nun foxo, e disque unha serventa tracia, espelida e xeitosa, riuse porque poñía moito esforzo en coñecer as cousas do ceo, pero non se decatara das que tiña diante á beira dos pés³³. Esta mesma burla acáelle a tódolos que se dedican á filosofía. (174 b) Realmente un individuo así non se decata nin de achegados ni de veciños, e non só ignora o que fan, senón mesmo se son homes ou criaturas doutra caste. Pero qué é o home e qué lle cómpre facer ou sufrir a unha natureza coma a súa, para se distinguir dos demais seres, iso é o que busca e se esforza en investigar. Entendes, Teodoro, ou non?

Teodoro- Entendo. Éche ben certo.

Sócrates- Por iso, queridiño, como che dicía ao comezo, un individuo así, na súas relacións privadas e públicas, (174 c) cando se ve na obriga de falar nun tribunal ou en calquera outro lugar das cousas que ten ós pés e diante dos ollos, préstase á risa non só das tracias, senón mesmo do pobo enteiro, por inexperiencia cae nos foxos e na confusión total, e a súa terrible torpeza faino parecer necio. Cando se trata de censurar, el non ten nada en concreto que censurar a ninguén,

³² Píndaro fr.292 Snell.

³³ Tales, pensador xonio dos séculos VII-VI a.C., foi o primeiro que investigou a natureza e o cosmos co método racional, segundo pensaban os antigos. A anécdota que aquí se menciona forma parte do tópico do sabio distraído, moi eficaz para teorizar sobre os grandes asuntos do universo e da vida, pero con pouca habelencia para resolver situacións cotiás.

porque non lle sabe nada malo, ao non se preocupar nunca de cousas así. Por iso, amósase desconcertado e fai o ridículo. (174 d) Cando se trata dos eloxios e gabanzas dos outros, non ri disimuladamente, senón con tanta sinceridade e tan abertamente, que mesmo semella estar tolo. Cando alguén fai un encomio dun tirano ou dun rei, cre que están a falar da felicidade dun pastor de porcos, de ovellas ou de vacas, porque tivo muxidura dabondo, pero considera que aqueles pastan e moxen unha grea máis díscola e refalsada ca esta, e que un individuo desta condición, ao non ter tempo de vagar, (174 e) por forza se torna non menos brután e lurdio cós pastores, encerrado entre murallas, coma estes nos choupelos da montaña. Cando escoita que un ten unha propiedade de extensión admirable, porque ten dez mil pletros³⁴, ou máis, de terra, pensa que lle falan dunha insignificancia, afeito como está a contemplar a terra enteira. E cando celebran con himnos as estirpes, porque un se declara de boa caste por ter sete antepasados ricos, considera que o eloxio é propio de persoas totalmente miopes e curtas de miras, que, (175 a) por falta de formación, son incapaces de contemplar a totalidade e de calcular que non hai un que non teña incontables miríades de antepasados e devanceiros, entre os que houbo a milleiros ricos e pobres, reis e escravos, bárbaros e gregos. Parécelle absurdo, por insignificante, fachendear por unha lista de vintecinco antepasados remontándose ata Heracles, o fillo de Anfitrión. (175 b) Pois o vixésimo quinto antepasado de Anfitrión foi o que lle cadrou e o quincuaxésimo antepasado dese, pois o mesmo, e el rise deles porque non son quen de botaren estas contas e de arredaren a altiveza das súas almas insensatas. En todas estas circunstancias, un home así é o albo das burlas dos máis, unhas veces porque parece fachendoso, outras porque descoñece o que ten dian-

³⁴ Medida de lonxitude equivalente a cen pés.

te dos pés e se amosa atrapallado en todas e cada unha das situacións.

Teodoro- Sen dúbida as cousas son como ti dis, Sócrates.

Sócrates- Pero, amiguiño, cando arrastra ás alturas a un (175 c) e ese está disposto a pasar desde “que inxustiza estou a cometer eu contra ti ou ti contra min?”, ata a investigación da xustiza e da inxustiza mesma, qué son cada unha delas, en qué se distinguen unha da outra e ámbalas dúas de todo o demais; e a pasar tamén desde “se un rei é feliz por ter riqueza” ata a investigación da realeza e da felicidade e a desgraza humana en xeral, qué son e de que maneira lle acae á natureza do home acadar unha e refugar a outra; (175 d) cando ese home de mente cativa, espelido e leguleio teña que dar razón de todas estas cousas, daquela viran as tornas. Pendurado no alto, sente vertixe e mira desde alí arriba agoniado pola inexperiencia, atrapallado e tatabellando. Daquela non lle dá de rir ás tracias nin a calquera ignorante, porque non entenden nada, pero si a todos aqueles que recibiron unha educación contraria á dos escravos. Esta é a condición de cada un deles, Teodoro: A deste que é a de quen foi criado realmente na liberdade e no lecer, (175 e) ese que ti chamas filósofo, ao que non hai que aldraxar pola súa aparencia de simpleza e pola súa inutilidade cando se mete en traballos propios de servos, coma tal, cando non sabe aquelar un fardo de viaxe, adobiar unha comida ou usar palabras aloumiñeiras. A do outro, que é a de quen pode facer todas estas tarefas con habelencia e agudeza, pero non sabe envolver o manto coa elegancia dos homes libres, (176 a) nin acadar a harmonía das palabras para celebrar con himnos a verdadeira vida dos deuses e dos homes benfadados.

Teodoro- Se convenceses a todos do que dis, como me convenceses a min, Sócrates, habería máis paz e menos males entre os homes.

Sócrates- Pero os males non poden desaparecer, Teodoro –pois sempre ten que haber algo contrario ao ben- nin poden ficar entre os deuses; por forza andan a dar voltas entre a natureza humana e por este mundo. Por iso cómpre fuxir de aquí cara alá o máis axiña. (176 b) A fuxida consiste en acadar a semellanza coa divindade na medida do posible. A semellanza consiste en chegar ao xusto e ao piadoso por medio da intelixencia. Pero, meu excelente amigo, non che é nada doado convencer de que os motivos polos que o máis da xente di que cómpre fuxir do vicio e perseguir a virtude, polos que hai que exercitar esta e non o outro, non son dar aparencia de non ser malo e pasar por bo. Isto, ao meu ver, son lerias de vellas. (176 c) A verdade digamos que é así: A divindade non é inxusta en ningunha circunstancia e de xeito ningún, senón que é o máis xusto que se pode ser, e nada se asemella máis a ela que aquel de nós que se torna o máis xusto que pode. En relación con isto é como se avalía a verdadeira habelencia do home, a súa insignificancia e a súa covardía. Pois o coñecemento diso é sabedoría e verdadeira virtude e o descoñecemento ignorancia e maldade manifesta. As restantes cousas con aparencia de habelencias e sabedorías, resultan ser, nos asuntos da cidade, negocios cotiáns e, nos oficios, vulgaridades. (176 d) Por iso a un home inxusto, que fala ou actúa con impiedade, é ao que menos se lle ten que recoñecer que é habelencioso na súa solercia. Pois eses tiran gloria do que é un reproche e cren que lles din que non son parvos, inútil carga da terra, senón homes como teñen que ser para salvación da cidade. Cómpre dicirlles a verdade: eles, canto menos cren ser o que son, tanto máis son como non cren ser, pois descoñecen o castigo da inxustiza, que é o que menos cómpre descoñecer. O castigo non é o que pensan eles, azoutas e morte, do que ás veces se libran aínda cometendo inxustiza, (176 e) senón un castigo do que ninguén se ve libre.

Teodoro- A que te estás a referir?

Sócrates- Hai, meu amigo, dous paradigmas establecidos na existencia: o divino, que é a felicidade máis grande, e o ateo, que é a mágoa máis grande. Como eles non ven que a cousa é así, por culpa da súa necidade e extrema insensatez (177 a) non se decatan de que coas súas actuacións inxustas se fan semellantes ao segundo e se afastan do primeiro. Vivindo esa vida axeitada ao que eles imitan xa reciben castigo. E se lles dicimos que, de non se arredaren desa habelencia súa, non os acollerá despois de mortos aquel lugar purificado de males e que aquí o seu traxecto vital vai ser sempre parello a como son eles, malvados convivindo con males, escoitarano coma se viñese duns insensatos, mesmamente por seren habelenciosos e arteiros.

Teodoro- Abofé que si, Sócrates.

(177 b) **Sócrates-** Ben o sei, compañeiro. Pero ademais pásalles unha cousa. Cando, cada un en por el, ten que dar razón ou recibir explicación sobre aquilo que desaproba, e está disposto a resistir con afouteza por moito tempo e a non fuxir con covardía, daquela, cousa estraña, meu xenial amigo, acaba por non se atopar a gusto co que eles mesmos din e a retórica aquela esmorece, de xeito tal que a súa aparencia en nada se distingue da dos nenos. Deixemos logo estas cousas, pois son de certo comentarios accesorios (177 c) –de non o facer, a súa fluencia sempre crecente asolagará o noso razoamento inicial- e volvamos ao de antes, se che parece.

Teodoro- Pola miña parte, Sócrates, non me desagrada escoitalos, pois á miña idade podó seguilos máis doadamente. Pero, se ti o consideras, volvamos ao de antes.

Sócrates- Estabamos, pouco máis ou menos, nun punto do razoamento no que dicíamos que os que sosteñen que a realidade é cambiante e que iso que lle parece a cada un en cada momento é sempre para el tal como llo parece, eses están dispostos a defendelo tamén no resto dos casos, e non menos

tocante ao xusto. Así que, por sobre calquera outra cousa, (177 d) aquilo que unha cidade considera e establece como xusto, de feito é xusto para a que o establece, en tanto estea vixente. Pero tocante ao ben, ata o momento, non hai quen teña afouteza dabondo como para se atrever a defender que o que a cidade considere e estableza como vantaxoso para ela, sexa realmente vantaxoso durante o tempo que estea vixente, non sendo que algún se quede só no nome. Pero iso sería unha burla do que nós dicimos, non si?

Teodoro- Desde logo.

(177 e) **Sócrates-** Daquela, non falemos do nome e examinemos máis ben o asunto que designa.

Teodoro- Certamente.

Sócrates- Pero calquera que sexa o nome que lle dea a cidade, isto é o que arela cando lexisla e, conforme a súa idea e as súas posibilidades, establece tódalas leis na procura do seu máximo proveito. Ou ten outras miras cando lexisla?

(178 a) **Teodoro-** Seguro que non.

Sócrates- E sempre acontece así ou se equivocan moitas veces?

Teodoro- Eu pola miña parte penso que tamén se equivocan.

Sócrates- Partindo deste punto, sería máis doado que todo o mundo se puxese de acordo sobre as mesmas cousas, se a pregunta fose sobre a clase enteira na que resulta estar o útil. Isto dalgún xeito ten que ver tamén co tempo vindeiro, pois, cando lexislamos, establecemos as leis coa idea de que serán útiles para o porvir, e isto poderíamos chamalo “futuro” con toda propiedade.

(178 b) **Teodoro-** Certamente.

Sócrates- Veña logo, interroguemos así a Protágoras ou a calquera outro dos que afirman o mesmo ca el: Segundo dices, Protágoras, “o home é a medida de tódalas cousas”, do branco, do pesado, do lixeiro e de todo o demais que se lle parece. Ao ter un dentro de si o criterio disto, crendo que

as cousas son tal como as experimenta, para el cre que son verdadeiras e reais. Non é así?

Teodoro- Así é.

Sócrates- E tocante ás cousas futuras, diremos, Protágoras, que un ten dentro de si tamén o criterio delas (178 c) e que tal como pensa que van ser as cousas, así se virarán para aquel que o pensa? Coma tal a temperatura. Cando un individuo calquera pense que o vai coller a febre e que a quentura vai ser unha determinada, e en cambio outro individuo, médico, pense o contrario, conforme a que opinión diremos que vai acontecer o futuro? Ou será conforme a ámbalas dúas, e para o médico non terá quentura nin febre e en cambio para el terá as dúas?

Teodoro- Sería verdadeiramente ridículo.

Sócrates- Pois tocante á dozura e segura que vai ter o viño, (178 d) eu penso que a opinión autorizada é a do labrego e non a do citarista.

Teodoro- Como non?

Sócrates- E tampouco será mellor a opinión do mestre de ximnasia cá do músico sobre a desharmonía ou a harmonía dun son futuro, que despois o mesmo mestre de ximnasia considerará harmónico.

Teodoro- De ningún xeito.

Sócrates- E tamén cando se está a aquelar un banquete, se o que vai ser agasallado co festín non entende de cociña, será máis autorizado o xuízo do cociñeiro no tocante a gorenca que vai proporcionar. (178 e) Non é cousa de discutirmos sobre o que a cada un lle é ou lle foi gorentoso, senón se cada un é para si mesmo o mellor xuíz do que lle parecerá e será para el no futuro, ou é que ti, Protágoras, non poderías xulgar por anticipado, mellor que calquera profano, a capacidade que van ter os discursos diante dun tribunal de persuadirnos a cada un de nós?

Teodoro- Claro, Sócrates, que el afirmaba con teima estar moi por riba de calquera, a lo menos nisto.

Sócrates- Por Zeus que si, queridiño. Ninguén lle daría tantos cartos por conversar con el (179 a), se non convencera ós do seu arredor de que nin un adiviño nin ningunha outra persoa tería mellor xuízo ca el sobre o que no futuro ía ser ou parecer.

Teodoro- Totalmente certo.

Sócrates- E non é certo que as lexislacións e o útil se remiten ao futuro e que todo o mundo estaría de acordo en que unha cidade, cando lexisla, por forza se engana moitas veces no que é máis útil?

Teodoro- Efectivamente.

Sócrates- Daquela nós poderemos dicirlle ao teu mestre, sen perder a medida (179 b), que por forza ten que recoñecer que hai homes máis sabios ca outros e unicamente os máis sabios son medida, mentres que un ignorante coma min por forza non vai ser, de ningún xeito, medida de nada, como me forzaba a selo hai un momento a súa teoría, quixese eu ou non.

Teodoro- Teño para min, Sócrates, que é aí onde a teoría está máis pillada, pero tamén está pillada niso de darlles autoridade ás opinións dos demais, cando esas opinións manifestan que as teorías del non teñen nin chisco de verdade.

(179 c) **Sócrates-** En moitos outros casos, Teodoro, e de moitas outras maneiras podería probarse que non tódalas opinións de todos son verdadeiras. Pero tocante ás impresións presentes de cada un, das que nacen as percepcións e as opinións correspondentes, é máis difícil probar que non son verdadeiras. Poida que eu estea a dicir parvadas e, se cadra, son irrefutables, e os que aseguran que son evidentes e que son coñecemento quizais digan o que realmente é, e ao mellor aquí a Teeteto non lle saíron as contas furadas (179 d) cando afirmou que percepción e coñecemento son a mesma cousa. Daquela cómpre achegarse máis á cuestión, tal como deman-

daba a nosa defensa de Protágoras, e examinar esta realidade abaladiza petando nela para comprobar se o seu son é bo ou choco. A batalla arredor dela non foi insignificante nin cousa de poucos.

Teodoro- Está moi lonxe de ser insignificante. Pola contra, por Xonia vai a moito máis, pois os discípulos de Heráclito son coreutas afervoados da súa doutrina.

Sócrates- Razón de máis, amigo Teodoro, para que haxa que examinala desde o principio (179 e) tal como eles a propoñen.

Teodoro- Totalmente de acordo. Pois ademais, Sócrates, debater estas teorías dos heraclíteos ou, como ti dis, dos homéricos ou doutros aínda máis vellos, con eses de Éfeso, que se teñen por entendidos, non sería mellor que debater con tolos. De conformidade cos seus escritos, están sempre en movemento, e iso de aterse a unha teoría ou a unha cuestión (180 a) e de responder ou preguntar con calma por quendas, non vai con eles. A expresión “nada de nada” sobraría para definir a pouca calma destes homes. Se lle fas unha pregunta a algún, dispara sentenzas enigmáticas coma se sacase frechas da alxaba, e se lle pides razón do que dixo, sacódete con outra á que lle volveu virar o sentido. Nunca chegarás a nada con ningún deles, como tampouco eles entre si, pois teñen boa conta de non permitir que haxa nada estable no seu discurso e nas súas almas, (180 b) porque pensan, paréceme a min, que isto sería inmóbil. E eles combaten duramente contra iso e, no que poden, tratan de botalo de todas partes.

Sócrates- Se cadra, Teodoro, viches eses homes unicamente cando rifaban e non tiveches trato con eles cando estaban pacificamente, pois non son amigos teus. Pero penso que no tempo de lecer comunícanlles as súas teorías ós seus discípulos, que queren facer á súa imaxe.

Teodoro- Que discípulos, queridiño? Ningún destes se fai discípulo doutro, máis ben medran por si mesmos (180 c), reci-

bindo a inspiración cada un de onde lle cadra, xa que pensan que os demais non saben nada. Destes individuos, como che ía dicindo, non poderías obter ningunha explicación, nin polas boas nin á forza. Cómprenos collelos e examinalos coma se se tratase dun problema.

Sócrates- Falas con mesura. É daquela outra cousa o problema que herdamos dos antigos, (180 d) aínda que eles llo agacharon á maioría baixo forma poética, de que a orixe de tódalas cousas, Océano e mais Tetis, son correntes e que nada permanece?³⁵ E os que viñeron despois, como son máis sabios, non o amosaron abertamente, para que mesmo os zapateiros escoiten e aprendan a sabedoría deles e deixen de crer estupidamente que hai cousas que permanecen inmóviles e outras que están en movemento, e así, ao aprenderen que todo está en movemento, lles rendan honores. Pero a pouco máis esquezo, Teodoro, que hai outros que sosteñen o contrario ca estes, (180 e) coma iso de que “inmóvil é o nome que lle acae ao todo”³⁶, e cantas outras afirmacións opoñen a todos estes os Melisos e os Parménides³⁷, cando defenden que todo o que existe é unidade e permanece inmóvil en si mesmo, xa que non ten espazo polo que moverse. Que facemos con todos estes, amiguíño? Fomos avanzando paseniño e non nos decatamos de que caemos no medio dos dous. (181 a) E caso de non darmos co xeito de defendernos na fuxida, pagaremos o castigo, coma os que xogan á maroma na palestra, cando os collen os dos dous lados e turran deles en direccións contrarias. Desde logo a min paréceme que cómpre examinar primeiro ós outros que atacamos antes,

³⁵ *Vid.* nota 18.

³⁶ Este texto non aparece citado en ningunha outra parte. Por iso barállanse dúas posibilidades: ou é unha cita literal dun texto de Parménides e, polo tanto, habería que engadila ós seus fragmentos, ou ben unha paráfrase dalgún fragmento dese filósofo, que podería ser o fr.B 8, 38 D-K.

³⁷ Para Parménides *vid.* nota 15. Meliso foi un filósofo de Samos, seguidor da teoría da inmutabilidade de Parménides.

os partidarios da fluencia, e se vemos que din algo de peso, axudarámoslos a tirar de nós e tentaremos fuxir dos outros. Se, por contra, parece que os partidarios do todo din cousas máis verdadeiras, daquela iremos onda eles escapando dos que poñen en movemento o que é inmóbil. (181 b) Pero caso de nos parecer que nin uns nin outros din nada aquelado, fariamos o ridículo se cremos que nós, tan cativos como somos, podemos dicir algo, despois de ter rexeitado a homes de tanta antigüidade e sabedoría. Polo tanto, Teodoro, mira a ver se paga a pena correr semellante risco.

Teodoro- Sería inadmisíbel, Sócrates, deixar de examinar polo miúdo o que din os dunha e outra tendencia.

Sócrates- Daquela examinémolo, xa que tanto o desexas. Paréceme a min que a investigación sobre o movemento (181 c) ten que comezar por cuestionar qué queren dicir realmente cando afirman que todo está en movemento. O que quero dicir é o seguinte: Din que hai unha soa clase de movemento ou dúas, tal como penso eu? Pero non mo ten que parecer unicamente a min, tamén ti tes que implicarte, para aguantar xuntos o que haxa que aguantar. Daquela, dime falas de movemento cando algo cambia dun lugar a outro ou tamén cando dá voltas no mesmo sitio?

Teodoro- Falo.

Sócrates- Pois daquela, que sexa esta unha clase de movemento. Pero cando algo fica no mesmo sitio, (181 d) pero envellece, ou de branco pasa a negro ou de brando a duro, ou se altera de calquera outra maneira, non hai que falar doutra clase de movemento?

Teodoro- A min desde logo paréceme de necesidade.

Sócrates- Daquela eu afirmo que hai dúas clases de movemento, alteración e translación.

Teodoro- Levas razón.

Sócrates- Feita esta distinción, dialoguemos daquela cos que afirman que todo está en movemento e preguntémoslles: (181

e) Dicides que todo está en movemento das dúas formas, por translación e por alteración, ou que hai cousas que se moven das dúas formas e cousas que se moven unicamente dunha?

Teodoro- Por Zeus, eu non sei qué dicir, pero penso que dirían que das dúas formas.

Sócrates- De non ser así, compañeiro, pensarán que están en movemento e en repouso a un tempo e dicir que todo está en movemento non será máis correcto que dicir que todo está en repouso.

Teodoro- Grandísima verdade.

Sócrates- Daquela, xa que as cousas teñen que estar en movemento e a inmovilidade (182 a) non está en ningures, todo está sempre en movemento e con tódalas formas de movemento.

Teodoro- Por forza.

Sócrates- Xa que logo, repárame no seguinte punto da súa teoría. Estabamos a dicir que eles afirman que a orixe da calor, da brancura ou de calquera outra cousa parecida é algo así: cada unha delas, xunto coa percepción, experimenta unha translación entre o axente e o paciente, e o paciente tórnase perceptible, pero non é percepción, e o axente adquire unha calidade, pero non é calidade, non si? Se cadra a palabra “calidade” resulta estraña e non comprendes o que quere dicir en xeral. (182 b) Pero escoita os pormenores. O axente non chega a ser calor nin brancura, pero tórnase quente e branco, e así nos demais casos. Lembra o que xa dicíamos antes, que nada é en si e por si, nin o axente nin o paciente, senón que, cando ámbolos dous se xuntan, dan orixe ás percepcións e ao perceptible, de xeito tal que un acada unhas calidades e o outro se torna perceptor.

Teodoro- Lembro. Como non?

(182 c) **Sócrates-** Deixemos a un lado todo o resto da súa teoría, se din así ou doutra maneira. Ocupémonos só do que

estamos a tratar e preguntémoslles: Dicides que todo está en movemento e flúe ou non?

Teodoro- Si.

Sócrates- E todo ten as dúas clases de movemento que nós distinguimos, translación e alteración?

Teodoro- E como non, se o movemento é completo?

Sócrates- Certamente, de haber só movemento de translación, pero non de alteración, poderíamos dicir qué calidades teñen as cousas que experimentan o movemento de translación mentres están a fluír. Ou non é así?

Teodoro- É así.

(182 d) **Sócrates-** Pero, xa que o obxecto branco que flúe, ao fluír, non permanece, senón que cambia, de xeito tal que hai fluencia da propia brancura e cambio a outra cor, para que non se lle poida apañer inmovilidade neste aspecto, sería posible atribuírle a algo unha cor, coa certeza de que atribución é correcta?

Teodoro- De que maneira, Sócrates? Como se podería dar nome a calquera cousa desas, se, cada vez que se menciona, desaparece porque está sempre a fluír?

Sócrates- E que diremos, daquela, dunha percepción calquera, coma a de ver ou oír? (182 e) Seica permanece no estado de visión e audición?

Teodoro- Cómpre dicir que non, se é que todo está en movemento.

Sócrates- Polo tanto, non hai máis razón para dicir que algo é visión que para dicir que é non visión, e outro tanto no caso das demais percepcións, xa que absolutamente todo está en movemento.

Teodoro- De certo non a hai.

Sócrates- Pero, como xa dixemos Teeteto e mais eu, percepción é coñecemento.

Teodoro- Así é.

Sócrates- Daquela, cando nos preguntabamos que é coñecemento, a resposta valía tanto para coñecemento como para non coñecemento.

(183 a) **Teodoro-** Parece.

Sócrates- Saíuchenos boa a emenda da resposta primeira, cando a nosa teima era demostrar que todo está en movemento, para que a resposta aquela semellase correcta. Agora, segundo parece, faise evidente que, se todo está en movemento, toda resposta que se dea sobre calquera cousa é igualmente correcta, tanto se se di que as cousas son así, como que non son así, ou, se prefires, que se volven así, para non os deixarmos inmovilizados coa palabra.

Teodoro- Tes razón.

Sócrates- Si, Teodoro, sacado que dixen “así” e “non así”. Nin tan sequera se debe dicir “así” (183 b) –pois o que é “así” xa non estaría en movemento– nin “non así” –xa que esta expresión non indica movemento. Máis ben os que sosteñen esta doutrina teñen que cuñar palabras, pois as que teñen neste momento non son axeitadas á súa hipótese, non sendo que a expresión “nin sequera así” lles poida cadrar mellor polo seu sentido indeterminado.

Teodoro- De certo esta é a maneira de falar que mellor lles acae.

Sócrates- Ao cabo, Teodoro, xa nos libramos do teu amigo sen lle admitir que (183 c) o home sexa medida de tódalas cousas, a menos que sexa un home asisado. E tampouco imos admitir que o coñecemento sexa percepción, de acordo coa doutrina de que todo está en movemento, non sendo que aquí Teeteto diga outra cousa.

Teodoro- Aí falaches, Sócrates. E rematado isto, cumpría que tamén eu quedase liberado de che contestar, segundo acordamos, unha vez que se chegou á fin da discusión sobre da teoría de Protágoras.

Teeteto- Non, Teodoro, non ata que Sócrates e mais ti tratades dos que afirman que (183 d) todo permanece inmóbil, como propuxestes hai un pouco.

Teodoro- Ti, novo como es, Teeteto, apréndeslles ós máis vellos a seren inxustos rompendo os pactos? Prepárate máis ben para lle dares a Sócrates razón dos asuntos que aínda quedan.

Teeteto- Se esa é a súa vontade. Pero con moito agrado escoitaríavos falar disto que eu digo.

Teodoro- Desafiar a Sócrates a unha discusión é como desafiar á cabalería nunha chaira³⁸. Así que pregunta e escoitarás.

Sócrates- Así e todo, Teodoro, paréceme que non vou condescender co que (183 e) pide Teeteto.

Teodoro- E por que non vas condescender?

Sócrates- Tratándose de Meliso e dos outros que afirman a unidade e inmovilidade do todo, daríame reparo sometérmolos a un exame inoportuno, pero daríame máis reparo aínda que examináramos a Parménides, sendo el un só, pois Parménides paréceme que é, como di Homero, “venerable e terrible”³⁹. De feito tiveron trato con ese home, sendo eu moi novo e el moi vello, (184 a) e pareceume dunha fondura absolutamente extraordinaria. Así é que teño medo de non comprendermos o que di e moito máis de que nos soborde o pensamento que verque nas súas palabras, e, sobre todo, que a cuestión pola que, en definitiva, comezou esta conversa, que é o coñecemento, quede sen examinar porque alguén nos convenceu con razoamentos atrapalladas. Por outra banda, a cuestión que vimos de promover está ateigada de complicacións. Se se examina a correr, recibiría un trato inmerecido,

³⁸ Trátase dun proverbio grego que se di dos que teñen o éxito asegurado no que emprenden, xa que a cabalería non ten rival nunha chaira. Así o explica Suidas I 527.

³⁹ Adxectivos que dedica Helena ao seu sogro Príamo en *Ilíada* III 172. En *Odisea* VIII 22 invértese a orde dos termos e dinse de Odiseo, transformado por Atenea para causar boa impresión ós feacios.

se se examina dabondo, estenderíámonos tanto que perderíamos de vista a cuestión do coñecemento. Daquela non hai que facer nin unha cousa nin a outra, (184 b) senón intentar liberar a Teeteto, coa nosa arte de partear, do que concibiú sobre o coñecemento.

Teodoro- Pois, se cho parece, cómpre facelo así.

Sócrates- Aínda tes que reparar, Teeteto, nunha cuestión tocante ao que xa se dixo. Ti respondiches que o coñecemento é percepción, non si?

Teeteto- Si.

Sócrates- Daquela se alguén che preguntase con que ve o ser humano o branco e o negro e con que sente o agudo e o grave, penso que dirías que cos ollos e cos oídos.

Teeteto- Diría.

(184 c) **Sócrates-** Empregar con descoído as palabras e as frases, en vez de meditalas coidadosamente, non revela de común unha orixe servil; é máis ben o contrario o que revela servilismo. Pero, ás veces hai que meditalas por forza e, como sucede agora, cómpre poñer reparo ás incorreccións que poida haber na resposta que deches. Polo tanto, escoita. Cal é a resposta máis correcta: Que vemos “cos” ollos, ou que vemos “por medio” dos ollos? E que oímos “cos” oídos ou que oímos “por medio” dos oídos?

Teeteto- Paréceme a min, Sócrates, que percibimos por medio deles, máis que con eles.

(184 d) **Sócrates-** Sería raro, neniño, se ficasen dentro de nós moitas percepcións, coma se fósemos cabalos de madeira, e non se encontrasen todas elas nunha única forma, alma ou como haxa que chamala, coa que, por medio deles, como órganos que son, percibimos todo o perceptible.

Teeteto- Pois paréceme que é así mellor que da outra maneira.

Sócrates- O motivo polo que esmiúzo isto contigo é saber se hai en nós algo sempre idéntico que permite distinguir o

branco e mailo negro por medio dos ollos e (184 e) outras calidades por medio doutros sentidos. Se cho preguntan, poderás apoñerlle todo isto ao corpo? Se cadra é mellor que respondas ti mesmo as miñas preguntas, en vez de apurarme eu a facelo por ti. Dime daquela: os sentidos por medio dos que percibes o quente, o duro, o lixeiro e mailo doce sitúalos no corpo ou noutro lugar?

Teeteto- Noutro lugar non.

Sócrates- E estarás disposto a admitir que aquilo que percibes por medio dunha facultade (185 a) é imposible percibilo por medio doutra, coma tal, o do oído pola vista ou o da vista polo oído?

Teeteto- Como non vou estar?

Sócrates- Daquela, caso de pensares algo vencellado coas dúas facultades a un tempo, non terías a percepción diso por medio dun órgano ou por medio do outro separadamente.

Teeteto- Abofé que non.

Sócrates- Tocante ao son e á cor, en principio non pensas que hai algo común a ámbolos dous, que é que entrambos son?

Teeteto- Penso.

Sócrates- E que cada un é distinto do outro e idéntico a si mesmo?

(185 b) **Teeteto-** E como non?

Sócrates- E que en conxunto son dous, pero cada un deles por separado é un?

Teeteto- Tamén.

Sócrates- E ti es quen de investigar se son desemeillantes ou semellantes entre eles, non si?

Teeteto- Se cadra.

Sócrates- Daquela por medio de que facultade podes ti pensar todo isto respecto deles? Pois polo oído e pola vista non se pode captar o que teñen en común. Velaquí outra proba máis do que dicimos: Se fose posible examinar se os dous son salgados ou non, (185 c) poderías dicir doadamente con qué

o examinas e, evidentemente, non sería nin coa vista nin co oído, senón con outra cousa.

Teeteto- Como non vai ser outra cousa? A facultade que actúa por medio da lingua.

Sócrates- Ben falado. E por medio de que órgano actúa a facultade que che permite coñecer o que teñen en común tódalas cousas, tamén estas das que falamos, como iso de “é” ou o “non é” que ti lle atribúes ou as outras calidades polas que hai un momento preguntabamos? A cal dos nosos órganos perceptores asignarás a percepción desas nocións?

Teeteto- Refíreste ao ser e ao non ser, á semellanza e á desemeillanza, á identidade e á diferenza (185 d) e mesmo á unidade e a calquera outro número que se poida aplicar ás cousas. Evidentemente preguntas tamén polo par e o impar e todo o que resulta deles, e por medio de que partes do corpo os percibe a nosa alma.

Sócrates- Séguesme moi ben, Teeteto. Iso mesmo é o que che estou a preguntar.

Teeteto- Pero, por Zeus, Sócrates, non sabería dicir, non sendo que, de primeiras, me parece que non hai un órgano especial para isto como o había para aquilo. (185 e) Máis ben penso que é a propia alma por si mesma a que examina o que teñen en común tódalas cousas.

Sócrates- Es fermoso, Teeteto, e non feo, como dicía Teodoro. Quen fala tan ben é fermoso e bo. Pero ademais de fermoso, fixéchesme un bo favor aforrándome unha exposición longa, ao teres claro que a alma examina unhas cousas por si mesma e outras por medio das facultades do corpo. Isto era o que me parecía a min, pero quería que cho parecese tamén a ti.

(186 a) **Teeteto-** Pois de certo que o teño claro.

Sócrates- Daquela en cal das dúas sitúas o ser? Pois iso é o máis común a tódalas cousas.

Teeteto- Eu sitúoa entre as que a alma pretende acadar por si mesma.

Sócrates- E tamén a semellanza e a desemeillanza e mais a identidade e a diferenza?

Teeteto- Si.

Sócrates- E daquela? Tamén o fermoso e o feo, o bo e o malo?

Teeteto- Ao meu ver, están entre as cousas cuxa esencia examina a alma nas súas mutuas relacións, (186 b) cando considera en si mesma o seu pasado, o seu presente e o seu futuro.

Sócrates- Quietos aí. Percibirá a dureza do que é duro por medio do tacto e a brandura do que é brando do mesmo modo?

Teeteto- Si.

Sócrates- Pero da súa esencia e do feito de seren ámbalas dúas, da oposición entre elas e do ser desta oposición, é a propia alma a que tenta darnos un xuízo, volvendo a elas e comparándoas.

Teeteto- Por suposto.

Sócrates- Tanto homes coma bestas, de nacemento, teñen de seu (186 c) a capacidade de percibir cantas impresións chegan á alma por medio do corpo. Pero as reflexións sobre a súa esencia e utilidade chegan con dificultade e de vagar a quen chegan e sempre con moitos traballos e estudo. Non si?

Teeteto- Abofé que si.

Sócrates- E pódese alcanzar a verdade de algo, sen alcanzar a esencia?

Teeteto- Imposible.

Sócrates- E de non alcanzar a verdade dunha cousa, será posible ter coñecemento dela?

(186 d) **Teeteto-** E como podería ser, Sócrates?

Sócrates- Daquela o coñecemento non está nas impresións, senón na reflexión que se fai sobre elas. Por este camiño, ao que parece, é posible captar a esencia e a verdade, polo outro é imposible.

Teeteto- Obviamente.

Sócrates- Pero vaslle poñer o mesmo nome a unha cousa e a outra, habendo tantas diferenzas entre elas?

Teeteto- De certo non sería xusto.

Sócrates- Daquela que nome lles dás ti a ver, oír, ulir e sentir frío ou calor?

(186 e) **Teeteto-** Eu chámolle percibir. Que outro nome lle ía dar?

Sócrates- Chámaslle a todo iso percepción?

Teeteto- Por forza.

Sócrates- E dicimos que con ela non se alcanza a verdade, xa que tampouco se alcanza a esencia.

Teeteto- Claro que non.

Sócrates- Logo tampouco se alcanza o coñecemento.

Teeteto- Pois non.

Sócrates- Daquela, Teeteto, percepción e coñecemento nunca poderían ser a mesma cousa.

Teeteto- Está claro que non, Sócrates. Agora é cando se tornou completamente evidente que coñecemento e percepción son cousas distintas.

(187 a) **Sócrates-** Pero nós non comezamos a dialogar para descubrirmos o que non é o coñecemento, senón para indagar qué é. Con todo, xa adiantamos dabondo como para non o buscar de ningunha maneira na percepción, senón naquilo, teña o nome que teña, que fai a alma cando ela por si mesma se ocupa do ser.

Teeteto- Pero iso, Sócrates, chámase opinar, penso eu.

Sócrates- Pois pensas con acerto, amigo. E, xa que esqueci-ches todo o anterior, revisa agora o asunto desde o principio, (187 b) a ver se, despois de avanzares ata aquí, tes unha visión máis clara das cousas. Dime logo outra vez qué é o coñecemento.

Teeteto- Non se pode dicir, Sócrates, que sexa coñecemento calquera opinión, pois tamén hai opinións falsas. Pero se cadra a opinión verdadeira é coñecemento; esa é a miña resposta. Mais se ao irmos avanzando cambiamos esta idea, tentaremos dar outra definición.

Sócrates- Así, con ese ánimo, é como cómpre falar, Teeteto, sen dubidar na resposta, como facías ao primeiro. (187 c)
Se actuamos así, unha de dúas, ou atoparemos aquilo ao que nos encamiñabamos ou estaremos menos predispostos a cre que sabemos o que non sabemos en absoluto. Unha recompensa así non sería nada desprezable. Daquela que é o que dis agora? Habendo dúas clases de opinión, unha verdadeira e outra falsa, defines o coñecemento como opinión verdadeira?

Teeteto- Defino. Iso é o que me parece agora.

Sócrates- Sendo así pagaría a pena volver considerar un asunto tocante á opinión?

Teeteto- E logo a que asunto te refires?

(187 d) **Sócrates-** Estame a desacougar agora e xa me pasara antes moitas veces, de forma que estou nunha gran confusión ante min e ante os demais, non poder explicar qué é esta experiencia e de que forma se produce en nós.

Teeteto- De que falas?

Sócrates- Da opinión falsa. Agora aínda teño dúbidas e ando a cismar se debemos deixar de lado o asunto ou se o investigamos cun método diferente do que empregamos hai un pouco.

Teeteto- Se dalgún xeito parece necesario, por qué non facelo, Sócrates? Hai un momento, falando do lecer, Teodoro e mais ti diciades con razón que nesta clase de asuntos non hai présa ningunha.

(187 e) **Sócrates-** O teu recordatorio vén moito ao caso. Se cadra non é inoportuno volver de novo sobre as nosas pegadas. Mellor é facer pouco e ben que moito e mal.

Teeteto- E como non?

Sócrates- E daquela? Que dicimos? Afirmamos que, cada vez que hai unha opinión falsa, un de nós opina algo falso e outro algo verdadeiro e que iso é así de seu?

Teeteto- Claro que afirmamos.

(188 a) **Sócrates**- Logo, tocante a todas e cada unha das cousas, non temos outra alternativa que saber ou non saber, non si? O aprender e o esquecer, que están entre os dous estados, déixoo de lado polo momento, porque non teñen nada que ver co que agora estamos a discutir.

Teeteto- Abofé, Sócrates, tocante a calquera cousa non queda outra alternativa que saber ou non saber.

Sócrates- E, por forza, o que opina dunha cousa opinará de algo que sabe ou que non sabe, non si?

Teeteto- Por forza.

(188 b) **Sócrates**- E é imposible non saber algo cando se sabe e sabelo cando non se sabe.

Teeteto- E como non?

Sócrates- Daquela o que ten opinións falsas dunha cousa que coñece, seica pode crer que esa cousa non é a que coñece, senón outra distinta que tamén coñece? E, coñecendo as dúas, podería ignoralas?

Teeteto- Imposible, Sócrates.

Sócrates- E podería un pensar que unha cousa que non coñece é outra distinta, que tampouco coñece, poñamos por caso, que un que non coñece nin a Teeteto nin a Sócrates teña a idea de que Sócrates é Teeteto e Teeteto é Sócrates?

(188 c) **Teeteto**- Como podería ser?

Sócrates- Non hai quen pense que aquilo que coñece é algo que non coñece e que aquilo que non coñece é algo que coñece.

Teeteto- Sería monstruoso.

Sócrates- Daquela, como podería ter opinións falsas? Pois fóra deses supostos é imposible ter opinión ningunha, xa que en todos os casos ou coñecemos ou non coñecemos, e nestas circunstancias non parece posible de ningún xeito ter opinións falsas.

Teeteto- Totalmente certo.

Sócrates- Será que non hai que examinar o que investigamos (188 d) indo polo camiño do coñecer ou non coñecer, senón polo de ser ou non ser?

Teeteto- Que queres dicir?

Sócrates- Simplemente o que sobre calquera cousa opina o que non é, só pode ter unha opinión falsa, sexa como sexa o seu pensamento noutros aspectos.

Teeteto- É probable tamén, Sócrates.

Sócrates- E logo? Caso de que alguén nos pregunte: “Pode acontecerlle a alguén o que se dixo, e que un individuo opine o que non é, tanto no tocante ás cousas que son como ao ser en si e por si?” Que diremos a iso, Teeteto? Nós supoño que contestaríamos: (188 e) “Si, cando un ten unha crenza e esa crenza non é verdadeira.” Ou non diríamos así?

Teeteto- Así mesmo.

Sócrates- Hai tamén outros casos nos que pode pasar isto mesmo?

Teeteto- Cales?

Sócrates- Pois que un vexa algo, pero non vexa nada.

Teeteto- E como podería ser?

Sócrates- Se un ve unha cousa, ve algo que é. Ou pensas ti que o que é “un” está entre as cousas que non son?

Teeteto- Eu non.

Sócrates- Daquela o que ve unha cousa ve algo que é.

Teeteto- Evidentemente.

(189 a) **Sócrates-** E o que escoita algo escoita unha cousa e escoita algo que é.

Teeteto- Si.

Sócrates- E o que toca unha cousa, toca algo e algo que é, dado que é unha cousa?

Teeteto- Tamén.

Sócrates- E quen opina non opina dunha cousa?

Teeteto- Por forza.

Sócrates- E quen opina dunha cousa non opina dunha cousa que é?

Teeteto- De acordo.

Sócrates- Logo quen opina do que non é, opina de nada.

Teeteto- Está claro.

Sócrates- Pero daquela quen opina de nada, non opina en absoluto.

Teeteto- É evidente, ao parecer.

(189 b) **Sócrates-** Entón non se pode opinar do que non é, nin cando nos referimos ás cousas existentes nin cando se trata da esencia en termos absolutos.

Teeteto- Está claro que non.

Sócrates- Logo non é o mesmo ter opinións falsas que opinar do que non é.

Teeteto- Parece distinto.

Sócrates- Daquela as opinións falsas non se dan en nós, nin deste xeito nin como hai un pouco examinabamos.

Teeteto- Abofé que non.

Sócrates- Diremos logo que xorden da seguinte forma?

Teeteto- Como?

Sócrates- Dicimos que a opinión falsa é unha opinión trabucada (189 c) cando un cambia no seu pensamento unha cousa que é por outra que tamén é, e di que unha é a outra. Así sempre opina de algo que é, pero tomando unha cousa por outra, e ao se equivocar no obxecto do seu exame, poderíase dicir con razón que ten unha opinión falsa.

Teeteto- Paréceme que agora falaches con total acerto. Pois cando un opina de algo fermoso coma se fose feo ou de algo feo coma se fose fermoso, daquela ten unha opinión verdadeiramente falsa.

Sócrates- Ben se ve, Teeteto, que me fas de menos e non me respectas.

Teeteto- Por que exactamente?

Sócrates- Ti pensaches, segundo me parece, que eu non che ía tomar en consideración iso de “verdadeiramente falso” (189 d) e que non che ía preguntar se o rápido pode realizarse paseniño ou o leve pesadamente, e así calquera outro contrario, non conforme á súa natureza, senón segundo a

do seu contrario, é dicir, contrariamente ao que el é de seu. Pero deixo esta obxección para que a túa afouteza non fora en balde. Estas satisfeito de dicir que ter unha opinión falsa é ter unha opinión trabucada?

Teeteto- Estou.

Sócrates- Daquela, segundo a túa opinión, é posible admitir no pensamento que unha cousa é outra e non a que é.

Teeteto- Claro que é.

(189 e) **Sócrates-** E cando o pensamento trabuca así as cousas, ten que pensar por forza nas dúas ou nunha delas?

Teeteto- Por forza pensa nas dúas, a un tempo ou sucesivamente.

Sócrates- Moi ben. E ti entendes por pensar o mesmo ca min?

Teeteto- E ti que entendes?

Sócrates- Un discurso que a alma desenvolve con ela mesma sobre os asuntos que examina. Dígocho así sen sabelo ben. Desde logo a min figúraseme que ela, cando pensa, non fai máis que dialogar, (190 a) preguntándose e respondéndose, afirmando ou negando. Cando chega a unha decisión, ou ben devagar ou de súpeto, de maneira que desde entón mantén a súa afirmación e non dubida, daquela consideramos que esa é a súa opinión. Polo tanto, eu a opinar chámolle falar, e á opinión discurso, pronunciado non evidentemente diante doutra persoa e en voz alta, senón ás caladas para un mesmo. E ti que?

Teeteto- Eu tamén.

Sócrates- Daquela cando un opina dunha cousa coma se fose outra, estase a dicir a si mesmo, polo visto, que unha cousa é outra.

(190 b) **Teeteto-** Como non?

Sócrates- Fai memoria, logo, a ver se algunha vez dixeches para os teus adentros que o fermoso é feo e o inxusto é xusto sen ningunha dúbida. En resume, examina se algunha vez procuraches convencerte de que unha cousa é outra sen ningunha dúbida, ou, todo o contrario, se nin sequera en soños

tiveches o atrevemento de te dicires a ti mesmo que o impar é, con toda seguridade, par, ou calquera outra cousa así.

Teeteto- O que dis é certo.

(190 c) **Sócrates-** E pensas ti que algunha outra persoa, asisada ou tola, tivo o atrevemento de se dicir a si mesmo, en serio e convencido, que o boi é por forza cabalo e o dous é un?

Teeteto- Por Zeus, penso que non.

Sócrates- Daquela, se falar para un mesmo é opinar, ninguén que fale e opine de dúas cousas a un tempo sería quen de dicir ou de opinar, ao telas na alma, que unha é a outra. Permíteme a expresión “unha e outra”. (190 d) O que estou a dicir é que ninguén opina que o feo sexa fermoso e cousas así.

Teeteto- Pois permítacha, Sócrates, e paréceme ben o que dis.

Sócrates- Logo, cando un ten opinión de dúas cousas a un tempo, non pode opinar que unha é a outra.

Teeteto- Así parece.

Sócrates- Como tampouco, caso de someter a opinión só unha delas e non a outra, nunca opinará que unha sexa a outra.

Teeteto- É verdade, pois por forza tería aprehendido algo do que non ten opinión.

Sócrates- Daquela nin opinando das dúas nin opinando dunha delas se pode ter unha opinión trabucada. (190 e) Xa que logo, sería unha parvada definir a opinión falsa como opinar unha cousa por outra. Evidentemente, a opinión falsa non xorde en nós nin así nin como pensabamos antes.

Teeteto- Parece que non.

Sócrates- Pero, con todo, Teeteto, de non se probar que a opinión falsa existe, por forza teremos que admitir tamén outros moitos despropósitos.

Teeteto- E logo cales?

Sócrates- Non chos vou dicir mentres non intente examinar tódolos aspectos do asunto. Daríame vergoña que, perplexos como estamos, tivésemos que admitir por forza o que eu estou a dicir. (191 a) Mais, caso de atoparmos solución e liberár-

monos da nosa perplexidade, daquela xa poderemos falar dos outros que experimentan ese mesmo mal, unha vez que xa escapamos do ridículo. Por contra, se quedamos totalmente sumidos na confusión, entón, penso eu que teremos que deixar que o razoamento que nos asoballou faga con nós o que lle pete, como lles ocorre ós navegantes mareados. escoita, logo, por onde atopo eu unha saída á nosa investigación.

Teeteto- Fala sen voltas.

Sócrates- Direiche que nós non atinamos nas conclusións ás que chegamos, cando acordamos que é imposible opinar que unha cousa que se sabe é outra que non se sabe e desa maneira caer nun erro. (191 b) Hai, pola contra, un modo en que isto é posible.

Teeteto- Estaste a referir, seica, a iso que tamén eu sospeitei antes, cando dicíamos nós que unha cousa así é o que acontece, poñamos por caso, cando eu, que coñezo a Sócrates, vexo de lonxe outro individuo que non coñezo e penso que é o Sócrates que coñezo? Nunha situación coma esta sucede o que ti dis.

Sócrates- E non desbotamos esa idea, porque resultaba que non sabiamos aquilo que sabiamos, malia sabérmolo?

Teeteto- Abofé.

Sócrates- Pois non o poñamos así, senón destoutra forma. Se cadra se nos axeita mellor, (191 c) ou se cadra se nos resiste. Pero na tesitura que nos atopamos, por forza hai que poñer a proba o argumento dándolle volta por tódolos lados. Mira a ver se é asisado o que digo. Pode ocorrer que primeiro un non saiba algo e despois chegue a aprendelo?

Teeteto- Claro que pode.

Sócrates- E tamén aprender logo outra cousa e despois outra máis?

Teeteto- Por que non?

Sócrates- Pois supón, en prol do noso argumento, que nas nosas almas hai un bolo de cera, nuns máis grande, noutros

máis pequeno, coa cera máis pura neste e máis impura naquel, máis dura nuns ou máis brandeira noutros, (191 d) e no seu punto xusto nalgúns individuos.

Teeteto- Así o fago.

Sócrates- Digamos, logo, que isto é un don de Mnemósine, a nai das Musas⁴⁰, e que, cando queremos que quede memoria de algo que vimos, escoitamos ou nós mesmos pensamos, calcamos na cera as nosas sensacións e pensamentos e os gravamos nel, igual que estampamos os selos dos aneis. E daquilo que quedara impreso, temos lembranza e coñecemento mentres perdure a súa imaxe. Pero aquilo que se borre ou non se poida gravar, (191 e) esquecémolo e non temos coñecemento del.

Teeteto- Digamos que é así.

Sócrates- Considera logo, se un que acada así o coñecemento das cousas, cando examina algo que ve ou escoita, pode ter unha opinión falsa do seguinte xeito.

Teeteto- De que xeito?

Sócrates- Recoñecendo o que sabe, unhas veces coma cousas que sabe e outras veces coma cousas que non sabe. De feito, antes non andamos moi atinados cando acordamos que era imposible.

Teeteto- E agora ti que pensas?

Sócrates- Cómpre falar disto, precisando desde o principio que é imposible que un que coñece unha cousa e ten o recordo dela na alma, pero non a percibe, a confunda con outra que tamén coñece e da que conserva o calco, pero que tampouco percibe. E tampouco é posible confundir o que se coñece con aquilo que non se coñece e do que non se ten selo; nin aquilo que non se coñece con outra cousa que tampouco se coñece, nin o que non se coñece co que se coñece; nin algo

⁴⁰ Mnemósine é a deusa que personifica a Memoria. As súas fillas, as Musas, gobernan tódalas formas do pensamento, por iso a Memoria é a fonte do saber.

que se percibe con outra cousa que se percibe; nin o que se percibe co que non se percibe; (192 b) nin o que non se percibe co que non se percibe; nin o que non se percibe co que se percibe. E aínda máis imposible ca isto, se puidese ser, é confundir unha cousa que se coñece e se percibe e da que se ten sinal consonte a percepción, con outra que tamén se coñece e se percibe e da que se ten sinal consonte a percepción. E máis imposible, se cabe, que aquilo que se coñece e se percibe e do que se ten memoria exacta se poida confundir co que se coñece; nin o que se coñece e percibe e do que se ten memoria da mesma maneira co que se percibe; (192 c) nin o que non se coñece nin se percibe co que non se coñece nin se percibe; nin o que non se coñece nin se percibe co que non se coñece; nin o que non se coñece nin se percibe co que non se percibe. En todos estes casos é completamente imposible ter opinión falsa. Xa que logo, se é que se pode dar en algures, unicamente quedan os seguintes supostos.

Teeteto- E logo cales? A ver se con eles entendo algo máis, porque agora no te sigo.

Sócrates- Aqueles nos que unha cousa se confunde co que se coñece e se percibe, ou co que non se coñece pero se percibe; (192 d) ou tamén nos que o que se coñece e se percibe se confunde con outra cousa que tamén se coñece e se percibe.

Teeteto- Agora estou aínda máis atrás ca antes.

Sócrates- Daquela escóitao de novo desta maneira. Eu coñezo a Teodoro e teño en min a lembranza de como é, e de Teeteto outro tanto; hai veces que os vexo e outras non, por veces tócoos e por veces non, ou escóitovos ou sinto calquera outra percepción de vós ou non sinto ningunha, e non por iso me lembro menos ou teño en min mesmo menos coñecemento de vós, non si?

(192 e) **Teeteto-** Abofé.

Sócrates- Que che quede claro logo, e é o primeiro que quero que entendas, que iso que un coñece pode non percibilo ou pode percibilo.

Teeteto- Certo.

Sócrates- E tocante ao que descoñecemos, non pasa que moitas veces non o percibimos e que moitas unicamente o percibimos?

Teeteto- Isto tamén pode ser.

Sócrates- A ver se agora me segues mellor. Se Sócrates coñece a Teodoro e a Teeteto, (193 a) pero non ve a ningún dos dous, nin ten ningunha outra percepción deles, nunca opinará para si mesmo que Teeteto é Teodoro. Digo ben ou non?

Teeteto- Si, é verdade.

Sócrates- Pois este era o primeiro dos casos que che dicía.

Teeteto- Así era.

Sócrates- O segundo era que, se coñezo a un de vós, pero non coñezo ao outro e non vos percibo a ningún, nunca confundiría ao que coñezo co que non coñezo.

Teeteto- Correcto.

(193 b) **Sócrates-** O terceiro era que, se non coñezo a ningún dos dous nin os percibo, non confundiría tampouco un que non coñezo con calquera outro daqueles que tampouco coñezo. Supón que escoitaches de novo un tras outro tódolos casos anteriores nos que eu nunca podería ter opinión falsa de ti e mais de Teodoro, tanto no caso de vos coñecer ós dous como no de non vos coñecer a ningún, ou coñecendo a un e non coñecendo a outro. E o mesmo tocante á percepción, se é que me segues.

Teeteto- Sigo.

Sócrates- Queda logo formar unha opinión falsa só no caso seguinte: coñézote a ti e mais a Teodoro e teño gravado naquel bolo de cera o selo de cada un de vós, (193 c) coma o dos aneis; véxovos de lonxe e sen nitidez dabondo e fago o esforzo de asociar o selo propio de cada un de vós coa imaxe correspondente, meténdoa e axustándoa en cada pegada,

para que se dea o recoñecemento. Se non consigo encaixalas e as trabuco, igual cós que se calzan ao revés, e aplico a imaxe dun ao selo do outro, daquela pásame coma á imaxe nos espellos, (193 d) que transfire a dereita para a esquerda, e engánome. E é precisamente nese momento cando xorde a opinión trabucada e a opinión falsa.

Teeteto- Así parece, Sócrates. Fixeches unha descrición marabillosa do que pasa coa opinión.

Sócrates- E queda tamén o caso en que, coñecendo ós dous, percibo a un, ademais de coñecelo, pero non ao outro, e non podó axustar o coñecemento do primeiro coa percepción correspondente. Este era un dos casos que che dicía eu antes e que ti daquela non comprendías.

Teeteto- Abofé que non.

Sócrates- Isto era o que eu dicía: que cando se coñece e se percibe a un dos dous (193 e) e se pode axustar o coñecemento coa percepción correspondente, xamais se confundirá con calquera outro que tamén se coñece e se percibe e do que se ten coñecemento axustado coa percepción correspondente. Non era así?

Teeteto- Si.

Sócrates- Queda logo o suposto do que falabamos hai un pouco, no que dicimos que xorde a opinión falsa cando un coñece e ve ámbolos dous (194 a) ou ten calquera outra percepción deles, pero non pode axustar os selos con cadansúa percepción, senón que, o mesmo ca un mal arqueiro, ao disparar se arreda da diana e erra, que é precisamente o que se chama tamén erro.

Teeteto- Con razón.

Sócrates- E cando se produce a percepción correspondente a un dos selos, pero non ao outro, e o selo da ausente se axusta á percepción presente, daquela o pensamento erra por completo. Nunha palabra, se o que estamos a dicir ten algún siso, non é posible, (194 b) polo visto, o erro ou a opinión

falsa daquilo que un non coñece nin percibiu nunca. Naquilo que coñecemos e non percibimos é onde a opinión vira e roula chegando a ser falsa ou verdadeira; verdadeira cando vencella con exactitude e corrección o cuño coa impresión adecuada; falsa cando o fai ao nesgo e ás avesas.

Teeteto- Aí falaches, Sócrates, non si?

(194 c) **Sócrates-** Pois cando escoites o seguinte, aínda dirás máis, porque ter opinións verdadeiras é nobre, pero telas falsas é ruín.

Teeteto- E como non?

Sócrates- A diferenza dis que se produce do seguinte xeito: cando a cera que temos na alma é fonda, abondosa, lisa e está ben temperada, o que chega por medio da percepción grávase no “corazón” da alma, como di Homero en alusión á semellanza coa cera⁴¹. Daquela nestes casos, os sinais (194 d) fórmanse puros e con fondura dabondo e chegan a ser duradeiros, e os individuos con almas así, para empezar, teñen facilidade para aprender e mais para memorizar e, por último, non trabucan os sinais das percepcións, e así as súas opinións son verdadeiras. E como os sinais son nidios e teñen sitio abondo, axiña relacionan cada un coa súa impresión, que é o que se chama realidade, estes homes reciben o nome de sabios. Non che parece?

Teeteto- Extraordinariamente certo.

(194 e) **Sócrates-** Pero ocorre ás veces que o corazón é peluxento, algo que gabou o sapientísimo poeta⁴², ou está luxado ou a cera non é pura, ou é brando de máis ou duro. Daquela os de corazón brando aprenden con facilidade, pero víranse esquecedizos, e ós de corazón duro sucédelles o contrario. Os de corazón veludo e ríspido coma se fose de pedra e cheo

⁴¹ Refírese á semellanza entre as palabras *kéar*, “corazón”, e *kērós*, “cera”.

⁴² Homero emprega a expresión “corazón peluxento” en *Iliada* II 851 e en XVI 554 para referirse a Pílemeus e a Patroclo respectivamente. É unha imaxe da coraxe dos heroes.

de terra mesturada con inmundicia reciben impresións borrosas. Tamén son borrosas as daqueles que posúen corazóns duros, pois neles non hai fondura. E son igualmente borrosas as dos corazóns brandos, (195 a) porque, ao se derreteren, axiña se tornan confusas. E se, ademais de todo iso, veñen caer unhas sobre das outras por escaseza de espazo, cando a almiña é pequena, entón aínda son máis confusas ca aquelas. Todos estes son dados a ter opinións falsas. Pois cando ven, escoitan ou pensan algo, non son quen de relacionar cada cousa con cadansúa marca, porque son lentos, e ao estableceren relacións trabucadas, ven, escoitan e pensan ao revés as máis das veces. Destes dise que confunden a realidade e son ignorantes.

(195 b) **Teeteto**- Éche ben certo o que dis destes individuos, Sócrates.

Sócrates- Dicimos, daquela, que en nós hai opinións falsas?

Teeteto- Abofé.

Sócrates- E verdadeiras tamén?

Teeteto- Tamén verdadeiras.

Sócrates- Entón admitimos como cousa xa convenientemente probada que existen con toda seguridade estas dúas clases de opinión?

Teeteto- Totalmente probada.

Sócrates- Verdadeiramente, Teeteto, un latriqueiro pode ser algo terrible e noxento.

Teeteto- Que? Por que o dis?

(195 c) **Sócrates**- Porque realmente me alporiza ser un leriante incapaz. Que outro nome se lle podería dar a un, cando anda de arriba para abaixo a rastro cos argumentos, sen poder convencerse ni desfacerse de ningún deles por culpa da súa necidade?

Teeteto- Pero que te alporiza?

Sócrates- Non é só alporizamento; tamén teño medo de ter que responder se alguén me fai esta pregunta: “Sócrates, descubriches que a opinión falsa non se dá na relación dunhas

percepcións con outras, nin nos pensamentos, (195 d) senón na unión de percepción con pensamento?” Eu diría que si, creo, fachendeando de termos feito un descubrimento tan fermoso.

Teeteto- Paréceme a min, Sócrates, que o que agora se demostrou non é deshonoroso.

Sócrates- “Daquela ti aseguras”, diría el, “que ese home que coñecemos só polo pensamento, pero non o vemos, non o poderíamos confundir nunca cun cabalo, que tampouco vemos nin tocamos, e que coñecemos unicamente polo pensamento, pero sen termos ningunha percepción del?” E eu penso que respondería que iso é o que afirmo.

Teeteto- E con razón.

(195 e) **Sócrates-** “Entón”, diría el, “de acordo con este razoamento, o número once, que non o coñecemos máis que polo pensamento, non se podería confundir co doce que coñecemos tamén só polo pensamento, non si?” Veña, responde ti.

Teeteto- Pois eu respondería que un, cando ve e toca, ben podería confundir o once co doce, pero, se os ten no pensamento, nunca podería formar esa opinión deles.

Sócrates- E logo? Por veces un anda a pensar no cinco e no sete, (196 a) e non falo de cinco ou sete homes ou de calquera outra cousa así, senón do cinco e do sete mesmos, eses que dicimos que están gravados alí no bolo de cera e dos que non se pode ter opinión falsa; se alguén algunha vez dá en pensar nisto e falando para os seus adentros se pregunta canto suman, un di e pensa que son once e outro que son doce ou todos pensan e din que son doce?

(196 b) **Teeteto-** Non, por Zeus, moitos din que son once. E canto máis alto sexa o número, máis grande podería ser o erro, pois penso que ti falas de calquera número.

Sócrates- Cres ben. E pensa se o que pasa neses casos é que o mesmo doce gravado no bolo de cera se confunde co once.

Teeteto- Parece que é así.

Sócrates- Non se volve daquela ós nosos primeiros razoamentos? De feito, o que comete este erro confunde unha cousa coñecida con outra tamén coñecida, e iso dicíamos que era imposible, e por iso tivemos que admitir forzosamente que non existía a opinión falsa, (196 c) doutro modo a mesma persoa tería que saber e non saber simultaneamente as mesmas cousas.

Teeteto- Completamente certo.

Sócrates- Cómpre logo amosar que a opinión falsa é algo diferente do desaxuste entre o pensamento e a percepción. Pois de ser iso, non podería haber erro nos pensamentos puros. Daquela, unha de dúas, ou non existe a opinión falsa ou é posible non saber o que se sabe. Cal escolles?

Teeteto- Unha escolla desacougante a que me propós, Sócrates.

(196 d) **Sócrates-** Pois o razoamento de certo non permite admitir as dúas. Pero, como se hai que atrever a todo, se intentásemos deixar a vergoña, que?

Teeteto- Como?

Sócrates- Decidíndonos a dicir qué é coñecer.

Teeteto- E iso que ten de vergoña?

Sócrates- Parece que non te decatás de que todo o noso razoamento foi desde o principio unha investigación sobre o coñecemento, por non sabermos o que é.

Teeteto- Decátome.

Sócrates- E logo non che parece impúdico que, sen saber qué é o coñecemento, se explique que é coñecer? Hai tempo, Teeteto, (196 e) que estamos infectados cunha dialéctica nada clara, pois dixemos moitas veces “sabemos” e “non sabemos”, “coñecemos” e “non coñecemos”, coma se nos entendésemos mutuamente, cando aínda ignoramos qué é o coñecemento. E mesmo agora neste momento, se ti queres, vimos de empregar “ignorar” e “entenderse”, coma se fose

lícito empregar estes termos precisamente cando carecemos de coñecemento.

Teeteto- Pero Sócrates, de que outro xeito se podería dialogar prescindindo destes termos?

(197 a) **Sócrates-** De ningún, sendo como son; se fose un porfiador⁴³. Se agora estivese presente un home así, diría que cómpre prescindir destes termos e criticaríanos duramente polo que digo. Pero como somos xente simple, queres que me arrisque a dicir qué é coñecer? A min paréceme que algo de proveito se tiraría.

Teeteto- Daquela arríscate, por Zeus. Se non podes prescindir destes termos haberá gran indulxencia contigo.

Sócrates- Oíches o que agora din que é coñecer?

Teeteto- Se cadra, pero neste momento non me lembro.

(197 b) **Sócrates-** Din que é ter coñecemento.

Teeteto- Certo.

Sócrates- Cambiemos nós agora un pouco e digamos que é a posesión do coñecemento.

Teeteto- E que diferenza dis ti que hai entre unha cousa e mais a outra?

Sócrates- Se cadra ningunha, pero escoita o que eu penso e axúdame a facer un xuízo.

Teeteto- Se подо.

Sócrates- A min non me parece o mesmo posuír que ter. Cando un merca un manto e é dono del, pero non o leva posto, non dicimos que o ten, senón que o posúe.

Teeteto- Con razón.

(197 c) **Sócrates-** Mira a ver se tamén se pode posuír así o coñecemento sen o ter; igualiño que cando un caza paxaros salvaxes, pombas ou calquera outra clase, e amaña un pom-bal na casa e os cría, neste sentido poderíamos dicir que os ten sempre, porque os posúe. Non si?

⁴³ O termo *antilogikós*, que traducimos como "porfiador", indica a ese individuos que non teñen outro fin que rebater e contradicir as teorías dos demais, sexan cales sexan.

Teeteto- Si.

Sócrates- Pero por outro modo diríamos que non ten ningún, senón máis ben que acadou dominio sobre eles, xa que os ten da súa man nunha gaiola propia e pode collelos e telos cando quere, e pillar o que lle peta e despois deixalo e facelo cantas veces lle pareza.

Teeteto- Así é.

Sócrates- Unha vez máis, igual que antes aquelabamos un anaco de cera nas almas, fagamos agora en cada alma un pombal con toda clase de paxaros, uns en bandadas arredados dos demais, outros en pequenos grupos e algúns sos voando no medio dos outros por onde lles cadra.

(197 e) **Teeteto-** Feito. E que máis?

Sócrates- Cómpre dicir que, cando somos nenos, ese receptáculo está baleiro e hai que imaxinar coñecementos en vez de paxaros. Cada coñecemento que un adquire, encérrase na gaiola e dise que ese aprendeu ou descubriu o asunto do que trata o coñecemento, e que iso é coñecer.

Teeteto- É así.

(198 a) **Sócrates-** E agora, mira a ver qué nomes lle hai que poñer a cazar o coñecemento que un quere, pillalo e telo e deixalo de novo, se os mesmos de antes, cando se acadou a posesión, ou outros distintos. Entenderás mellor o que digo co seguinte. Ti dis que a aritmética é unha arte?

Teeteto- Si.

Sócrates- Pon logo que esta arte é a caza dos coñecementos do par e o impar na súa totalidade.

Teeteto- Poño.

Sócrates- Eu entendo que con esta arte un ten á man os coñecementos dos números (198 b) e llos transmite a outro cando quere.

Teeteto- Si.

Sócrates- E dicimos que un ensina cando os transmite, aprende cando os recibe e coñece cando os ten porque os posuía no pombal.

Teeteto- Abofé.

Sócrates- Atende agora ao seguinte. O que domina por completo a aritmética coñecerá tódolos números, non si? Pois os coñecementos de tódolos números están na súa alma.

Teeteto- E logo non?

(198 c) **Sócrates-** E un individuo así non podería contar os números para os seus adentros ou ben calquera cousa externa que teña cantidade?

Teeteto- E como non?

Sócrates- Daremos por sentado que contar non é outra cousa que investigar cal vén sendo a magnitude dun número.

Teeteto- Así é.

Sócrates- Daquela parece evidente que ese individuo que coñece, xa que acordamos que sabía tódolos números, investiga coma se non os soubese. Se cadra xa tes escoitado controversias coma estas.

Teeteto- Escoitei.

(198 d) **Sócrates-** Pois comparando coa posesión e a caza das pombas, diremos que hai dúas clases de caza, a que se produce antes de posuír, encamiñada a acadar a posesión, e a que se produce despois de ter acadada a posesión, encamiñada a coller e ter nas mans o que se posuíu antes. Pasa así tamén cos coñecementos acadados hai tempo, porque se aprenderon, e co que xa está sabido, porque, non é certo que se poden aprender de novo as mesmas cousas, volvendo a coller e tendo o coñecemento de cada unha delas xa posuído de antemán, pero que non se tiña presente no pensamento?

Teeteto- Certo.

(198 e) **Sócrates-** Isto é o que preguntaba hai un momento: qué palabras cómpre empregar para falar do aritmético cando se pon a botar contas e do gramático cando se pon a ler algo. Neste caso, como xa ten coñecemento, seica vai aprender de novo de si mesmo aquilo que xa tiña coñecido?

Teeteto- Sería raro, Sócrates.

Sócrates- Daquela, diremos que van ler e contar o que non saben, (199 a) despois de lles concedermos o coñecemento de tódalas letras e tódolos números?

Teeteto- Pero iso tamén sería ilóxico.

Sócrates- Queres que digamos que non nos importan os nomes, nin que un se divirta violentando os termos coñecer e aprender, dado que nós determinamos que unha cousa é posuír o coñecemento e outra telo e afirmamos que é imposible non posuír o que un xa posúe, de xeito que non se dá o caso de non saber o que se sabe, pero, pola contra, si é posible acadar opinión falsa a ese respecto? (199 b) Pois, efectivamente, é posible non ter o coñecemento dunha cousa, senón outro no seu canto, cando alguén caza un dos coñecementos que andan a revoar, pero se trabuca e colle un por outro, coma cando confunde o once co doce, collendo o coñecemento que ten do once en lugar do coñecemento do doce, o mesmo que se pillase un pombo no canto dunha pomba.

Teeteto- De certo ten lóxica.

Sócrates- Pero cando un colle o que pretendía coller, daquela non se engana e opina o que realmente é. Deste xeito hai opinións verdadeiras e falsas (199 c) e xa desaparecen as dificultades de antes, non si? Posiblemente estarás de acordo comigo; ou que farás?

Teeteto- Estou.

Sócrates- E tamén evitamos iso de non coñecer o que se coñece. Pois iso de non posuír o que se posúe non pode ocorrer nunca, esteamos ou non enganados. Pero paréceme a min que se nos vai presentar un caso aínda máis raro.

Teeteto- Cal?

Sócrates- Que o intercambio dos coñecementos poida chegar a ser opinión falsa.

Teeteto- Como?

(199 d) **Sócrates-** En primeiro lugar, é raro que un que ten coñecemento de algo descoñeza iso mesmo, non por ignorancia,

senón polo seu propio coñecemento, e despois que opine unha cousa por outra e outra por unha. Como no vai ser un completo absurdo que a alma non coñeza nada e ignore todo, estando presente o coñecemento? Conforme este razoamento nada impide que a ignorancia, ao estar presente, nos faga coñecer, e a cegueira ver, visto que tamén o coñecemento nos fai ignorantes.

(199 e) **Teeteto**- Se cadra, Sócrates, non fixemos ben en poñer os paxaros só como coñecementos e cumpría poñelos tamén como ignorancias a revoaren canda eles na alma. E así, o que anda a cazar, unhas veces pillas o coñecemento e outras a ignorancia da mesma cousa e coa ignorancia acadaría a opinión falsa e co coñecemento a verdadeira.

Sócrates- Custa caro non te gabar, Teeteto, pero analiza novamente o que dixeches. Poñamos que é como ti dis. O que pillas a ignorancia, (200 a) dis ti, terá opinión falsa. Non si?

Teeteto- Si.

Sócrates- E por suposto non crerá tampouco que a súa opinión é falsa.

Teeteto- Como o ía crer?

Sócrates- Por contra, crerá que é verdadeira e procederá coma se tivese coñecemento das cousas nas que se enganou.

Teeteto- E logo?

Sócrates- Daquela pensará que ten pillado o coñecemento e non a ignorancia.

Teeteto- Evidentemente.

Sócrates- Así é que, despois de tanta volta, chegamos de novo á confusión do principio. E aquel noso contraditor dirá rindo: (200 b) “Amigos egregios, un que coñece ámbalas dúas cousas, o coñecemento e a ignorancia, confunde unha que coñece con outra que tamén coñece? Ou, se non coñece ningunha delas, opina que a que non coñece é outra distinta que tampouco coñece? E se coñece unha e non a outra, confunde a que coñece coa que non coñece? Ou considera que

a que non coñece é a que coñece? Ou ídesme dicir outra vez que hai coñecementos dos coñecementos e das ignorancias e que aquel que os posúe os ten gardados noutros ridículos pombais (200 c) ou en bolos de cera e os coñece, mentres os posúa, aínda sen os ter na alma á man? E así as cousas, teredes por forza que dar miles de voltas arredor do mesmo sen conseguir nada?”. Que lle imos responder a isto, Teeteto?

Teeteto- Pero por Zeus, Sócrates; eu non sei qué cómpre dicir.

Sócrates- Non será, filliño, que o noso argumento nos castiga oportunamente e nos indica que non temos razón cando buscamos a opinión falsa antes do coñecemento, sen termos en conta este? (200 d) Pois é imposible entendela sen ter aprehendido dabondo qué é o coñecemento.

Teeteto- Neste caso, Sócrates, por forza hai que pensar como ti dis.

Sócrates- Volvendo daquela ao principio, que diremos que é o coñecemento? Porque non iremos abandonar isto?

Teeteto- De ningún xeito, non sendo que ti teñas algo que obxectar.

Sócrates- Daquela dime, cal sería a mellor definición para nos contradicir o menos posible?

(200 e) **Teeteto-** A que intentamos antes, Sócrates; pois eu pola miña parte non teño outra.

Sócrates- Cal?

Teeteto- Que a opinión verdadeira é coñecemento. Pois na opinión verdadeira non hai erro e todo o que nace dela resulta fermoso e bo.

Sócrates- O guía para cruzar o río, Teeteto, dicía que o paso se manifestaría de seu. E no noso caso, se imos e investigamos, (201 a) poida que o que buscamos apareza e veña bater en nós. Pero se ficamos quietos, nada quedará claro.

Teeteto- Tes razón no que dis, así que sigamos a investigar.

Sócrates- A investigación disto será curta. Pois hai unha disciplina enteira que che indica que iso non é coñecemento.

Teeteto- Como? E cal é?

Sócrates- A dos máis destacados en sabedoría, eses ós que chaman oradores e avogados. Eles, coa súa arte, convencen, pero non ensinando, senón facendo que se teñan as opinións que eles queiran. Ou pensas ti que hai mestres tan habelenciosos, (201 b) como para seren quen de ensinaren cumpridamente, no tempo dunha pouca auga⁴⁴, a verdade do acontecido, a aqueles que non estiveron presentes en roubos de cartos ou en calquera outro suceso violento?

Teeteto- Non penso iso de ningunha maneira; o que fan é persuadir.

Sócrates- E non dis ti que persuadir é facer que se teñan opinións ?

Teeteto- E logo?

Sócrates- Daquela cando os xuíces quedan convencidos en xustiza de cousas que só se poden saber véndoas, non de ningunha outra maneira, neses casos emiten xuízo sobre elas de oídas, (201 c) acadan unha opinión verdadeira e vulgan sen coñecemento, e mesmo así sentencian con acerto, porque foron convencidos correctamente, non si?

Teeteto- Con toda seguridade.

Sócrates- Non, amiguiño, se nos tribunais a opinión verdadeira e o coñecemento fosen a mesma cousa, o xuíz máis sobranceiro non podería ter opinións correctas sen coñecemento. Pero de feito parecen dúas cousas diferentes.

Teeteto- Estoume decatando agora, Sócrates, dunha cousa que lle sentira eu dicir a un e que me esquecera. Dicía que a opinión verdadeira con explicación racional é coñecemento, (201 d) e sen explicación racional queda fóra do coñecemen-

⁴⁴ Referencia á auga da clepsidra que limitaba o tempo da intervención dos oradores nos xuízos.

to e as cousas das que non hai explicación racional son incoñecibles, así lles chamaba, e as que a teñen son coñecibles.

Sócrates- Ben dis, pero dime como distinguía o que é coñecible e o que non o é, por se ti e mais eu escoitamos o mesmo.

Teeteto- Non sei se o poderei recordar, pero se outro o di, penso que o seguiría.

Sócrates- Escóitame logo un soño no canto doutro soño. Tamén eu creo ter sentido a algúns (201 e) que os primeiros elementos, por así chamalos, dos que estamos formados nós e tódalas demais cousas, non teñen explicación racional. Cada un deles só pode ser nomeado en si mesmo, e non se pode dicir ningunha outra cousa deles, nin tan sequera que existen ou que non existen, (202 a) pois iso sería apoñerlles o ser ou o non ser e cómpre non lles engadir nada, se se vai falar só deles en si mesmos. E tampouco lles hai que achegar termos coma “mesmo”, “aquele”, “cada”, “só”, “este”, ou calquera outro parecido. Pois estes termos, que andan arredor de todo, engádenselle a todo, sendo diferentes das cousas ás que se xuntan. Se fose posible definilos en si mesmos e tivesen cada un a súa explicación propia, cumpriría definilos fóra de tódalas demais cousas. (202 b) Pero vimos de dicir que é imposible que calquera dos elementos primeiros poida ser expresado mediante unha definición. A eles non lles cabe máis ca seren nomeados –pois só teñen nome-. Pero igual que os elementos forman cousas complexas, tamén os seus nomes enlazan uns cos outros e chegan a ser unha definición. Pois o enlace de nomes é a esencia dunha definición. De maneira que os elementos son indefinibles e incognoscibles, aínda que son perceptibles. Pola contra, os complexos son cognoscibles, expresables e obxecto de opinión verdadeira. Daquela cando se acada opinión verdadeira dalgunha cousa, pero sen explicación racional, (202 c) a alma di unha verdade sobre ela nun punto concreto, pero non ten coñecemento. Pois o que non pode dar nin recibir unha explicación

racional dunha cousa, carece de coñecemento sobre ela. En cambio, se lle achega unha explicación racional, todo se lle vira posible e posúe cumpridamente o coñecemento. Foi así o que escoitaches en soños ou foi doutra maneira?

Teeteto- Foi exactamente así.

Sócrates- Daquela compráche a explicación e defendes que a opinión verdadeira con explicación racional é o coñecemento?

Teeteto- Abofé que si.

(202 d) **Sócrates-** Será o caso, Teeteto, de termos acadado agora neste día o que buscaban desde hai tempo moitos sabios que envelleceron sen o atoparen?

Teeteto- Pola miña parte, Sócrates, penso que o que agora se dixo ben dito está.

Sócrates- E se cadra iso é así. Pois, que clase de coñecemento podería haber sen explicación racional e sen opinión verdadeira? Con todo hai unha soa cousa do que se dixo que me deixa insatisfeito.

Teeteto- E logo cal é?

Sócrates- O que parecía ser o máis enxeñoso do que se dixo: que os elementos son incognoscibles, (202 e), pero o xénero dos complexos é cognoscible.

Teeteto- Seica non é correcto?

Sócrates- Hai que comprobalo, pois como peñores da teoría temos os exemplos que se empregaron para formular todo isto.

Teeteto- Cales?

Sócrates- Os elementos primeiros da escrita, as letras, e as súas combinacións en sílabas. Ou pensas ti que o que formulou isto do que falamos tiña a vista noutra cousa cando o formulou?

Teeteto- Non, tíña a nesta.

(203 a) **Sócrates-** Daquela, retomemos os exemplos e poñámo-los a proba, ou mellor probémonos nós mesmos, para ver se

aprendemos as letras así ou doutra maneira. Para comezar é certo que as sílabas teñen explicación racional, mentres que as letras son inexplicables?

Teeteto- Seica.

Sócrates- De certo a min tamén mo parece. Se un che fixese esta pregunta sobre a primeira sílaba de Sócrates: “Teeteto, dime, que é So?”, que responderías?

Teeteto- Que é “S” e mais “O”.

Sócrates- E non é esa a explicación que ti lle dás á sílaba?

Teeteto- É.

(203 b) **Sócrates-** Veña logo, dáme tamén unha explicación así para o “S”.

Teeteto- E como se van explicar os elementos dun elemento? De feito, Sócrates, o “S” é unha consoante, só un ruído, coma se asubíase a lingua. En cambio o “B”, non é nin vogal nin ruído, que é o que ocorre coas máis das letras. Por iso está moi ben dicir que son inexplicables, pois mesmo as máis claras delas, as sete vogais, non teñen máis ca son, pero non hai explicación ningunha para elas.

Sócrates- Daquela, amiguiño, tocante ao coñecemento, estive-mos atinados nisto.

Teeteto- Parece.

(203 c) **Sócrates-** E logo? Determinamos con razón que a letra non é cognoscible, mentres que a sílaba si?

Teeteto- É posible.

Sócrates- Veña logo. Dicimos que a sílaba son as dúas letras, ou todas, caso de ter máis de dúas, ou dicimos que é unha forma única resultante da unión delas?

Teeteto- A min parécese que é tódalas letras.

Sócrates- Repara logo nas dúas letras, o “S” e mais o “O”. Ambas son a primeira sílaba do meu nome. O que coñece a sílaba, coñece tamén as dúas letras non si?

(203 d) **Teeteto-** Como non?

Sócrates- Daquela coñece o “S” e mais o “O”.

Teeteto- Si.

Sócrates- Como é posible? Descoñece cada unha e sen coñecer ningunha coñece ámbalas dúas?

Teeteto- Pero iso é estraño e ilóxico, Sócrates.

Sócrates- Mais, se para coñecer ámbalas dúas cómpre coñecer cada unha delas, daquela, o que vai coñecer unha sílaba, por forza ten que coñecer previamente tódalas letras, e así a nosa fermosa teoría foxe e esváese.

(203 e) **Teeteto-** E ben axiña.

Sócrates- Pois será que non a defendemos como é debido. Se cadra cumpría supoñer que a sílaba non é as letras, senón unha forma única que resulta delas, con identidade propia e distinta das letras.

Teeteto- De certo. Poida que sexa mellor así que da outra maneira.

Sócrates- Hai que investigalo e non desbotar con tanta covardía unha teoría grande e respectable.

Teeteto- Claro que non.

(204 a) **Sócrates-** Poñamos logo, como vimos de dicir agora, que o complexo é unha identidade única que resulta do artellamento de cada un dos elementos primeiros, e isto é así para as letras e para todo o demais.

Teeteto- Poñámolo así.

Sócrates- Daquela non ten que ter partes.

Teeteto- E logo?

Sócrates- Porque a totalidade de algo que ten partes é por forza a suma das partes. Ou é que ti dis que a totalidade que resulta das partes é unha forma única distinta da suma das partes?

Teeteto- Eu si.

Sócrates- Estás a dicir logo que a suma e a totalidade son a mesma cousa (204 b) ou son cousas diferentes?

Teeteto- Non teño ningunha seguridade, pero como me mandas que me atreva a responder, corro o risco e digo que son diferentes.

Sócrates- Os azos están ben, Teeteto, pero hai que investigar se tamén a túa resposta o está.

Teeteto- Claro que o hai que facer.

Sócrates- Daquela, conforme a túa teoría de agora, a totalidade podería ser diferente da suma?

Teeteto- Si.

Sócrates- E logo? É que a suma e o todo son diferentes? Poñamos por caso, cando dicimos “un, dous, tres, catro, cinco, seis” ou (204 c) “dúas veces tres” ou “tres veces dous” ou “catro máis dous” ou “tres máis dous máis un”, en todos estes exemplos dicimos o mesmo ou algo diferente?

Teeteto- O mesmo.

Sócrates- Seica é algo distinto de “seis”?

Teeteto- Non.

Sócrates- E con cada expresión non estamos a dicir que o total é “seis”?

Teeteto- Si.

Sócrates- E cando aludimos a tódalas partes, non estamos a aludir á totalidade?

Teeteto- Por forza.

Sócrates- Seica é algo distinto de “seis”?

Teeteto- Non.

(204 d) **Sócrates-** Daquela, naqueles casos que impliquen número, dicirmos tódalas partes e a totalidade é o mesmo?

Teeteto- Claro.

Sócrates- Falemos logo deles. O número do plectro e o plectro⁴⁵ son a mesma cousa, non si?

Teeteto- Si.

Sócrates- E no caso do estadio⁴⁶ tamén é así.

Teeteto- Si.

⁴⁵ Como o plectro é unha medida de lonxitude equivalente a cen pés, ao dicir “número do plectro” estase a referir a número de pés que contén.

⁴⁶ O estadio é tamén unha medida de lonxitude, equivalente a seis pletros.

Sócrates- E no número do exército e o exército, e en tódolos demais casos parecidos, non é así? Pois o número total é sempre o ser total das cousas.

Teeteto- Si.

(204 e) **Sócrates-** E o número de cada cousa será algo diferente das partes desa cousas?

Teeteto- Non.

Sócrates- Daquela todo o que ten partes estaría formado por partes?

Teeteto- Claro.

Sócrates- Quedou acordado que as partes todas son a suma, se o número total é tamén a suma.

Teeteto- Así é.

Sócrates- Daquela a totalidade non está formada por partes, pois de ser un composto de tódalas partes, sería a suma.

Teeteto- Parece que non.

Sócrates- Unha parte pode ser parte doutra cousa que non sexa a totalidade?

Teeteto- Da suma.

(205 a) **Sócrates-** Deféndeste con afouteza, Teeteto. Pero a suma non é precisamente unha suma cando non lle falta nada?

Teeteto- Por forza.

Sócrates- E a totalidade non será o mesmo, iso ao que non lle falta nadiña de nada? E caso de lle faltar algo, non sería nin a suma nin a totalidade, pois en ámbolos casos o resultado desa carencia sería o mesmo, non si?

Teeteto- Agora xa me parece que entre a suma e a totalidade non hai diferenza.

Sócrates- Non dicíamos que, cando algo ten partes, a suma e a totalidade serán tódalas partes?

Teeteto- Certo.

Sócrates- Volvendo ao que trataba de dicir hai un pouco, (205 b) non é certo que se a sílaba non é as súas letras, por forza

ela non ten as letras como partes de si mesma, ou que, de ser o mesmo ca elas, será tan cognoscible coma elas?

Teeteto- Así é.

Sócrates- E non establecemos, para que isto non ocorrese, que é distinta dos seus elementos?

Teeteto- Si.

Sócrates- E logo? Se as letras non son partes da sílaba, pódeme dicir outros elementos que sexan partes da sílaba, xa que os seus elementos non o son?

Teeteto- De ningún xeito. Pois de admitir nela partes de calquera tipo, Sócrates, sería ridículo desbotar os seus elementos e ir na procura doutros.

(205 c) **Sócrates-** Daquela, Teeteto, segundo a túa teoría actual, a sílaba sería, con toda seguridade, unha forma única e sen partes.

Teeteto- Así parece.

Sócrates- Lembras, meu amigo, que hai pouco, pensando que a nosa formulación era correcta, aceptabamos que os elementos primeiros dos que se formaban as demais cousas non tiñan explicación racional, porque cada un é indivisible en por si e non sería correcto falar deles apoñéndolle termos coma “ser” ou “este”, que expresan cousas distintas e alleas a eles, e que esta é a causa que os fai inexplicables e incognoscibles?

Teeteto- Lembro.

(205 d) **Sócrates-** A causa é que son formas únicas e indivisibles, ou hai outra? Eu pola miña parte non a vexo.

Teeteto- Non parece.

Sócrates- Daquela non veu caer a sílaba na mesma categoría cós elementos, xa que non ten partes e é unha forma única?

Teeteto- Con toda seguridade.

Sócrates- Logo se a sílaba é moitas letras e un todo, formado por esas partes, daquela as sílabas e as letras serán igualmente cognoscibles e expresables, xa que as partes todas son o mesmo cá totalidade.

(205 e) **Teeteto**- Abofé.

Sócrates- Pero se é algo único e sen partes, daquela a sílaba, igual cás letras, é inexplicable e incognoscible. Pois a causa que os fai así é a mesma.

Teeteto- Non podo dicir outra cousa.

Sócrates- Xa que logo, non consintamos que ninguén diga que a sílaba é cognoscible e expresable, pero en cambio as letras non.

Teeteto- Claro que non, se é que nos convence o razoamento.

(206 a) **Sócrates**- E logo? Non admitirías mellor que se afirmase o contrario, se lembrases a túa experiencia da aprendizaxe da lectura?

Teeteto- Que teño que lembrar?

Sócrates- Cando andabas a aprender as letras, non facías máis que tratar de distinguir pola vista e mais polo oído cada unha delas en si mesma, para non te trabucares coa súa posición na pronuncia e na escrita.

Teeteto- Totalmente certo o que dis.

Sócrates- E ter aprendido cumpridamente a arte do citarista, seica é outra cousa que poder seguir cada nota (206 b) e determinar de que corda sae? Non estaría de acordo todo o mundo coa afirmación de que eles son os elementos da música?

Teeteto- Non son outra cousa.

Sócrates- Logo, caso de ter que axuizar o resto das cousas a partir da experiencia que temos dos elementos e dos complexos, haberá que dicir que o coñecemento da clase dos elementos é moito máis claro e importante có coñecemento dos complexos, se se quere aprender cumpridamente unha disciplina, e se alguén di que o complexo é cognoscible de seu e o elemento incognoscible, pensaremos que está de leria, con intención ou sen ela.

Teeteto- Totalmente.

(206 c) **Sócrates**- Polo que me parece, aínda poderían aparecer outras probas, ademais desta. Pero por examinalas, non vaíamos esquecer o que antes nos propuxemos examinar, a saber: qué é o que quere dicir que o coñecemento máis perfecto resulta de xuntar explicación racional con opinión verdadeira.

Teeteto- De certo cómpre examinalo.

Sócrates- Veña logo. Que se nos quere dar a entender con “explicación racional”? A min pézeme que quere dicir unha destas tres cousas.

Teeteto- Cales?

(206 d) **Sócrates**- A primeira sería a de expresar o pensamento propio por medio da voz con verbos e nomes, plasmando a opinión na corrente que flúe a través da boca, coma nun espello ou na auga. Non che parece que a “explicación racional” é algo así?

Teeteto- A min si. Polo menos dicimos que o que fai isto “emite unha explicación”.

Sócrates- Isto, de seguro, é algo que todo o mundo é quen de facer, máis axiña ou máis devagar: amosar o seu parecer sobre unha cousa, de non ser mudo ou xordo de nacemento. (206 e) E así, todos cantos teñen opinión recta, é evidente que a teñen vencellada a unha explicación racional, e non hai xeito de que se forme unha opinión recta allea ao coñecemento.

Teeteto- É verdade.

Sócrates- Pero non debemos acusar con tanta facilidade de non dicir nada a ese que deu a definición de coñecemento que agora estamos a examinar; pois se cadra non quixo dicir isto, senón máis ben que cando se pregunta qué é algo, un ten que ser quen (207 a) de lle dar resposta a aquel que lle pregunta botando man dos elementos.

Teeteto- Como por exemplo, Sócrates?

Sócrates- Coma tal, cando Hesíodo di, falando dun carro, iso de “cen son as pezas dun carro”⁴⁷. Eu non sería quen de as

⁴⁷ Hesíodo, *Traballos e Días* 456.

dicir e penso que ti tampouco. Pero caso de se nos preguntar qué é un carro, quedaríamos satisfeitos se puidésemos dicir rodas, eixo, chedeiro, canizas, xugo.

Teeteto- De acordo.

Sócrates- Se cadra pensaría que somos ridículos, o mesmo que se ao se nos preguntar polo teu nome respondésemos por sílabas, (207 b) e se por opinarmos rectamente e dicirmos o que dicimos, nos crésemos gramáticos e pensásemos ter e enunciar a explicación gramatical do nome de Teeteto. Pois non hai explicación racional desde o coñecemento, sen antes percorrer cada cousa a través dos seus elementos e coa opinión verdadeira, que é precisamente o que tamén se dixo antes.

Teeteto- Dixo.

Sócrates- Así tamén, tocante ao carro, pensaría que nós temos opinión recta; pero aquel que pode percorrer a súa esencia a través daquelas cen partes, (207 c) con este engadido suma unha explicación racional á opinión verdadeira e así, no canto de emisor de opinións, vírase entendido e posuidor do coñecemento da esencia do carro, percorrendo o todo a través dos seus elementos.

Teeteto- E non che parece ben, Sócrates?

Sócrates- Se a ti cho parece, amiguiño, e admites que a descrición de cada cousa a través dos seus elementos é unha explicación racional. Pero se por contra pensas que a descrición por medio de complexos, ou de algo aínda máis grande, é unha senrazón, (207 d) daquela dimo para o examinarmos.

Teeteto- Pero claro que o admito.

Sócrates- Porque pensas que un ten coñecemento de calquera cousa, cando lle parece que unha mesma cousa pertence por veces a un obxecto e por veces a outro, ou cando opina que o mesmo obxecto está formado por cousas diferentes segundo os momentos?

Teeteto- Non, por Zeus.

Sócrates- Esqueces que na aprendizaxe das letras ao primeiro ti e mais os outros faciades isto mesmo?

Teeteto- Seica estás a dicir que á mesma sílaba tanto lle adxudicamos unha letra coma outra (207 e) e que poñiamos a mesma letra por veces na sílaba que cumpría e por veces noutra?

Sócrates- Iso é o que digo.

Teeteto- Por Zeus, non o esquecín e non creo que os que se atopan neste caso posúan o coñecemento.

Sócrates- E daquela? Cando, nunha ocasión parecida, un que está a grafar “Teeteto” pensa que cómpre grafar e grafa Th e mais E, (208 a) e cando intenta grafar “Teodoro” pensa que cómpre grafar e grafa T e mais E, seica imos dicir que ten coñecemento da primeira sílaba dos vosos nomes?⁴⁸

Teeteto- Pero xa acordamos hai un pouco que un que estea neste caso aínda non posúe o coñecemento.

Sócrates- Hai algún atranco para que proceda da mesma maneira tocante á segunda, á terceira e á cuarta sílaba?

Teeteto- Ningún.

Sócrates- Daquela, tendo a descrición da palabra por medio dos seus elementos, grafará a palabra “Teeteto” con opinión recta, cando a grafe na disposición debida?

Teeteto- Evidentemente.

(208 b) **Sócrates-** E non é certo que, aínda opinando rectamente, non posúe o coñecemento, como dicimos?

Teeteto- Si.

Sócrates- Pero ten explicación racional do teu nome con opinión recta, pois escribiuno facendo un percorrido polas letras, que é o que acordamos que era unha explicación racional.

Teeteto- É verdade.

Sócrates- Logo, amiguíño, existe opinión recta con explicación racional, á que cómpre non chamar aínda coñecemento.

⁴⁸ Os nomes Teeteto e Teodoro en grego teñen a mesma sílaba inicial “The”. Xa que logo, un que escriba o primeiro correctamente con “The” e o segundo incorrectamente con “Te” é que non ten coñecemento das letras.

Teeteto- Pode ser.

Sócrates- Daquela, polo que parece, botamos as contas da vella ao cremos que xa tiñamos a máis verdadeira definición do coñecemento. Ou aínda non é cousa de a condenar? (208 c) Porque, se cadra, non sería esa a clase de explicación, senón a terceira das tres que dicíamos, que será a que terá que dar como explicación aquel que define o coñecemento como opinión recta acompañada dunha explicación racional.

Teeteto- Vén ao caso que a recordes, pois efectivamente falta unha. A primeira viña sendo coma unha representación do pensamento na voz, a segunda a que acabamos de explicar: un percorrido cara ao todo a través dos elementos. E cal dis ti que é a terceira?

Sócrates- O que diría o máis da xente: poder mencionar un trazo que diferencie a cousa en cuestión de tódalas demais.

Teeteto- Con que me podes ilustrar unha explicación de algo así?

(208 d) **Sócrates-** Coma tal, o caso do sol, se ti queres; ti admírtirías, penso eu, que abonda con dicir que é o máis brillante dos corpos que andan polo ceo arredor da terra.

Teeteto- Abofé que si.

Sócrates- Escoita logo por que cho dixen. É o que dicíamos hai un pouco, que cando captas a diferenza que distingue cada cousa das demais, acadas, como din algúns, a razón; mentres que cando colles algún trazo común, terás razón de todas aquelas cousas que o comparten.

(208 e) **Teeteto-** Entendo e páreceme ben chamarlle a iso razón.

Sócrates- Pero aquel que, xunto coa opinión recta sobre unha cousa, capte tamén a diferenza que ten coas demais, terá coñecemento de algo do que antes só tiña opinión.

Teeteto- Así o afirmamos.

Sócrates- Pois abofé que agora, Teeteto, pásame talmente coma se me achegase a unha pintura en perspectiva: ao estar preto desta afirmación, non entendo nin chisco, mentres que, cando estaba lonxe, parecíame ver algo que tiña sentido.

Teeteto- Como é a cousa?

(209 a) **Sócrates-** Voucho dicir, se son quen. Se á opinión recta que teño sobre ti, lle achego a explicación axeitada, daquela teño coñecemento de ti, senón unicamente opinión.

Teeteto- Si.

Sócrates- A explicación é a expresión do que te fai diferente.

Teeteto- Así é.

Sócrates- Daquela cando só opinaba, non captaba no pensamento nada do que te fai diferente dos demais, non si?

Teeteto- Parece que non.

Sócrates- Logo eu tiña no pensamento os trazos comúns, que tanto tes ti coma calquera outro.

(209 b) **Teeteto-** Por forza.

Sócrates- ¡Vaia por Zeus! Nese caso, como podería eu opinar máis de ti que de calquera outro? Pon que eu estou a pensar que este é Teeteto, que é un ser humano, e ten nariz, ollos e boca, e así un por un tódolos demais membros. Seica este pensamento me vai facer pensar máis en Teeteto que en Teodoro ou que no último dos Misios, como de común se di⁴⁹?

Teeteto- E logo?

Sócrates- Pero caso de pensar non só no que ten nariz e ollos, (209 c) senón tamén no que é nafro ou de ollos bugallentos, opinarei máis de ti que de min ou que doutros que son parecidos?

Teeteto- Non.

Sócrates- Non terei opinión de Teeteto, penso eu, se a súa nafrez non deixa antes gravado en min un recordo que a distinga doutros narices nafros que eu vin –e outro tal para os demais trazos teus-, de xeito que, caso de me atopar contigo mañá, traia ata min o teu recordo e me faga ter opinións rectas sobre ti.

⁴⁹ “O último dos misios” é un proverbio grego para referirse á cousa máis desprezable e insignificante. Conta Apostolio VII 100 que cando o heroe Télefo pregunta ao oráculo de Delfos pola identidade dos seus pais e onde podería atopalos, este responde que se dirixa ao último dos misios. Obedecendo ao oráculo, Télefo chega á afastada Misia, onde atopa a súa nai Auxe.

Teeteto- Totalmente certo.

(209 d) **Sócrates-** Daquela a opinión recta sería tamén tocante ao que ten de distintivo cada cousa.

Teeteto- Así parece.

Sócrates- Que viría sendo logo iso de engadir unha explicación á opinión recta? Se queres dicir acompañala co que a distingue das demais cousas, o requisito resultaría ridículo de mais.

Teeteto- Como?

Sócrates- Pois a aquelas cousas das que temos opinión recta de aquilo que as distingue das demais, estamos obrigados a engadir outra opinión recta de aquilo que as distingue das demais. E así as voltas da escítala⁵⁰, do mazarelo ou doutro aparello calquera que de común se di, (209 e) non son nada en comparanza co requisito este. Sería máis xusto chamalo consello de cego, pois o requisito de engadir o que xa temos, para aprendermos aquilo do que temos opinión, mesmo parece andar ás apalpadelas.

Teeteto- Dime logo a onde querías chegar coas túas preguntas?

Sócrates- Se engadir unha explicación, meu neno, implica coñecer a diferenza, e non só ter opinión dela, esta, que temos pola máis fermosa explicación do coñecemento, sería un agradable acontecemento. Pois coñecer (210 a) é dalgún xeito acadar o coñecemento, non si?

Teeteto- Si.

Sócrates- Daquela cando a un se lle pregunta que é o coñecemento, ten que responder, polo que parece, que é opinión recta xunto con coñecemento da diferenza. Pois, conforme a aquela definición, engadir unha explicación querería dicir isto.

Teeteto- Parece.

⁵⁰ A escítala é un pau no que os lacedemonios envolvían unha tira de tea sobre a que escribían unha mensaxe. O receptor da tira necesitaba unha escítala de iguais medidas para poder lela. Era un xeito de enviar mensaxes secretas.

Sócrates- Daquela, estando nós a investigar o coñecemento, é unha parvada total dicir que é opinión recta con coñecemento da diferenza ou de calquera outra cousa. Xa que logo, Teeteto, o coñecemento non podería ser nin percepción, (210 b) nin opinión verdadeira, nin explicación con opinión verdadeira.

Teeteto- Parece que non.

Sócrates- Daquela, tocante ao coñecemento, aínda estamos preñados de algo e sufrimos as dores do parto, amiguíño, ou xa parimos todo?

Teeteto- Por Zeus, eu pola miña parte, grazas a ti, xa dixen máis do que tiña dentro de min.

Sócrates- E non nos di a nosa arte de partear que todo isto resultou criatura goroliza que non paga a pena alimentar?

Teeteto- Totalmente.

Sócrates- Se despois disto intentas concibir outras ideas, (210 c) Teeteto, e de feito chegas a concibilas, estarás preñado de cousas mellores grazas a esta investigación de agora; pero caso de ficares baleiro, serás menos pesado e mesmo máis dado para os que tratan contigo, xa que, asisadamente, non crerás que sabes o que non sabes. Isto é o único que pode facer a miña arte, máis nada, pois non sei nada do que saben os demais, eses homes grandes e admirables que son e foron. Miña nai e mais eu recibimos esta arte de partear da divindade, ela exercea coas mulleres (210 d) e eu cos mozos de carácter nobre e posuidores de beleza. Agora téñome que presentar no Pórtico do Rei polo da acusación que presentou Meleto⁵¹ contra min, pero pola mañanciña, Teodoro, atoparémonos de novo aquí.

⁵¹ Poeta ateniense de méritos cativos. No ano 399 a.C., secundado por Ánito e Licón, presentou a acusación de impiedade e corrupción de mozos contra Sócrates. O seu papel neste proceso deulle unha sona que nunca tería acadado coas súas traxedias mediocres.

la opia ei
cia. v De
ionitas inf

A marca tipográfica desta colección procede da viñeta utilizada por Gonzalo Rodríguez de la Pasera no deseño do *Missale Auriense*, un dos primeiros libros impresos en Galicia, realizado en Monterrei en 1493.

CLÁSICOS DO
PENSAMENTO UNIVERSAL

TÍTULOS PUBLICADOS

Nicolás Maquiavelo. *O príncipe*

Tradución de Isabel González Fernández

Prólogo de Manuel M. de Artaza Montero

Claude Bernard. *Introducción ó estudio da medicina experimental*

Tradución de Xesús Otero Costas

Prólogo de Carlos Acuña Castroviejo

Aristóteles. *Política*

Tradución de Juan José Moralejo Álvarez

Prólogo de Pedro López-Barja de Quiroga

Charles Darwin. *A orixe das especies*

Tradución de Emilio Valadé del Río

Prólogo de Francisco Díaz-Fierros Viqueira

Isaac Newton. *O sistema do mundo*

Tradución de José Manuel Díaz de Bustamante

Prólogo de Carlos Pajares Vales

Erasmus de Rotterdam. *Eloxio da loucura*

Tradución de Manuel Enrique Vázquez Buján

Prólogo de Ofelia Rey Castelao

Jean-Jacques Rousseau. *Emilio ou da educación*

Tradución de Hernique Harguindey

Prólogo de Herminio Barreiro

John von Neumann. *O computador e o cerebro*

Tradución de Elisardo Antelo Suárez

Prólogo de Senén Barro Ameneiro

Max Weber. *A ética protestante e o «espírito» do capitalismo*

Prólogo de Ramón Máiz

Tradución de Xosé Manuel García

DE PRÓXIMA APARICIÓN

Sigmund Freud. *Introducción a Psicanálise*

Tradución de M^a José Noya Ansedo

Prólogo de Fernando Márquez Gallego

Antoine de Lavoisier. *Tratado de Química Elemental*

Tradución de Sergio Casas Fernández

Prólogo de Manuel Bermejo Patiño

